

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XI lexislatura
Serie Pleno
Número 119

Sesión plenaria
22 de marzo de 2023

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA (continuación)

Punto 4. Interpelacións

4.1 6169 (11/INT-000413)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e dezaioito deputados/as máis

Sobre a política do Goberno galego en relación coa planta xudicial en Galicia.

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 59, do 09.12.2020

4.2 50359 (11/INT-002412)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e dous deputados/as máis

Sobre a aprobación do Consello de Informativos e o Estatuto profesional na Corporación de Radio e Televisión de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 461, do 01.03.2023

4.3 50750 (11/INT-002432)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e dous deputados/as máis

Sobre o mercado de traballo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 465, do 08.03.2023

Punto 5. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia

5.1 51348 (11/POPX-000099)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre as medidas de axuda que ten previsto adoptar o Goberno galego para mellorar a situación económica actual da sociedade galega

Publicación da iniciativa, BOPG nº 467, do 15.03.2023

5.2 51355 (11/POPX-000100)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana

Sobre as previsións de solicitarlle ao Goberno central a retirada do Plan de Ordenación do Espazo Marítimo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 467, do 15.03.2023



Punto 6. Preguntas ao Goberno

6.1 51321 (11/PUP-000314)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Sanz Arias, Cristina e seis deputados/as máis

Sobre a valoración polo Goberno galego da falla de confirmación por parte do Goberno de España da financiamento e localización dunha fábrica de fibras téxtiles de Altri

Publicación da iniciativa, BOPG nº 467, do 15.03.2023

6.2 49925 (11/POP-007725)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e tres deputados/as máis

Sobre as previsións do Goberno galego de iniciar o procedemento para declarar o monte do Gato como parque natural

Publicación da iniciativa, BOPG nº 458, do 22.02.2023

6.3 50456 (11/POP-007854)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e tres deputados/as máis

Sobre a avaliación da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do impacto das infraestruturas do parque eólico Castro Valente no xacemento arqueolóxico do mesmo nome, en Padrón

Publicación da iniciativa, BOPG nº 461, do 01.03.2023

6.4 49162 (11/POP-007582)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e seis deputados/as máis

Sobre a información da que dispón a Xunta de Galicia respecto de cando van estar en funcionamento os trens Avril e de cantos serán os que se destinen a Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 454, do 15.02.2023

6.5 50516 (11/POP-007863)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Freire Vázquez, María Begoña e nove deputados/as máis

Sobre a situación na que se atopan os trámites necesarios para a execución da obra do novo Complexo Hospitalario Universitario da Coruña

Publicación da iniciativa, BOPG nº 465, do 08.03.2023

6.6 51341 (11/PUP-000315)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia

Sobre o establecemento dunha liña de transporte público directa entre O Morrazo e os complexos hospitalarios do Meixoeiro e do Álvaro Cunqueiro

Publicación da iniciativa, BOPG nº 467, do 15.03.2023



6.7 50731 (11/POP-007888)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez López, Daniel e Lourenzo Sobral, Manuel Antonio**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir a continuidade do centro privado de educación especial Aspaber, situado na Brea, no concello de Carballo, que atende a comarca de Bergantiños e arredores

Publicación da iniciativa, BOPG nº 465, do 08.03.2023

6.8 51316 (11/PUP-000313)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Alfonso, Ramón**

Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia para contribuír a unha saída negociada do conflito existente no almacén loxístico da empresa LIDL, no polígono Río do Pozo de Narón

Publicación da iniciativa, BOPG nº 467, do 15.03.2023

6.9 49674 (11/POP-007655)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Seco García, Martín e dous máis**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia de construír un centro de atención residencial no concello de Ponteceso

Publicación da iniciativa, BOPG nº 458, do 22.02.2023



SUMARIO

Retómase a sesión ás dez da mañá.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luis Manuel Álvarez Martínez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas de axuda que ten previsto adoptar o Goberno galego para mellorar a situación económica actual da sociedade galega. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Álvarez Martínez (S).* (Páx. 9.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela.* (Páx. 10.)

Réplica do autor: *Sr. Álvarez Martínez (S).* (Páx. 12.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela.* (Páx. 13.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións de solicitarlle ao Goberno central a retirada do Plan de Ordenación do Espazo Marítimo (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG).* (Páx. 15.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela.* (Páx. 16.)

Réplica da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG).* (Páx. 17.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela.* (Páx. 19.)

Alteración da orde do día

O señor presidente comunica a formulación anticipada, antes do punto de interpelacións, dunha pregunta ao Goberno. (Páx. 21.)

Pregunta de D^a Cristina Sanz Arias e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración polo Goberno galego da falla de confirmación por parte do Goberno de España do financiamento e localización dunha fábrica de fibras téxtiles de Altri. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Sanz Arias (P).* (Páx. 21.)

Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación (Conde López).* (Páx. 22.)

Réplica da autora: *Sra. Sanz Arias (P).* (Páx. 23.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación (Conde López).* (Páx. 24.)



Interpelación de D^a Ana Pontón Mondelo e dezoito deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política do Goberno galego en relación coa planta xudicial en Galicia. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Tabarés Pérez-Piñeiro (BNG).* (Páx. 25.)

Resposta da Xunta: *Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Calvo Pouso).* (Páx. 29.)

Réplica do autor: *Sr. Tabarés Pérez-Piñeiro (BNG).* (Páx. 32.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes* 35.)

Interpelación de D^a María González Albert e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a aprobación do Consello de Informativos e o Estatuto profesional na Corporación Radio e Televisión de Galicia. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. González Albert (BNG).* (Páx. 37.)

Resposta da Xunta: *Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Calvo Pouso).* (Páx. 41.)

Réplica da autora: *Sra. González Albert (BNG).* (Páx. 44.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Calvo Pouso).* (Páx. 46.)

Interpelación de D^a María del Carmen Rodríguez Dacosta e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o mercado de traballo. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Rodríguez Dacosta (S).* (Páx. 48.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade (Lorenzana Somoza).* (Páx. 51.)

Réplica da autora: *Sra. Rodríguez Dacosta. (S).* (Páx. 55.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade (Lorenzana Somoza).* (Páx. 57.)

Pregunta de D^a Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e tres deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións do Goberno galego de iniciar o procedemento para declarar o monte do Gato como parque natural. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Rodríguez Rumbo (S).* (Páx. 59.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto).* (Páx. 60.)

Réplica da autora: *Sra. Rodríguez Rumbo (S).* (Páx. 61.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto).* (Páx. 62.)

Pregunta de D. José Manuel Balseiro Orol e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a información da que dispón a Xunta de Galicia respecto de cando van estar en funcionamento os trens Avril e de cantos serán os que se destinen a Galicia. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Balseiro Orol (P).* (Páx. 64.)



Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 65.)

Réplica do autor: *Sr. Balseiro Orol (P)*. (Páx. 66.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 67.)

Pregunta de D^a María Begoña Freire Vázquez e nove deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a situación na que se atopan os trámites necesarios para a execución da obra do novo Complexo Hospitalario Universitario da Coruña. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Freire Vázquez (P)*. (Páx. 67.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 69.)

Réplica da autora: *Sra. Freire Vázquez (P)*. (Páx. 70.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 70.)

Pregunta de D^a María Leticia Gallego Sanromán, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o establecemento dunha liña de transporte público directa entre O Morrazo e os complexos hospitalarios do Meixoeiro e do Álvaro Cunqueiro. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Gallego Sanromán (S)*. (Páx. 71.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 73.)

Réplica da autora: *Sra. Gallego Sanromán (S)*. (Páx. 74.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 74.)

Pregunta de D. Xosé Luís Bará Torres e tres deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a avaliación da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do impacto das infraestruturas do parque eólico Castro Valente no xacemento arqueolóxico do mesmo nome, en Padrón. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Bará Torres (BNG)*. (Páx. 76.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (Rodríguez González)*. (Páx. 77.)

Réplica do autor: *Sr. Bará Torres (BNG)*. (Páx. 78.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (Rodríguez González)*. (Páx. 79.)

Pregunta de D. Daniel Pérez López e D. Manuel Antonio Lourenzo Sobral, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir a continuidade do centro privado de educación especial Aspaber, situado na Brea, no concello de Carballo, que atende a comarca de Bergantiños e arredores. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Pérez López (BNG)*. (Páx. 80.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (Rodríguez González)*. (Páx. 82.)



Réplica do autor: *Sr. Pérez López (BNG)*. (Páx. 82.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (Rodríguez González)*. (Páx. 84.)

Pregunta de D. Ramón Fernández Alfonso, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia para contribuír a unha saída negociada do conflito existente no almacén loxístico da empresa LIDL, no polígono Río do Pozo de Narón. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Fernández Alfonso (BNG)*. (Páx. 84.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade (Lorenzana Somoza)*. (Páx. 86.)

Réplica do autor: *Sr. Fernández Alfonso (BNG)*. (Páx. 87.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade (Lorenzana Somoza)*. (Páx. 87.)

Pregunta de D. Martín Seco García e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións da Xunta de Galicia de construír un centro de atención residencial no concello de Ponteceso. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Seco García (S)*. (Páx. 88.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social e Xuventude (García Martínez)*. (Páx. 90.)

Réplica do autor: *Sr. Seco García (S)*. (Páx. 91.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social e Xuventude (García Martínez)*. (Páx. 91.)

Remata a sesión ás dúas e trinta e dous minutos da tarde.



Retómase a sesión ás dez da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bo día.

Reiniciamos a sesión co punto quinto da orde do día, as preguntas para resposta oral do presidente.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luis Manuel Álvarez Martínez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas de axuda que ten previsto adoptar o Goberno galego para mellorar a situación económica actual da sociedade galega

O señor PRESIDENTE: Comezamos coa pregunta de don Luis Manuel Álvarez Martínez, portavoz do Grupo Parlamentario Socialista.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Grazas, señor presidente.

Bo día, señorías.

Bo día, señor presidente.

Señor Rueda, mire, na nosa comunidade autónoma entraron de media 3.000 euros menos por ano en cada familia que no resto do Estado. Seguimos incrementando a desigualdade, os pobres son cada vez máis pobres e iso, evidentemente, incrementa a fenda social. Cada vez hai máis fogares en Galicia con dificultades para chegar á fin de mes e cada vez as familias teñen máis dificultades e deben mercar menos. Temos 700.000 familias galegas en risco de exclusión social e 170.000 galegas e galegos que están nunha situación de privación severa. É practicamente como se a metade de toda a provincia de Lugo estivese nesa situación —para poñer unha imaxe gráfica—.

Fronte a isto dáse o paradoxo de que cada vez hai menos perceptores da risga; pero, claro, hai un número considerable, que se incrementa cada vez máis, de perceptores do ingreso mínimo vital —máis de 29.000 fogares en Galicia—. As nosas pensións, os nosos pensionistas —eses aos que vostedes defenden con palabras tan encendidas pero con feitos tan cativos—, teñen 200 euros mensuais menos que os do resto do Estado. E vostedes nin tan sequera son quen de apoiar un incremento das pensións sen plantexar un modelo alternativo nun sistema de reformas que está avalado pola Unión Europea. E iso porque vostedes parecen ter perfectamente identificada quen é a xente de ben pero non parecen ter tan ben identificado cal é o ben da xente. *(Aplausos.)*

Os nosos sectores produtivos están afectados porque as súas políticas económicas non pasan de ser un mero rosario de medidas inconexas e ineficientes. Non son vostedes capaces de atopar a ruta adecuada. E dígolle isto porque, xogando coas mesmas regras que o resto das comunidades autónomas, obteñen resultados peores. Mire, a última estimación —e falo do 31 de xaneiro deste ano— da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal prevé para Galicia un incremento considerablemente menor que o resto do Estado; é dicir, seguimos desacoplados. Temos competencias exclusivas pero non as exercen vostedes con acerto. Os



seus programas de impacto económico para autónomos foron un auténtico fracaso, hai aí un programa de axudas para a conectividade a internet que chegou ao 2 % dos beneficiarios, etcétera, etcétera.

Mire, as súas medidas anunciadas cada xoves despois dos consellos da Xunta de Galicia acababan convertidas en meras intencións, e iso acredítano tanto os seus resultados finais como as súas propias execucións orzamentarias. Iso si, atopan vostedes cartos, onde antes non os había, para as eleccións municipais, para premiar fidelidades e incentivar fidelidades novas. Pero voulle dicir unha cousa: os problemas da xente e dos sectores produtivos de Galicia van seguir sendo os mesmos o día 29 de maio. Afortunadamente para a xente de ben, o impacto estase vendo minorizado por medidas que está adoptando o Goberno do Estado: bonos de transporte gratuíto, axudas para os profesionais do transporte, bolsas para estudantes, axudas específicas para atender as necesidades básicas e tamén para os sectores produtivos. Pero, dentro das súas competencias, ¿que vai facer vostede, señor presidente da Xunta de Galicia? Porque o seu goberno non é un comentarista da realidade. O problema é que, ademais, é un goberno que non analiza ben esa propia realidade. O seu goberno, señor Rueda —e lamento dicilo—, non está á altura das circunstancias, non ten un plan para Galicia nun contexto no que os ingresos da Comunidade Autónoma, por un incremento histórico do 24 % das transferencias do Goberno do Estado —que nos corresponden, que non son un regalo—, así llo permiten. A Xunta non está a dar resposta á situación de inflación, do incremento de prezos. Por iso —para as persoas e para as empresas— lle pregunto: ¿que medidas ten previsto adoptar para mellorar a situación económica actual de Galicia?

Grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Álvarez, o resumo do que vostede acaba de dicir sería entón que todo o que vai mal en Galicia é por culpa da Xunta de Galicia e todo o que vai ben é grazas ao Goberno central, que se porta tan ben con Galicia. Pois xa me gustaría que fose así. É exactamente o contrario, jexactamente o contrario! (Aplausos.)

Mire, vostede pregunta pola situación económica e polo que imos facer para melloralala. E permítame dicirlle unha cousa —non mo vai recoñecer, seguro, pero é a realidade—: creo que hai motivos para confiar no rumbo económico de Galicia a partir de agora e na situación económica. Vostede probablemente o pense pero non o vai recoñecer. Probablemente vai dicir, se o digo eu, que é o que teño que dicir pero que non é certo —acaba de dicilo—. Pero, mire, creo que hai indicadores moi fiables. O primeiro é o dos investidores. Acabamos de facer unha emisión —cumprindo as ratios, seguimos sendo a terceira comunidade autónoma menos endebedada— de 500 millóns de euros. ¿Sabe cantos investidores querían acudir a esta emisión? O triplo. ¿Sabe que condicións conseguimos? As que só puido conseguir outra



comunidade autónoma en toda España, que foi Madrid, e as que non poden conseguir moitas comunidades autónomas simplemente porque xa non poden facer estas emisións, porque están moi endebedadas ou porque foron rescatadas; todo o que non fixo Galicia precisamente porque temos unha mellor situación económica, mantemos, ademais, un nivel de investimento do dobre que a media estatal e debemos cada galego 2.635 euros menos do que debe o español medio. Eu creo que isto o que quere dicir é que, con todas as dificultades —que as hai—, hai motivos para a esperanza e para seguir traballando, sinceramente.

Mire, para falar das melloras que hai que facer, hai que saber tamén de onde vimos. E déixeme que lle faga un pequeno recordatorio do que avanzamos estes anos —xa que as políticas económicas deste goberno son as que vostede discute—. Mire, hai catorce anos había 206.000 galegos no paro —hoxe hai 144.000—; hai 1.600 euros máis de renda per cápita que nos últimos catorce anos; a subida da renda media en Galicia é dun 14 % —a media nacional está nun 8 %—; pasamos de superar, hai catorce anos, a media nacional de pobreza a estar agora un punto e medio por debaixo da media nacional; somos a terceira comunidade autónoma con máis ritmo de crecemento nos salarios —tamén nos salarios das mulleres—; hai máis afiliacións agora que hai catorce anos, a pesar de que baixou o número de persoas en idade de traballar; tivemos o récord absoluto de exportacións; o crecemento do IPI no último ano foi o triplo que o da media estatal; hai o 2 % máis de sociedades que antes da pandemia; recuperamos o noso PIB no mes de decembro, moito antes que a media nacional. ¿Segue habendo incertezas? Por suposto, señor Álvarez. Todo o que rodea agora a situación económica e, polo tanto, a situación das persoas, como a guerra, a carencia de subministracións, os tipos de interese e todo isto, por suposto, é dificultoso para seguir mellorando.

E, por suposto, tamén, mire —por iso quería empezar por aí—, non podemos esperar, nestas cifras que lle dei, e no que temos que facer a partir de agora —polo menos polo que imos vendo— o apoio do Goberno central. Pero ¿non ve que somos as comunidades autónomas as que temos que estar aliándonos para non quedar fóra das grandes planificacións, para non quedar illadas, precisamente porque o Goberno central non está facendo absolutamente nada?! ¿Pero non ve todo este movemento de comunidades autónomas de todos os signos políticos fronte á inacción do Goberno central, que supostamente, segundo vostede, nos vai salvar e ten o mérito de todas as cousas boas que pasan en Galicia?!

Mire, señor Álvarez, onte mesmo vostedes non foron capaces de apoiar unha demanda absolutamente lóxica. Xa me escoitaría moitas veces dicir —porque é unha verdade como un mundo— que seguen aínda hoxe, e pasan os meses, os fondos Next Generation embalsados nos ministerios. Son incapaces de movelos, incapaces de xerar riqueza. Hai miles de postos de traballo e investimentos que poden vir de fóra, que poderían mobilizar e mellorar a situación económica, e non se poden mover.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Vostedes onte non foron capaces de apoiar isto. Vostedes onte preferiron ser socialistas antes que galegos. Síntoo moito. Así, dende logo, non se mellora a situación económica.



Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica do señor Álvarez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Grazas, presidente.

Señor Rueda, vaia vostede dicirlles ás familias galegas que cada vez teñen máis dificultades para comer, para pagar o alugueiro da súa vivenda, para os gastos básicos, que fixo vostede unha subasta espectacular de débeda pública. Primeiro explíquelles o que é débeda pública e despois a ver se é capaz de convencelos. Porque, claro, que me fale vostede de que temos unha débeda de non sei cantos miles de euros cando vostedes máis que triplícaron a débeda pública da Comunidade Autónoma ten mérito. É para sacar peito. ¡Si señor, si señor!

E fálame vostede da recuperación do PIB. Supoño que vostede sabe que o PIB en Galicia caeu menos durante a pandemia que na media do Estado; polo tanto, sería de todo punto razoable que se recuperase antes (*Fortes murmurios.*) salvo que parásenos, salvo que... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Home, é que iso é evidente! (*Murmurios.*)

Mire, di vostede que o Goberno do Estado é malo, malísimo, pero resulta que hoxe mesmo pola mañá —non sei se vostede coñece o dato— as previsións do Banco de España sitúan un crecemento do PIB superior ao esperado; e un decrecemento superior ao esperado —ou sexa, unha redución— da inflación. Polo tanto, algo deben estar facendo ben —desde logo, non coa súa axuda—.

Pero, mire, o problema é que cada quince días vimos aquí escoitar declaracións de intencións sen ningún resultado efectivo. Ten vostede todas as ferramentas e conta co maior orzamento da historia —que parece que para o único que serve é para facer anuncios—. Ante a ausencia de políticas eficaces, os socialistas propoñémolle unha serie de cousas elementais que vostede debería facer. Mire, no ámbito da innovación, de talento e do emprego, propoñemos aumentar o gasto en I+D+i, propoñemos un programa galego de emprego, logo de que vostedes deixaran sen executar máis de 1.700 millóns de euros ao longo dos últimos anos en políticas de emprego. No ámbito enerxético, por certo, acerta vostede —porque é unha proposta que lle fixemos hai meses— na creación desa axencia, desa entidade pública, de enerxía. Mire, os primeiros compases da música parecen soar ben. Imos ver como acaba a música completa e, sobre todo, imos ver cal é a letra da canción para ver se nos convence e resulta eficaz. No ámbito do reto demográfico, á parte de facer unha lei ineficaz, vostedes non inclúen cláusulas demográficas nas contratacións públicas nin fan un plan especial de investimentos para o medio rural. No ámbito da política de benestar seguen sen adoptar medidas que acabarán adoptando. Non as adoptan porque as propón a oposición e están mirando a ver se pasa o tempo suficiente como para que a xente se olvide de que esas propostas partiron do Partido Socialista de Galicia. Porque iso pasa en sanidade. Están vostedes adoptando medidas que se propuxeron desde o noso grupo hai meses, incluso hai anos, e agora vense obrigados a adoptalas.



Non estamos a facer plantexamentos ideolóxicos, non estamos a buscar bos e malos. Vostedes si, vostedes son os bos e están no lado correcto da historia; nós somos os malos e estamos no lado incorrecto da historia. Coñecemos o discurso, coñecemos o argumentario do lado correcto da historia. Non é nada novo, ten décadas no ámbito do discurso político. Pero, mire, señor Rueda, fágannos caso, porque ao final acaban adoptando as nosas propostas. E, por certo, fágase mirar o da Axencia Galega da Competencia a ver se hai algo que revisar aí con respecto a unha certa sentenza que os obriga —non a vostedes senón ao grupo de amigos que teñen colocados, amigos afíns, enténdaseme ben a palabra, nesa Axencia Galega da Competencia— logo de que un determinado procedemento no que se investiron moitísimas horas de traballo —unha cousa sen precedentes na historia, un modelo para o Estado español, para Europa e, se cadra, para a Vía Láctea— acaba revelando que tiña certos déficits por falta da supervisión que correspondía.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Fágannos caso porque, cando adoptan as medidas que propoñemos, acertan. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche da pregunta, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Álvarez, agora resulta que recuperamos antes o PIB que a media nacional porque xestionamos mellor que a media nacional durante a pandemia. Pois, efectivamente, moitas grazas polo recoñecemento. Iso foi así efectivamente. (*Aplausos.*) ¡Así foi, así foi! ¡Moitas grazas!, está ben que o recoñeza porque é certo, así foi. E é bo para Galicia; polo tanto, vostede tense que alegrar.

Mire, non sexa demagogo. Vostede non adoita ser demagogo e agora mesmo foino. Dime que lles explique aos cidadáns o que é a débeda pública. Moi fácil: é a que está batendo récords dende o Goberno central. Somos o país máis endebedado de Europa. E, por certo, colocan a débeda a uns xuros moito menos vantaxosos —porque hai que devolvelos— que a Xunta de Galicia. Probablemente porque nós, efectivamente, xestionamos mellor durante a pandemia e agora tamén. ¿Dáse conta? ¡Agora tamén! (*Aplausos.*)

Pregúntame para que serve a débeda pública. ¡Oia!, pois para atender os servizos públicos con sentidiño, mantendo as ratios, non endebedándose sen límite, como fai o seu Goberno central, facéndoo doutra maneira. Por exemplo, subimos un 25 % a partida destinada á inclusión social porque facía falta subila este ano; puidemos baixar impostos; puidemos axudar as familias; puidemos poñer as escolas infantís gratuítas; puidemos aportarlles 55 millóns de euros aos autónomos; puidemos darlles préstamos directos ás empresas, axudalas nos xuros dos créditos que teñen que poñer; puidemos axudar as empresas galegas a seguir internacionalizándose e poder bater récords de exportación —agora é cando máis falta fai—;



puidemos axudar as pemes a reducir os gastos enerxéticos, deflactar o IRPF, poñer 200 millóns para axudar as familias no gasto escolar, transporte, libros, comedores ou conxelar as taxas universitarias. Para todo iso serve unha débeda pública ben xestionada, para todo iso serve unha xestión económica ben feita.

Mire, onte o presidente do Goberno estivo tres horas —paréceme— falando no debate da moción censura e non foi capaz de facer nin unha soa proposta económica. E vostede quere aquí —e é o meu deber pero non me dá tempo— que en seis minutos llas resuma todas. (*Murmurios.*) ¿Quere que llas resuma? Xa lle dixen unhas cantas. Se tivese máis tempo podería dicirlle moitísimas. Se tivese tres horas, ¡non lle quero contar todas as que lle podería dicir, non lle quero contar! (*Aplausos.*)

Pero, mire, por resumirlas, é ser xustamente o contrario do que é ese goberno que, segundo vostede, é o causante de todas as cousas boas que lle pasan a Galicia. Ser o contrario dese goberno é seguir sendo un goberno unido, como é o Goberno da Xunta de Galicia; seguir sendo un goberno estable, un goberno sen hipotecas, sen ter que estar facendo cousas que non lle gustaría facer simplemente porque ten pactos de supervivencia.

Mire, eu aspiro sinceramente a que dende o Goberno da Xunta de Galicia sexamos capaces de contrarrestar todo o que está facendo o Goberno central non a favor de Galicia —e teño que dicírllo, sinceramente— senón en contra. Son vostedes un lastre, están hipotecados por eses pactos, están hipotecados por outras hipotecas noutras zonas de España que non son Galicia, están hipotecados —e hai que dicírllelo e dígoos moi alto— porque, para facerlle oposición ao señor Feijóo para que non sexa presidente do Goberno, son capaces de facerlle oposición a Galicia *todos los días, ¡todos los días!* (*Aplausos.*)

Polo tanto, mire, vostedes sigan ao seu, señor Álvarez. Nós seguiremos ao noso, que é traballar por Galicia. A semana que vén vou estar coa presidenta da Comisión Europea, coa señora Von der Leyen, e vou intentar expoñerlle que Galicia é unha terra de oportunidades, (*Murmurios.*) que en Galicia hai moitísimas oportunidades de investimento, moitísimas empresas que se están disputando en moitísimos sitios de toda Europa e de todo o mundo e queren vir a Galicia, porque aquí ven condicións de estabilidade, de sentidiño político, de certeza, pero que necesitan eses fondos europeos que vostedes teñen conxelados e cunha xestión que se está facendo que é gravemente daniña. Iso si, hai adxudicacións a dedo para os seus amigos, para as comunidades autónomas que lles interesan, pero nada para Galicia. Polo tanto, todo iso lle vou dicir. Voulle dicir que Galicia ten futuro e que cada vez máis xente pensa en investir aquí. E así si que mellora a situación económica.

Mire, nós imos estar aí, sen dúbidas, con sentidiño, con certezas e con propostas concretas. Gustaríame que vostedes, sobre todo o seu Goberno central, puidese dicir o mesmo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.



Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións de solicitarlle ao Goberno central a retirada do Plan de Ordenación do Espazo Marítimo

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas, presidente.

Señorías, moi bo día.

Bo día tamén ás persoas convidadas.

Señor Rueda, eu quero pedirlle que preste atención a uns datos. A pesca representa en Galiza 31.000 empregos directos e en torno a un peso no PIB do 2 %. Se lle sumamos o marisqueo, a acuicultura ou a conserva, estamos falando de 64.000 empregos e case o 5 % do PIB. E fágoles unha pregunta que é a mesma que hoxe se fai a xente do mar. ¿Como é posible que queiran cargarse un sector que dá de comer a 64.000 galegos e galegas? Porque iso é o que supón a eólica mariña, cargarse a pesca. *(Aplausos.)*

Ademais, eu creo que é moi importante falar claro. En Galiza é incompatible o sector eólico mariño co sector pesqueiro. E é incompatible porque nós temos unha plataforma continental que é moi rica —temos 300 bancos e 300 caladoiros— pero que é moi reducida. Polo tanto, ou se dá prioridade á pesca neses caladoiros ou se aniquila a pesca. E isto é moi grave e ademais atenta contra un principio moi importante, porque ¿como vai ser a nosa soberanía alimentaria?, ¿que peixe imos comer?, ¿o que nos traían desde China en contedores?, ¿ese é o peixe que queren que comamos?

Estamos nun momento no que é importante escoller: ou se está coa xente do mar, desde o porto de Burela até o porto da Garda, ou se está con Naturgy, Iberdrola e con Endesa; *(Aplausos.)* ou se está cos traballadores e as traballadoras dos 4.000 barcos da frota galega ou se está co *lobby* eléctrico e cos que queren converter Galiza nunha colonia enerxética de Madrid.

No BNG témolo moi claro. Nós estamos por unha transición enerxética, obviamente, pero queremos unha transición enerxética xusta e democrática. E por iso non imos permitir que nos tomen por parvos, porque xa está ben de querer poñerlle etiqueta verde ao espolio de toda a vida; *(Aplausos.)* xa está ben de chamarlle progreso á destrución do medio ambiente e da biodiversidade; e xa está ben de discriminar a Galiza para seguir beneficiando a Madrid. No BNG sabemos de que lado estamos. Estamos do lado da conservación do medio ambiente, estamos do lado da xente do mar e non estamos ao lado desas eléctricas, que o único que fan é espremer este país, cada vez ter máis e máis beneficios e seguir cun modelo que é claramente un modelo no que uns poucos gañan e a maioría perden.

E, lamentablemente, vemos, governe o Partido Popular ou governe o Partido Socialista, como as eléctricas sempre teñen unha cadeira no Consello de Ministros; e reservan 2.200 quilómetros de costa galega, o 43 % da de todo o Estado, para producir enerxía eólica, e chantan eses polígonos xusto nas zonas máis produtivas onde vai a xente deste país pescar.



E preguntámonos, señor Rueda, onde están as alegacións da Xunta ao POEM. Hai dous anos que solicitamos esas alegacións neste Parlamento. ¿Por que non as envían? ¿Que teñen que esconder? ¿De que se avergoña? ¿Da súa traizón á xente do mar, señor Rueda? *(Aplausos.)*

Tomemos como exemplo o parque eólico de Viana. Invitaron a xente do mar a que o fose visitar. ¿E saben o que lles contaron e o que viron? Pois que nesas zonas onde se instalaron eses polígonos eólicos con centos de muíños e con quilómetros de cableado se arrasou a pesca. Iso é o que lles contaron.

Por todo isto, señor Rueda, pregúntolle se vai pedir a retirada do POEM, como lle está reclamando o sector do mar. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Pontón, se eu quixese —que non quero, por suposto, e o meu deber é non facelo— liquidar esta pregunta pola vía rápida ante a súa repetición constante —non é a primeira nin seguro que será a última cantilena— de que hai que elixir entre Galicia ou as compañías eléctricas, eu poderíalle dicir que o récord absoluto e imbatible de propostas de megavattios para as eólicas o ten o Bipartito —a parte do BNG—. ¡E isto hai que dicilo moitas veces! *(Aplausos.)* Polo tanto, ¡que me está contando!

Pero, mire, a maior oposición no tema desta pregunta non a ten con nós, ¡eh! Tena no seu mesmo lado da bancada. Xa falou o señor Álvarez; se non, podíalle dar a palabra outra vez —xa sei que non se pode— e poderíanse poñer a discutir sobre vitrocerámicas e lareiras. Pasariámolo todos moi ben se non fose un asunto moi serio, señora Pontón.

Mire, nun asunto tan capital para o futuro de Galicia como este, vostedes non se poñen de acordo nin de casualidade. Onte anunciamos unha sociedade para que a Xunta de Galicia participe directamente e, polo tanto, poidan quedar os beneficios máis directamente no terreo onde se instalan as enerxías renovables. E vostede inmediatamente, por suposto, e sen coñecer o seu contido, coma sempre, por sistema: Non, non queremos nin de broma. É o de «eólicas non» de toda a vida —ou «eólica si, pero non así», que é exactamente a súa maneira de disimular o «non» de toda a vida—. E, ao mesmo tempo, o teórico ou suposto xefe do Partido Socialista en Galicia di que xa tardabamos e que hai que facelo canto antes. ¿A vostede parécelle serio? Se vostedes chegan a gobernar —que, dende logo, se poden, o intentarían—, ¿que terían?, ¿dúas consellerías de política enerxética? ¿Repartirían Galicia e serían dúas provincias con «¡eólicas xa!» e dúas provincias con «¡eólicas non!»? ¿Sería iso? ¿Esa é a súa proposta, señora Pontón? *(Aplausos.)*

Mire, o Goberno central dende logo —eu díxeno dende o primeiro momento— non fixo as cousas ben en materia de planificación da eólica mariña. Tardou un montón de tempo, máis



de tres anos. Recibiu toques, avisos, da Unión Europea, que lle dicía que había que sacar xa os POEM, as zonas, fronte á incerteza, fronte á falta de transparencia. E agora estamos vendo as consecuencias.

Mandamos alegacións en varias ocasións. Non recibimos absolutamente ningún retorno nin nós nin o sector pesqueiro, ¡ninguén! Constituímos un observatorio para facer as cousas ben, para intentar facelas consensuadamente e para que todo puidese coexistir. Non soube- mos nada. Ata que un día nos encontramos, a través do BOE, a delimitación e vimos que nada máis que o 17 % das alegacións foran estimadas.

Polo tanto, aquí hai moito que informar e aquí hai moito que rectificar. E xa veremos o que di aquí o Partido Socialista, que está a favor de que se desenvolva con sentidiño, coexistindo cos recursos pesqueiros —iso é o primeiro que hai que preservar—. E coa eólica mariña xa veremos do lado de quen se pon, ¡eh!, se das alegacións do sector pesqueiro, das alegacións da Xunta de Galicia ou do seu ministerio, que di que non hai nada que rectificar. Xa veremos todo isto.

Pero digo unha cousa: o que non imos facer é deixar pasar esta oportunidade. Vostede, que, coma sempre, sabe de todo máis ca ningúen, acaba de dicir «eólica mariña, non, en ningún caso». Pois mire, o sector pesqueiro o que está dicindo é que hai que coexistir. E, polo tanto, estamos absolutamente de acordo. Preservando os recursos pesqueiros e delimitando ben as zonas é posible non deixar pasar esta oportunidade. Polo tanto, señora Pontón, por unha boa planificación na que todo sexa posible é polo que imos apostar, porque é unha oportu- nidade para Galicia.

Mire, eu xa sei que ao PSOE —polo menos ao PSOE do Goberno central— Galicia lle importa moi pouco. Xa sabemos que vostedes nunca queren facer nada —para que Galicia non avance—. Pero, mire, como este goberno e este partido queren que Galicia avance, queremos facer as cousas con sentidiño. Faremos as cousas ben. Falaremos co sector, trasladaremos o que haxa que trasladar ao Ministerio, defenderemos os intereses de Galicia, e, por unha vez, por unha vez, eu pediríalles que intenten estar á altura de todo isto.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

Réplica, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Señor Rueda, en primeiro lugar, aclárese. ¿Estamos en contra ou non da eólica? Porque é que son vostedes, ¡vamos!, mentira tras mentira tras mentira, manipulación tras manipulación tras manipulación, neste tema e os do (...) *(Inintelixible)*. *(Aplausos.)*

O que si me quedou claro é que o Partido Popular e o Partido Socialista se entenden á per- fección cando se trata de defender o negocio das eléctricas. *(Aplausos.)* Aí son como dúas pingas de auga. ¡Que pena, señor Rueda, que non queira defender este país! *(Fortes murmu-*



rios.) Si, si, porque para vostede é unha oportunidade... *(Interrupcións.)* Se me permiten as señorías do PP... *(Murmurios.)* É que en todas as sesións de control está este boicot ao BNG. *(Protestas.)* *(Aplausos.)* Sinceramente, non me van calar, xa llelo dixen. *(Aplausos.)* ¡Non me van calar!

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, por favor!

A señora PONTÓN MONDELO: Mire, señor Rueda, estamos falando dun tema moi serio. Está ben que ría, si, si. A min o que me parece grave é que vostede nos diga aquí que é unha oportunidade para Galiza cargarse un sector estratéxico como é a pesca, do que dependen 64.000 empregos directos. Se hoxe tivésemos a noticia de que hai un polígono enerxético de eólica que quere poñerse nun lugar onde afecta o funcionamento de Citroën ou de Inditex, ardía Troia. Non sei por que hai unha dobre vara de medir cando se fala da pesca. *(Aplausos.)* E o que vemos é a súa complicidade, o que vemos é a súa complicidade co deseño do Estado. Tanto é así que foi o PP o primeiro en cargarse o acordo que tiñamos neste Parlamento no que dicíamos que a eólica mariña era incompatible coa pesca —era no 2009 e é no 2023— pola nosa plataforma, ¡claro que si! Pero o que vemos é como hai un Partido Popular que hoxe vén aquí a dicirnos que isto é o progreso.

Eu pídolle, señor Rueda, que cando acabe esta intervención percorra os portos deste país e diga que, en nome do progreso, van permitir e que son cómplices de cargarse un sector que é estratéxico para a nosa economía. En nome do progreso vaia e dígalles ao sector pesqueiro e marisqueiro que representan o atraso, vaia e dígalles que o progreso é cargarse a biodiversidade, que o progreso é cargarse a actividade dos nosos mares, que o progreso é que neste país non teñamos un sector pesqueiro potente. Vaia aos portos deste país e diga que o progreso, señor Rueda, é defender a rapina das eléctricas, diga que o progreso é cargarse o noso medio ambiente. Desde logo, para nós iso non é o progreso, iso é un retroceso de novo para este país. *(Aplausos.)*

E é curioso, señor Rueda, que vostede siga sen enviar as alegacións ao POEM a este Parlamento. É a súa obriga democrática. Levamos dous anos agardando por coñecer as alegacións que a Xunta lle presentou ao POEM ¿Por que non as envían? ¿Que teñen que esconder, señor Rueda? Díganos o que teñen que esconder, ¿a súa traizón á xente do mar? *(Aplausos.)* Eu xa lle anuncio que o Bloque Nacionalista Galego vai traer a este Parlamento unha proposta para solicitar a retirada do POEM. Agardo contar co seu voto; e non polo BNG, senón porque isto é o que está pedindo o sector.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: Porque vostede hoxe aquí non lle está facendo oposición ao BNG, estalle facendo oposición ao sector pesqueiro, que está dicindo, por unanimidade, que hai que retirar o POEM. E non nos dixo, señor Rueda, máis alá de toda esa palabrería nos titulares amañados para TVG, cal vai ser a posición da Xunta de Galiza.

O señor PRESIDENTE: Remate.



A señora PÓNTÓN MONDELO: ¿Van solicitar a retirada do POEM como solicita o sector pesqueiro? ¿Si ou non? Escolla: o sector pesqueiro galego, 64.000 postos de traballo, ou a rapina das eléctricas .Teno fácil. *(Forte aplauso.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peché da pregunta, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Pontón, dime que non ría. ¡Pero como non vou rir, con todos os respectos, se vostedes, que gobernan en máis de cen administracións en Galicia co Partido Socialista, me di que acaba de descubrir —ah, gran milagro— que o PP e o PSOE van de ganchete, son aliados! ¡Vostedes, que están en máis de cen! Estes son os que fixeron as alegacións que vostede... *(Aplausos.) (...) (Inintelixible.) ¡Que me está dicindo! (Forte aplauso.)*

Mire, dime que lles ocultamos as alegacións. Xa se ve que vostede fala en nome do sector pesqueiro pero non fala co sector pesqueiro. As alegacións están consensuadas no Observatorio da Eólica Mariña, e está o sector pesqueiro. Agora, que a vostede non lle contan está claro. *(Aplausos.)* Esa é a consistencia do que vostede di.

Dime que están en contra da eólica mariña. Vostedes están en contra de todo. A súa postura resúmese en tres letras: non, non a todo, señora Pontón. Ademais están quedando sós. O nacionalismo escocés acaba de dicir que hai que aproveitar as oportunidades da eólica mariña e hai que facer que coexistan os recursos pesqueiros —que alí tamén os teñen— xunto coa eólica mariña. O seu grupo no Parlamento Europeo acaba de dicir que hai que multiplicar por seis os obxectivos de xeración de enerxía verde a través da eólica mariña, o grupo ao que vostedes pertencen, señora Pontón. ¡Pero que me está dicindo vostede!

Mire, ata Bildu —eses si que son os seus aliados, con eses si que van de ganchete— acaba de dicir aos empresarios vascos que aproveiten as oportunidades da eólica mariña que están dando en Galicia. *(Protestas e fortes murmurios.)* ¡Pero de que me está falando vostede! ¡De que me está falando vostede, señora Pontón! Están quedando absolutamente sós. Son os de sempre, os de dicir a todo que non. Iso si, ao sectarismo, ao illamento, aos dogmas, a iso, absolutamente si.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Interrupcións e fortes murmurios na sala.)

O señor PRESIDENTE: ¡Señora Prado, silencio! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

¡Señora Prado e señor Pazos, por favor, silencio! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Interrupcións e fortes murmurios na sala.)*

Non, non, pero este é un mal endémico. Toca aquí e toca alí. Procuren ser todos respectuosos. É mal endémico. Está falando o presidente e está falando a portavoz. Respecten vostedes a quen está no uso da palabra. *(Un señor deputado: Si, si.)*



¡«Si, si», non! Respécteno para que vaia todo ben.

Prosiga, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA (Rueda Valenzuela): Señora Pontón, e o luns, cando me reciba a señora Von der Leyen, eu ¿que lle digo?, ¿dígolle que, a pesar de que hai un pacto para a descarbonización obxectivo 2050, polo que hai que multiplicar por moito os centros de xeración de enerxía verde, hai un partido aquí en Galicia que di «non, baixo ningún concepto»? E cando diga que se anuncian 1.200 millóns de euros de investimento na fabricación de aparellos de eólica mariña e máis de 8.000 postos de traballo inmediatos en moi poucos anos, ¿digo que aquí hai un partido que di que de todo iso non quere absolutamente en nada? Ou cando lle diga que hai moitísimas industrias de futuro que están pensando seriamente vir a Galicia cando hai moitísimos sitios en Europa e no mundo que tamén as queren e que necesitan eses centros de xeración de enerxía verde. Vostede falaba de Inditex. ¡Faime unha graza que vostede fale de Inditex...! En fin, di moito da seriedade dos seus plantexamentos, da súa demagogia e do seu oportunismo, señora Pontón.

Pero, mire, imos falar de Inditex, que nós si que a defendemos, si que crea moitos postos de traballo e non facemos demagogia. Inditex necesita tamén esa enerxía verde. Se quere, falamos de Stellantis, se quere falamos de todos eses proxectos que están parados porque os PERTE están embalsados pola incompetencia do Goberno central. Necesitan esa enerxía verde e xa lle digo que non imos deixar pasar esa oportunidade. Pódese coexistir. Xa lles digo a vostedes que o sector —e iso evidencia que non falan con el— o que quere é a coexistencia e que se preserven os seus recursos, a súa maneira de vida. É o que queremos nós tamén, por suposto, e é o que lle imos dicir.

O POEM hai que rectificalo, hai moito que rectificar, hai moito que explicar, hai moita soberbia en non dicirnos o que lle parecen as nosas alegacións e despois non estimar case ningunha. Todo iso, todo iso, terá que ser rectificado pero non imos deixar pasar esta oportunidade.

Nós non imos quedar sós como vostedes queren quedar. Mire, señora Pontón, menos cinismo, ese goberno que fixo os POEM son os seus aliados. Iso é o que teñen vostedes, sempre tan bravos aquí e tan mansos alí, e diso sabe as consecuencias. Polo tanto, mire, vostedes, se lles dan as contas, vanse volver unir en todos os concellos, e tamén do litoral —que agora di que quere defender—. Polo tanto, señora Pontón, así non vai absolutamente a ningunha parte. ¡Menos cinismo é máis traballo útil! Se quere facer algo que de verdade sirva para o futuro de Galicia, para preservar o medio ambiente, para preservar todo o que interesa, faga alegacións ao POEM, intente que mellore. Nós ímolo facer, dende logo. Faga alegacións tamén a esa sociedade pública que onte anunciamos. Mire, xa se irán vendo todas as vantaxes que ten.

Agradezo ao Partido Socialista que, polo menos, sexa capaz de ver que iso é unha oportunidade para Galicia. Mire doulle un exemplo que ten que ver coa pregunta que vostede fai. A partir de agora, cando esa lei estea en vigor, esa lei que empeza mañá a súa tramitación, todas as avaliacións de impacto ambiental terán que avaliar, á parte do que avalían agora —que, por suposto, seguirá sendo fundamental—, aspectos como a participación...



O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA (Rueda Valenzuela): ...nos investimentos locais, a creación de emprego na zona, a redución do prezo da electricidade para as empresas e para os habitantes da zona, a preservación dos bens culturais e dos bens naturais, todo iso que nos interesa, todo iso que se pode facer dende unha política útil. Agora, se vostedes queren seguir poñendo a ideoloxía por encima de todo, o egoísmo e a soberbia «do Bloque do non polo non» por encima de todo, serán o Bloque de sempre. Pero ese Bloque non lle interesa a Galicia.

Moitas grazas. (*Fortes aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Alteración da orde do día

O señor PRESIDENTE: Substanciamos agora unha alteración da orde do día, que consiste na tramitación dunha pregunta.

Pregunta de D^a Cristina Sanz Arias e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración polo Goberno galego da falla de confirmación por parte do Goberno de España do financiamento e localización dunha fábrica de fibras téxtiles de Altri

O señor PRESIDENTE: Cando queira, señora Sanz.

A señora SANZ ARIAS: Grazas, presidente.

Bo día, señor vicepresidente primeiro, señor Conde.

Estamos preocupados polo futuro dun proxecto transformador, como é a fábrica de fibras téxtiles...

O señor PRESIDENTE: Perdoe un momento, a ver se hai un pouco máis de tranquilidade mentres vai saíndo a xente. (*Pausa.*)

Cando queira.

A señora SANZ ARIAS: Como dicía, bo día, señor vicepresidente primeiro. Estamos preocupados polo futuro dun proxecto transformador, como é a fábrica de fibras téxtiles de Altri, empresa que ten demostrado desde o primeiro momento a súa implicación con Galicia, coa provincia de Lugo, con Palas de Rei e co sector forestal no seu conxunto. De feito, onte mesmo, nesta Cámara, foi posible acadar un acordo en apoio da iniciativa promovida polo Grupo Popular —incriblemente sen o apoio do Grupo Socialista— para demandar ao Goberno central que habilite un PERTE específico para o téxtil —PERTE que foi aparcado polo Goberno de Sánchez sen explicación pese á vontade de todo o sector— e tamén para demandar ao Goberno central o financiamento necesario para a implantación do proxecto de Altri.



Onte sorprendeunos especialmente a intervención do voceiro do PSOE, que temos que lamentar porque, ante un proxecto formulado por expertos, que encaixa nos eixos prioritarios establecidos polos fondos europeos, que está moi avanzado e unicamente á espera de financiamento, a resposta que recibimos dos socialistas desta Cámara é que a culpa é da Xunta de Galicia.

Miren, señorías, non pretendemos confrontar, só queremos saber se o proxecto vai contar ou non co financiamento. Altri está a trasladar que, a pesar de querer executar a nova fábrica en Galicia e de encontrar na Sociedade Impulsa e na Xunta a cobertura necesaria para presentar un proxecto pioneiro, observa como o Goberno de coalición segue sen asignar os fondos europeos necesarios para garantir o seu desenvolvemento, polo que incumpre así o compromiso adquirido polo presidente Sánchez en xullo do ano 2022.

Señor vicepresidente, que Galicia perda esta oportunidade sería un desenlace inaceptable que carecería de sentido; precisamente, se temos en conta que os fondos Next Generation naceron para modernizar e para dar músculo ao tecido industrial do país achegando novas oportunidades no ámbito empresarial, no ámbito laboral, e da man de proxectos transformadores como este, centrado na economía circular.

Non entenderíamos e non imos consentir que Galicia teña que renunciar a un proxecto que suporía mobilizar un investimento de arredor de 800 millóns de euros e que permitiría xerar arredor de 2.500 empregos. Non entenderíamos e non imos consentir que se poña en risco un proxecto estratéxico para Galicia e para o rural galego que a propia Xunta de Galicia apoiou e acompañou desde o primeiro momento. Altri demostrou que é unha empresa comprometida coa nosa terra e agora toca devolverlle todo ese compromiso co apoio preciso de todas as administracións; e tamén do Goberno central, que ata o de agora non deu ningunha solución satisfactoria.

Remato xa, señor vicepresidente primeiro. Nós temos a esperanza e agardamos que o acordo acadado neste Parlamento no día de onte se cumpra. Sabemos que, polo que respecta á Xunta de Galicia e ao Concello de Palas de Rei, apoio ou non lle vai faltar, pero todos temos que vogar na mesma dirección para facer este proxecto posible.

Señor Conde, ¿que valoración fai o Goberno galego sobre que o Goberno de España aínda non confirmase o financiamento necesario para que a fábrica de fibras téxtiles sexa unha realidade para Galicia e para a provincia de Lugo?

Moitas grazas. (Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señora Sanz.

Para a resposta, ten a palabra o vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación, don Francisco Conde López.

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN (Conde López): Moitas grazas, señora presidenta.



Señora Sanz, efectivamente, en Galicia, desde que se aprobaron os fondos europeos Next Generation, estamos traballando nunha estratexia clara para favorecer o investimento, para favorecer o desenvolvemento de proxectos de transformación do noso tecido produtivo. E, nese contexto, Galicia ten identificadas unha serie de prioridades para precisamente facilitar ese proceso de transformación.

O proxecto de Altri é un proxecto absolutamente transformador que responde aos criterios establecidos pola Comisión Europea en materia de dixitalización e en materia de sostibilidade, e que pode ser unha oportunidade para Galicia, unha oportunidade para que o 3 % da produción mundial deste material, a fibra téxtil, se poida fabricar en Galicia. A industria téxtil, tanto de Galicia como de España, pode ter a oportunidade de cumprir precisamente coa estratexia europea para estes materiais comprando aquí esta materia prima a partir de residuos téxtiles e tamén de madeira certificada. É unha oportunidade para que, efectivamente, haxa un proxecto de transformación na industria forestal, na que Galicia ten demostrado o seu liderado con 456 empresas que garanten esa trazabilidade da orixe sostible das súas producións mediante certificación forestal internacional.

Efectivamente, Galicia ten que seguir traballando para que este proxecto —que ten un investimento de máis de 800 millóns de euros e a posibilidade de xerar ao redor de 2.500 empregos directos e indirectos— se poida desenvolver. E para iso precisamos a colaboración de todos, a colaboración, por suposto, da Xunta de Galicia —que está axudando á súa definición e tamén á súa tramitación administrativa unha vez que foi declarado proxecto de interese estratéxico o pasado mes de decembro—; do Concello de Palas, que está a facer un labor moi importante para o seu desenvolvemento; e tamén precisamos, por suposto, que o Goberno central se implique con este proxecto —sobre todo, que actúe con responsabilidade e con igualdade de oportunidades—.

O que lle pedimos ao Goberno é que poña á disposición os fondos europeos comprometidos polo presidente Sánchez ao propio presidente da Xunta de Galicia hai oito meses para que precisamente Altri poida confirmar a execución deste proxecto. E o que lle pedimos loxicamente ao Goberno é que axilice estes trámites e que poida acceder, neste caso Altri, ao proxecto. Ao Partido Socialista o que lle pedimos simplemente é criterio. Abandonen a ambigüidade, señores do Partido Socialista de Galicia, porque con esa ambigüidade non defenden os intereses de Galicia.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor Conde.

Para a réplica ten novamente a palabra dona Cristina Sanz.

A señora SANZ ARIAS: Grazas, presidenta.

Señor Conde, é realmente preocupante o escenario que acaba de presentarnos. O Goberno de España non está a facer un aproveitamento óptimo da oportunidade que para a transformación industrial supoñen os fondos Nex Generation. O tempo pasa e non vemos avances



significativos, e a inxente mobilización de recursos promovidos pola Unión Europea non cristaliza, non chega ás empresas e tampouco chega a Galicia. Xa o dixo vostede: 8 de cada 10 euros dos fondos anunciados para os PERTE seguen sen comprometerse; 8 de cada 10 están aínda no caixón. O da fábrica de fibras téxtiles de Altri non é máis que outro exemplo desta situación que acabo de describir.

En Galicia, que sempre reivindicamos a necesidade de pechar o ciclo produtivo da madeira, do sector forestal, unido á Estratexia europea do téxtil, que aposta polas fibras recicladas e polos tecidos máis sostibles, en Galicia, que sempre reivindicamos a necesidade de poñer en valor o rural atraendo proxectos innovadores e respectuosos co medio ambiente, non ten sentido que nos obriguen a renunciar a este proxecto; e moito menos tendo en conta que a Xunta —como vostede seguro que nos poderá confirmar— sempre estivo acompañando esta empresa e mantivo un proceso de diálogo co sector empresarial que, como Altri, está interesado en investir para a riqueza e o emprego en Galicia.

Máis nada. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora Sanz.

Novamente, para a réplica do Goberno, ten a palabra o señor Conde.

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN (Conde López): Moitas grazas, señora presidenta.

Señora Sanz, Altri é seguramente un dos mellores exemplos da Galicia que queremos construír de cara ao ano 2030. É un proxecto baseado na dixitalización, baseado na trazabilidade, baseado na sostibilidade e baseado na circularidade; un proxecto que pode transformar a industria forestal no noso país e que, polo tanto, a través deste investimento, pode xerar riqueza, pode xerar empregos e pode consolidar a industria forestal. Creo que, nese sentido, o que lle podemos trasladar a Altri é que imos seguir traballando xuntos, imos seguir apoiando este proxecto, imos seguir poñendo todos os trámites administrativos á disposición para que poida ter esa licenza de construción. E, ao mesmo tempo, imos seguir acompañando a Altri para xerar esa sensibilidade que precisamos no Goberno central e para que se lles dea unha resposta aos fondos europeos.

Nestes momentos a realidade é que Altri non ten unha ventanilla onde acudir, presentar o seu proxecto e poder identificar as diferentes axudas. A única resposta que se lle está dando dende o Goberno é simplemente acudir a diferentes convocatorias —todas elas con contías insuficientes para os investimentos que se queren desenvolver neste proceso de transformación—. E por iso nós o que lle estamos pedindo ao Goberno é que dea unha resposta.

Pero, sobre todo, o que lle pedimos ao Goberno é que escoite as empresas. Cando falamos de proxectos transformadores, hai que escoitar as empresas. O propio conselleiro delegado da compañía sinalou —e cito textualmente—: «*Hemos concebido un proyecto integrado, con una estrategia de proximidad; y hemos encontrado dentro de la sociedad Impulsa y de la Xunta de Galicia la cobertura necesaria.* Di o conselleiro delegado de Altri que «*estamos trabajando de forma muy*



intensiva con equipos en Galicia y en España. Hemos seleccionado una ubicación que se ajusta a las características del proyecto y ahora estamos en la fase más crítica de la preparación del mismo, la que tiene que ver con la financiación».

Es, señorías, el consejero delegado de Altri, que está trasladando certeza sobre su proyecto, sobre el impacto que su proyecto puede tener en Galicia. Y lo que temos que hacer es dar esa respuesta con responsabilidad.

E o que lle pedimos ao Goberno é igualdade de oportunidades. O Partido Socialista está trasladando apoios directos a outras comunidades autónomas, como poden ser Cataluña e Valencia, para o vehículo eléctrico —con 120 millóns de euros que concedeu de forma directa—; igual que comprometeu para Asturias, a través do PERTE da descarbonización, 460 millóns de euros de forma directa —antes incluso de presentar a convocatoria—.

Señorías, o que lle pedimos ao Goberno é igualdade de oportunidades e apoiar este proxecto de Altri.

Nada máis e moitas grazas. (Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Avanzamos ao apartado de interpelacións; neste caso, pasamos ao punto 4.1.

Interpelación de D^a Ana Pontón Mondelo e dezoito deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política do Goberno galego en relación coa planta xudicial en Galicia

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para formular a interpelación ten a palabra, por tempo de dez minutos, don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, do Bloque Nacionalista Galego.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: Bo día, señora presidenta.

Señorías.

Señor conselleiro, antes de máis, queremos reiterarlle o noso compromiso, a nosa vontade e a nosa disposición a colaborar para a mellora da xustiza en xeral e da Administración de Xustiza en Galiza. Dixémosllo na primeira comparecencia e reiterámosllo no día de hoxe.

En segundo lugar, transmitímoslle a nosa preocupación polo absoluto silencio da Xunta de Galiza ante feitos que consideramos moi graves. Considerámoslos moi graves porque entendemos que a Administración de Xustiza é un servizo público, mais a xustiza é esencial para o funcionamento dun Estado democrático e de dereito. E entendemos que as actitudes destapadas pola Audiencia Nacional no caso Kitchen non só tratan dun grave caso de corrupción —que tamén— senón, o que é peor, da utilización de medios e de recursos públicos para impedir a actuación da xustiza, que entendemos que é máis grave aínda. E a Xunta de Galiza ante iso non pode permanecer silente.



Igualmente lamentamos tamén o silencio da Xunta de Galiza ante o bloqueo do Partido Popular da renovación do Consello Xeral do Poder Xudicial, un bloqueo que entendemos que non é, desde logo, inocente; que seguramente obedece a esa vontade non disimulada de controlar a Sala Segunda do Tribunal Supremo pola porta de atrás, ou de controlar tamén a Sala do Contencioso-Administrativo. O certo é que ese bloqueo ten consecuencias directas para a Administración de Xustiza de Galiza, non só asusta á Unión Europea, non só preocupa á Unión Europea, senón que ten consecuencias directas na nosa Administración de Xustiza.

Mais entrando no contido estrito da nosa interpelación, o primeiro que queremos é reiterar a nosa reflexión sobre o limitado das competencias de Galiza en relación coa ampliación e modificación da planta e demarcación xudicial. É dicir, Galiza non ten competencias, non ten a capacidade de decidir que órganos xudiciais se crean, cando se crean e de que características ou a que orde xurisdiccional pertencen; é dicir, non temos esa capacidade. Mais os galegos e as galegas somos os que padecemos as demoras dos procedementos xudiciais, somos os que vemos os nosos litixios, os nosos intereses, ditaminarse en sede xudicial. E somos tamén os que cos nosos recursos públicos estamos a manter o salario da meirande parte dos funcionarios e funcionarias, das infraestruturas e dos medios materiais. É dicir, temos os intereses, pomos os recursos mais non temos a capacidade de decisión sobre os órganos xudiciais que fan falta. Galiza só ten, igual que o Consello Xeral do Poder Xudicial, a capacidade de audiencia, a capacidade para ser oída. Nin sequera o informe favorable, nin sequera propostas; non, non, simplemente unha mera audiencia.

E, claro, como consecuencia desta situación, ¿que é o que temos? Pois o que vivimos foi que nas programacións de 2011, de 2012, de 2013, de 2015, de 2016 e de 2018 na Galiza —cun goberno supostamente amigo seu no Goberno do Estado— non se creou ningún xulgado en Galiza. Repítollo por se non o sabe: durante o goberno de Mariano Rajoy —agás en 2017— na Galiza, ¡ningún xulgado!, ¡ningún! Iso é un goberno amigo.

E, por certo, non é que non fixesen falta os xulgados. O Consello Xeral do Poder Xudicial —non só o Bloque senón o Consello Xeral do Poder Xudicial— nalgún deses exercicios dicía que para Galiza necesitaban 12 xulgados —non 12 unidades xudiciais, 12 xulgados—; noutro exercicio, 8; e noutro, 6. ¿Creados? ¡Ningún! A partir da programación de 2017, pois si: nun caso, 4; e nos outros, 3 e 3.

Por iso as nosas preguntas. Estas competencias, estas facultades que ten Galiza, ¿considera o señor conselleiro que son abondas para atender as nosas necesidades? ¿Ten previsto facer algo para incrementar as competencias ou as facultades de Galiza en relación coa planta xudicial? Porque, como consecuencia desa inacción, como consecuencia dese desleixo, como consecuencia do seu desinterese e tamén do desinterese do seu predecesor, resulta que a situación xudicial en Galiza ¿cal é? Pois é que, por exemplo, o exercicio de 2022 se pechou con 167.000 asuntos pendentes —11.500 máis que no ano anterior—. E medra en todas as ordes xurisdiccionais, tanto no civil, no penal como no contencioso ou no social. En materia civil, duplicamos a pendencia —é dicir, o número de asuntos pendentes— de hai dez anos. Esa é a brillante xestión do Partido Popular cun goberno amigo. Bueno, curiosamente durante todos estes quince anos non crearon ningún órgano da xurisdición penal, nin de instrución nin xulgados do penal. Eu non sei por que pero podemos imaxinalo.



Pero o máis grave, se cadra, é que tampouco nas vilas deste país durante quince anos crearon ningún xulgado. E como consecuencia disto ¿que temos? Pois que en Carballo, Ribeira ou Sarria ao remate do terceiro trimestre xa cumpriran o mítico módulo; que en Vilagarcía ou Viveiro xa sobrepasaran con moito o módulo establecido polo Consello Xeral do Poder Xudicial en 2018, considerado como máximo para que un xulgado non poida colapsar. ¿E por que non colapsan? Porque nalgúns dos xulgados as traballadoras van ata o domingo traballar. O abandono da Xunta de Galiza, por exemplo no caso de Viveiro, é tal que nalgún caso vense avogadas a ter que traballar os domingos.

Os xulgados de familia de, por exemplo, Ourense e Santiago exceden o módulo e mesmo nalgún exercicio chegaron a duplicalo. Dende hai máis de cinco anos contan cun xuíz de reforzo. Existe xa o consenso de que, despois de tres anos de reforzo ou dunha medida interina, esa necesidade pasa a ser estrutural. Pois ben, nestes xulgados, tanto o de Familia de Ourense como o de Santiago, xa levan aproximadamente cinco anos cun reforzo. Por tanto, estamos non cun parche, senón que estamos cunha necesidade que xa é estrutural.

De idéntica situación podemos estar falando dos xulgados do penal de, por exemplo, Ourense e Lugo. Dende hai anos tamén superan ese módulo máximo. Dende hai anos contaban —dende hai sete anos, por exemplo, no caso de Ourense— cun xuíz tamén de apoio nos tres xulgados para que eliminase a carga de traballo. Superan os módulos sen ter en conta as medidas de execución de penas, porque tamén se teñen que encargar dos ingresos en prisión, dos pagamentos de indemnizacións, das pulseiras; é dicir, de que se quebranten ou non esas medidas de alonxamento.

E mire, señor conselleiro, ¿sabe as consecuencias de que un xulgado do penal teña demoras? ¿De que, por exemplo, nun dos xulgados a que fixen referencia xa estean sinalando as vistas para o mes de novembro? ¿Sabe cal é a consecuencia? A consecuencia non é a excarceración; a consecuencia é que moitas persoas, moitos delincuentes ven reducidas as súas condenas ou incluso non chegan nin a ingresar en prisión pola aplicación do atenuante de dilacións indebidas, que non é outra cousa que un mal funcionamento da Administración de Xustiza. Un mal funcionamento da Administración de Xustiza do que a culpa non a ten Pedro Sánchez —ou, polo menos, non en exclusiva—, senón que a culpa é súa.

E entendemos —e poderíamos explicarllo se fixese falta— que non debemos aternos, no incremento da planta xudicial, exclusivamente a ese módulo establecido en 2018 polo Consello Xeral do Poder Xudicial. Entón, á marxe de que se dea ou non un número de entrada de asuntos, entendemos que é necesario un incremento e especialización nos xulgados de violencia sobre a muller. Con respecto aos xulgados de violencia sobre a muller, á marxe do módulo de entrada, a adicación e o tratamento específico que requiren este tipo de materias e a situación de garda permanente na que se atopan os funcionarios destes xulgados todos os días do ano, fan moi complicado que poidan atender con normalidade as gardas propias dun xulgado de instrución. É complicado que poidan atender a instrución de asuntos complicados en materia de tráfico de drogas, en materia, por exemplo, de sinistros ferroviarios, que poidan compatibilizar e que ese xulgado... Si, coincide que ambos recaeron en xulgados de violencia sobre a muller. É moi complicado e, por tanto, non podemos fixarnos exclusivamente nese módulo.



Por iso celebramos o cambio de actitude e que decidisen propor —é a única proposta que coñecemos— a creación dun xulgado de violencia sobre a muller comarcalizado en Santiago. O que si non entendemos é por que con carácter inmediato só en Santiago e non, por exemplo, en Ourense, cando os números de Ourense desgraciadamente son moi superiores. Son un cincuenta por cento superiores aos de Santiago de Compostela, cando menos segundo a fonte do Consello Xeral do Poder Xudicial. É dicir, 575 de entrada respecto de máis de 875 no partido xudicial Santiago-Ourense, exclusivamente de carácter penal. ¿Por que non entende que é inmediatamente necesaria a creación tamén en Ourense e en Lugo?

E despois gustaríanos unha aclaración. Xa este Parlamento ten pronunciamentos en diversas ocasións, incluso en 2010 e en 2011 sobre a posibilidade de que fosen comarcalizados. Pero ¿cal é o criterio para comarcalizalo e cal vai ser a atención ás vítimas que non residan dentro do Partido Xudicial de Santiago, para que non se vexan descompensadas ou prexudicadas con esta comarcalización e sigan tendo o mesmo acceso á formulación de denuncia e á presentación desa solicitude de orde de protección e para que non vexan penalizada esa situación como consecuencia da comarcalización? ¿En que consiste ese proxecto, esa proposta que vostedes formulan?

Mais en todo caso, e xa para ir rematando, non todo —no Bloque Nacionalista Galego tamén así o consideramos— é ese incrementalismo de crear novas unidades xudiciais; só as que sexan estritamente necesarias que xa, polo atraso que levamos, son moitas. Tamén hai que atender a que existe un auténtico desleixo cos medios auxiliares e medios complementarios para o funcionamento da Administración de Xustiza e que existe un abandono total —que vostede non compensa, pero que xa tiña o seu antecesor— respecto dos sistemas extraxudiciais de solución de conflitos.

Así, non só o Bloque Nacionalista Galego, senón penso que sindicatos, organizacións profesionais ou a propia Sala de Goberno do Superior de Xustiza de Galiza reclaman un incremento dos equipos técnicos do Imelga. Dende hai tempo os equipos psicosociais do Imelga, nalgúns partidos xudiciais e nalgúns subdireccións territoriais tardan anos en emitir un informe. ¿Que implica iso? ¿A quen afecta máis? Pois afecta os procedementos de filiación, os procedementos matrimoniais, os procedementos de instrución, os procedementos penais e os procedementos de violencia sobre a muller. E a solución non é a externalización; a solución non é, como en 2017, externalizar a colexios profesionais ou a empresas privadas a emisión deses informes. A esencia do Imelga é que sexan emitidos por funcionarios imparciais e particularmente cualificados.

E, sobre a utilización de sistemas extraxudiciais, a utilización por exemplo da mediación intraxudicial no ámbito civil ou penal, explíquenos por que dende hai anos nin sequera hai eses convenios para que se poidan seguir realizando estas...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señor Tabarés.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: ...medidas —remato, señora presidenta—, que supoñen unha axilización e un beneficio para todas as partes nos procedementos.



En suma, as competencias ¿son abondo ou non? ¿En que fundamentan esas medidas para propor o incremento da planta xudicial e que outros sistemas teñen para compensar esa situación penosa na que se atopan, por exemplo, servizos complementarios e moi necesarios como é o Imelga?

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Antes de darlle a palabra ao vicepresidente, damos a benvida e saudamos os alumnos e alumnas de primeiro de bacharelato do Instituto de Educación Secundaria Terra do Xallas de Santa Comba, que nos acompañan dous grupos. A todos eles e ao equipo docente, benvidos á casa dos galegos, benvidos ao Parlamento de Galicia.

Ten agora a palabra o vicepresidente segundo e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, don Diego Calvo, por dez minutos.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Moi bos días, presidenta.

Señorías.

Aos alumnos de Santa Comba, tamén moitas grazas por estar aquí hoxe acompañándonos.

Mire, señor Tabarés, a verdade é que vostede empezou a intervención e sorprendíame, porque no primeiro punto dicía que volvía poñer enriba da mesa ese compromiso para colaborar coa Xunta de Galicia e acadar unha melloría na xustiza en Galicia. E eu, a verdade, é o que apuntei e recóllolle o guante e agradézollo.

É verdade que, a continuación, vostede describe unha situación que falta á realidade. Utiliza medias verdades e describe unha situación que non se parece para nada. Sorprendeume moitísimo que vostede amosase aquí a súa preocupación pola Kitchen e o bloqueo do Consello Xeral do Poder Xudicial e, sen embargo, non tivese un minuto para explicar por que o representante do Bloque Nacionalista Galego no Congreso —en definitiva, vostedes—, cando se demostrou e toda España é consciente de que unha lei, a do «só si é si», non funciona e está mal redactada e levamos setecentas cincuenta persoas condenadas por abusos sexuais ou por violacións que viron rebaixada a súa condena, se segue negando a rectificala. ¿A vostede iso non o preocupa? Pois eu creo que iso non sei se preocupará os seus compañeiros de escano, pero hai moitas persoas e moita xente en España ás que preocupa.

Porque eu estou seguro de que o que buscaban con esa lei non era iso. Sen embargo, cando se demostrou que estaba mal feita, que había fallos, vostedes negáronse o outro día no Congreso a rectificala. O propio Partido Socialista, aínda que tarde, deu marcha atrás e vostedes non. E, sen embargo, vostede aquí vén falar da Kitchen. Pois oia, eu creo que se hai unha alarma social en España e entre as mulleres é a lei que vostedes non queren cambiar e non é a Kitchen. Pero ben, é a miña opinión, señor Tabarés. É a miña opinión. (*Aplausos.*)



Como tamén vén dicir vostede aquí... Oia, ¿e non o preocupa que o goberno que vostedes apoian, co que vostedes están nas deputacións, nos concellos e teñen a súa cadeira, intente cambiar as leis pola porta de atrás? ¿Que ameace e que bloquee cambiar a lei para que o Consello Xeral do Poder Xudicial non puidese facer nomeamentos? ¿Iso non o preocupa en absoluto? Claro, cando vostede vén aquí e estas cousas non o preocupan a min dáme a sensación de que a primeira oferta que fixo vostede quizais non sexa moi sincera. Porque está demostrando que, efectivamente, non o preocupa o estado da xustiza. Preocúpano outras cousas.

Como, por exemplo esta iniciativa que traen vostedes hoxe aquí; era importantísima e era por urxencia e foi rexistrada o 4 de decembro do ano 2020, ante unha importantísima reunión que ía ter a Xunta de Galicia co Tribunal Superior de Xustiza de Galicia na Comisión Mixta. Pois desde aquela houbo xa varias reunións da Comisión Mixta. E vostede debería saber, primeiro, que as propostas que levamos á Comisión Mixta se consensúan co Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. ¡Consensúanse! E alí establécese unha orde, que despois pasarei a explicarlle. Pois non era tan urxente, porque isto foi rexistrado no ano 2020 e tráeno agora no ano 2023. ¡Pero se houbo moitas reunións! Xa se puxeron en marcha determinadas unidades xudiciais, pero a vostedes iso deulles exactamente igual. Tíñano que traer porque tocaba falar disto e queren trasladar unha imaxe que é a que pon aquí do ano 2020 e non ten nada que ver coa que é a día de hoxe, señor Tabarés. E debería sabelo.

Debería saber tamén que o poder xudicial é un dos grandes poderes do Estado; seguro que o sabe. E a Constitución recolle o principio de unidade xurisdiccional como base da organización e funcionamento dos tribunais. Pola súa parte, a Lei de demarcación de planta xudicial, en cuxo preámbulo se recolle a Lei orgánica do poder xudicial, é o piar normativo sobre o que se apoia o cumprimento dos fins constitucionalmente atribuídos ao poder xudicial. E dota de contido os principios de independencia, plenitude de unidade e xurisdición e garantía de imperio da lei. Nesa lei, defínese a intervención e a competencia de cada administración en materia de planta e demarcación xudicial.

Polo tanto, a competencia para a creación de novas unidades xudiciais, é dicir, modificando o número e composición dos órganos xudiciais, é unha competencia que lle corresponde ao Goberno do Estado, señor Tabarés. Neste senso, a Comunidade Autónoma non ten competencia para decidir o número de xulgados que se crean. Pero si que facemos propostas. E facemos propostas de maneira conxunta —repítollo— coa Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Esas propostas van priorizadas e é despois o Ministerio o que establece cantas unidades xudiciais se crean en cada comunidade autónoma. E algo moi importante: en Galicia, dende hai anos, sempre que o Ministerio nos concede a creación de novas unidades xudiciais, sempre o 2 de xaneiro están en funcionamento.

Dirá: «home, iso é o normal». Non, non é o normal. Hai comunidades autónomas de todos os signos políticos que tardan meses e meses e meses e ás veces renuncian, porque non son capaces de poñer en funcionamento esas unidades xudiciais. En Galicia si; sempre. O 2 de xaneiro están funcionando con todos os funcionarios, todo o equipamento e todo o que necesitan para que poidan funcionar. (Aplausos.)



E dicía vostede que non se crearan. Mire, dende que Galicia ten as competencias en materia de xustiza temos que se puxeron en funcionamento noventa e catro órganos xudiciais, señor Tabarés, noventa e catro. Non sei se son suficientes; son noventa e catro. Para vostede, como é incapaz de recoñecer nunca nada positivo aínda que veña dicindo que vén colaborar, pois son poucos. Ben, unha media de máis de catro novos xulgados cada ano. ¡Unha media de máis de catro cada ano! Para iso tivemos que facer un grande esforzo investidor; en infraestruturas tamén, 124 millóns de euros. Pero, sobre todo, en persoal, porque cada xulgado que se crea leva aparelladas oito persoas que paga a Xunta de Galicia cos orzamentos que pagan os galegos e as galegas. E sempre —repito— sempre estivemos aí e sempre estivemos cumprindo, cousa que non fan noutras comunidades autónomas.

Polo tanto, sempre asumimos os órganos que se nos dan. Este mesmo ano, o 2 de xaneiro, empezou a funcionar o de Primeira Instancia número 15 da Coruña, o de Primeira Instancia número 16 de Vigo e o Número 6 de Lugo. Ese é o compromiso que temos a Xunta de Galicia coa xustiza e que nunca imos obviar.

Onte mesmo houbo unha comisión mixta, unha reunión co Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Xa lle digo que non foi porque vostede trouxese esta iniciativa, senón que tocaba agora no mes de marzo; para que non o diga despois. Non se preocupe, que isto xa está previsto; todos os anos pasa o mesmo e é nestas datas.

Nesa comisión propuxemos: un xulgado de violencia de xénero sobre a muller de carácter comarcal, con competencia exclusiva e excluín-te en Santiago de Compostela, como primeira opción, para despois levalo tamén ás cidades de Ourense, Lugo, Pontevedra e Ferrol. É verdade. En segundo lugar, propuxemos un maxistrado da Audiencia Provincial da Coruña, que xa estaba proposto o ano pasado e, sen embargo, o Goberno non nos fixo caso. E tamén propuxemos un maxistrado da Audiencia Provincial de Pontevedra, que tamén estaba na proposta do ano pasado e, sen embargo, o Goberno desbotou porque non quixo atendela. Por último, propuxemos un xulgado de primeira instancia na Coruña, un xulgado de primeira instancia en Ourense, un xulgado contencioso-administrativo en Santiago de Compostela, un xulgado social en Ferrol e oito xulgados mixtos nos partidos xudiciais de Vilagarcía, Viveiro, Ribeira e Carballo.

Ese é o compromiso da Xunta que onte aprobou na Comisión Mixta xunto co Consello Xeral do Poder Xudicial, co Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e coa sala de goberno.

E, ¿por que facemos esta orde de xulgado? ¿Por que facemos esta prelación de xulgados? Porque os debatemos, señor Tabarés. Porque, efectivamente, míranse os números que entran en cada un dos xulgados. Efectivamente, e estamos ben en toda Galicia. Iso non quere dicir que nalgún caso non haxa algún por enriba do número de entrada. Agora, somos conscientes de que temos que seguir pedindo novas unidades xudiciais, novos xulgados para seguir mellorando.

E cando falaba vostede do de violencia de xénero en Santiago, efectivamente, en Santiago non dan os números. Pero se o facemos comarcalizado, probablemente aínda así non chegamos, pero entendemos que desviamos traballo do resto dos partidos xudiciais e que que-



dan incluso máis liberados. E empezamos por Santiago, porque cremos que era onde máis facía falta. E xa anunciamos que tamén o levaremos ao resto das cinco cidades que, aínda a día de hoxe, non o teñen, a pesar de que están alonxadas do número. Pero cremos que esa é aposta que temos que poñen enriba da mesa e por iso o fixemos así.

Polo tanto, señor Tabarés, eu non sei cando vostede vén aquí e empeza a falar de todos os xulgados que hai por aí... Non, non é certo. Nós as propostas que facemos non a sacamos dun bolsillo, nin botamos un dado ao aire, nin dicimos a quen imos beneficiar. ¡Non é certo! E vostede sabe que o que lle digo é verdade. Isto fálase co Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e chégase a un acordo en cales son as unidades que temos que propoñer. Pero —re-pito— quen decide cales se van propoñer é o Ministerio.

A min faime grazas, porque na pregunta anterior e na pregunta da señora Pontón sempre nos botan a culpa á Xunta de Galicia, aínda que quen decida é o Partido Socialista. Oia, eu pregúntolle: ¿que ten que facer o Partido Socialista para que vostedes poñan en xaque os seus gobernos nas deputacións e nos concellos? Porque a señora Pontón dicía hai un momento que nos acusaba de que condenabamos o sector da pesca e que somos os peores. ¡Cando a decisión non foi nosa, que foi do Partido Socialista! Pero vostedes son covardes politicamente para dicilo e prefiren atacar o Partido Popular, cando quen toma esas decisións son os seus socios. *(Aplausos.)* E eu pregúntome: señor Tabarés, ¿que ten que facer o Partido Socialista para que vostedes o poñan no seu sitio? Ten máis forza todo o grupo parlamentario se toma a determinación e o Bloque lle di ao Partido Socialista: «se vas por aquí, rompemos os gobernos». Iso si que é ter forza. O deputado en Madrid non vale para nada e cando ten que votar xa vota, como lle dixen antes. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* O que vale é que vostedes poñan en solfa o Goberno socialista. Pero, ¿sabe cal é o problema? Que as cadeiras para vostedes valen moito. Que manter as deputacións e os concellos vale moito. Por iso, faga o que faga o Partido Socialista o culpable é o PP. Por iso, esa proposta inicial en que vostede dicía que viña aquí...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): ...—xa remato, presidenta— para colaborar eu agradézolla, pero sinceramente non a creo.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Para a réplica, ten novamente a palabra don Iago Tabarés.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: Tratando de ser breve, a verdade é que é unha mágoa que a vostede a xustiza lle importe ben pouco.

Do que estamos a falar non so é de perseguir a corrupción —que, por certo, a Unión Europea está moi preocupada pola falta de persecución da corrupción de alto nivel—, senón tamén



da demora nos procedementos xudiciais e da falla de renovación do Consello Xeral do Poder Xudicial. Pero se unha persoa para que se lle recoñeza unha pensión ten que agardar cinco anos, a vostede iso non lle importa. Se para unhas medidas matrimoniais ou unhas medidas de filiación hai que esperar tres ou catro anos, a vostede iso non lle importa. Vostede vén cun discurso estereotipado, un discurso sen fundamento e, o que é máis preocupante, un discurso sen rigor ningún.

Mire, ¿por que a urxencia desta iniciativa e por que a traemos hoxe? A verdade é que pensei que o sabería, pero é que no Congreso dos Deputados agora reactivouse —xa está en fase de informe de ponencia— unha reforma que permitirá, se se quere, que a Xunta de Galicia, a Comunidade Autónoma galega, teña máis competencias en materia de planta e demarcación xudicial. ¡Está agora a tramitarse no Congreso e vostede non se enterou! (*Aplausos.*)

Por certo, vostede pode falar do noso deputado, de que o seu traballo lle parece pouco... Mire, e dígoo con pena: porque ao representante do Partido Popular por Ourense coñézoo e aprézoo, ¡pero é o número 1 en erros á hora de votar! (*Aplausos.*) Despois de levar vinte e cinco anos como deputado, o único mérito que ten é que é o que máis se equivoca e polo que en Ourense xa é coñecido.

Temos aí unha modificación lexislativa importante. Aí estámonos a xogar —e sei que o Partido Popular non fai nada— que a creación de seccións, que a creación de xulgados, que a creación de prazas de xuízas ou a comarcalización ou a especialización de unidades xudiciais vaia depender de nós. Que non volva subir aquí e dicir: «non, e que nós non temos nada que facer, que a culpa é de Pedro Sánchez». Pois agora é o momento para tratar de mudar as cousas.

E mire, o de que está falando da media de creación de xulgados... Será a media histórica dende que existe a autonomía, pero realmente dende que gobernan vostedes, dende que vostede ten responsabilidade de goberno, dende que está Feijóo ou *el Sucesor*, ¡en 2011 non crearon ningún! ¡En 2012, 2013, 2014, 2015, 2016 e 2018 non crearon ningún! Non dá a media. Facían falta, mais non crearon. E vostede non veña dicindo que todo isto está consensuado coa Sala de Goberno. Por certo, o Consello Xeral do Poder Xudicial xa ten audiencia por outro lado, pero ben.

¿Cal é a proposta que levan vostedes? E dígoo porque nós pedimos esa documentación á Xunta de Galiza, e, como en tantos outros casos, a Xunta de Galiza non remite esa documentación solicitada polos grupos parlamentarios; un sistema democrático, un respecto polas institucións e pola democracia bastante cuestionable. Porque mire, a sala de Goberno, o pasado 30 de marzo de 2022, reuniuse ás nove e media e fixo unha proposta que foi casualmente a mesma proposta da Comisión Mixta de tres horas despois. ¿Onde está o seu traballo? ¿Onde están as súas propostas? ¿Onde está a súa capacidade de negociación? ¡Vostedes non consensúan, vostedes o único que fan é un contrato de adhesión!

E di —e iso simplemente é mentira e é unha falta de respecto a esta Cámara— que dos xulgados de Galiza ningún excede do módulo. En primeiro lugar, para que vostede questione o módulo. O módulo está feito para todo o Estado, pero non todos os xulgados do Estado teñen o mesmo número de funcionarios. Galiza ten menos por unidade xudicial.



En Castellón —moléstese en mirar—, en Toledo, en Jaén... hai máis funcionarios por órgano xudicial que en Galiza. Por tanto, aplicarlle o mesmo número de entrada para crear novas unidades xudiciais é absolutamente inxusto.

Pero, en todo caso, todos os xulgados que lle dixen exceden do módulo. Hai aproximadamente entre doce e quince xulgados neste país que exceden do módulo considerado máximo polo Tribunal de Xustiza. Non o mirou; as cifras non son do Bloque Nacionalista Galego, as cifras foron feitas públicas, aínda que con atraso, polo Consello Xeral do Poder Xudicial. Eu creo que debería molestarse, debería estar no seu cargo e na súa responsabilidade ver como está o módulo, ver como están as unidades xudiciais e despois facer algunha proposta.

E respecto aos xulgados de violencia, eu non entendo que cambiou neste ano para que vos tedes hai un ano dixesen que non facían falta e agora rectificasen. Os números, esencialmente, son os mesmos. E despois resulta que o pide o Ministerio Fiscal, que o piden os xuíces, que o pide a sociedade. Pero pídeno xa, non dentro de dous ou tres anos ou cando cambie a estrutura.

E despois outra cuestión. Insistimos, a reforma que se está a levar no Congreso non vai ser tan lesiva como a que propuña o señor Gallardón —tamén amigo seu—, que pretendía cargarse todos os partidos xudiciais, pero aquí pode provocar que xulgados como os de Bande, xulgados como os de Trives, xulgados como os de Sarria, Celanova, Muros, Negreira, A Fonsagrada ou Becerreá acaben desaparecendo e o seu traballo se acabe realizando dende outro sitio. E ante iso, ¿que van facer?

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señor Tabarés.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: E, por último, para rematar. Por suposto, xa o dixemos con reiteración —non sei se como agora tampouco estaba moi atento ou moi preocupado—: se unha lei está mal haberá que cambiala. Nós somos exemplo, vostede, eu e Núñez Feijóo. Aquí fixérase mal en Galiza a Lei de dereito civil e rectificouse. Se unha lei está mal hai que rectificala, pero hai que rectificala para ben.

E, sobre todo, dúas cousas —para rematar—: o tema da Kitchen é absolutamente gravísimo. ¿Por que? Porque é obstaculizar o funcionamento da Administración de Xustiza con recursos públicos. ¡Iso é gravísimo! Con recursos públicos agochar a corrupción, a través dunha trama organizada a través do Ministerio do Interior. Iso é gravísimo e non se pode deixar pasar. Eu creo que ata aí, ata calibrar a diferenza en termos democráticos dese comportamento e doutros, podería chegar.

E despois, por último, unha reflexión que lle fixen —polo visto non debía de estar atento ou debía de ser pouco interesante—...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señor Tabarés.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: ...sobre que o mal funcionamento —remato; prometido, señora presidenta— dos xulgados de instrución e dos xulgados do penal provoca que, por



dilacións indebidas —e creo que hai un caso recente en Lugo e hai outro caso recente tamén en Ourense, tamén grave e tamén de violacións—, nin sequera cheguen a ingresar en prisión. O atenuante de dilación indebida por responsabilidade súa, por responsabilidade do funcionamento da Administración de Xustiza..

A señora PRESIDENTA (Candia López): Rematou o seu tempo, señor Tabarés.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: ... estase a aplicar día si e día tamén. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Rematou o seu tempo.

Ten novamente a palabra o señor Diego Calvo.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Moitas grazas, presidenta.

Señor Tabarés, o que parece que non está atento é vostede, porque o outro día no Congreso dos Deputados o que se debatía era a admisión a trámite da modificación da lei. E, sen embargo, o seu deputado e o Bloque Nacionalista Galego manifestáronse en contra. Polo tanto, vostede vén aquí e dime unhas cousas para que o escoiten para quitar un corte e despois poñelo por aí, pero despois fan o contrario. Iso chámase «hipocrisía política».

Di vostede que esta preocupado pola corrupción, pero o seu deputado en Madrid votou a favor do cambio da modificación do delito de prevaricación. ¡Home, moi preocupado non debe de estar! (*Unha señora deputada:* malversación.) Malversación, perdón, malversación. ¡Ah, iso dálle igual! (*Murmurios.*) Claro, non, pero «estamos preocupados pola corrupción», pero «crece en Europa a preocupación polo estado de dereito en España». A vostedes iso non os preocupa absolutamente nada. ¡Non os preocupa absolutamente nada! E que o presidente do Goberno nomee exministros no Tribunal Constitucional tampouco os preocupa absolutamente nada. Para vostedes con iso non pasa nada. Que a fiscal xeral do Estado acabe de ser unha ministra a vostedes non lles parece absolutamente nada; vostedes aí non teñen problema. Aí non hai ningún alboroto, non hai ningunha sensación na rúa de que pase nada; aí non pasa nada, aí non pasa absolutamente nada.

Pero mire, en fin, nós estamos acostumados, de verdade, señor Tabarés, a que o tempo pase en Galicia, as cousas se vaian modificando, que vaíamos mellorando eu creo que en case todos os ámbitos; no da xustiza tamén. E vostede, cando fala con todos os operadores neste sistema, pode que teñan ideas distintas ou que lle digan que falta isto ou que falta o outro... Pero respecto da evolución favorable da xustiza en Galicia vostede non pode chegar aquí, pretender ser serio e dicir que isto está fatal, porque non é verdade.

E di vostede que nos adherimos a unha relación que fai a Sala. Oia, nós enviamos unha relación e falamos antes de enviala e sabemos as opinións que hai. Buscamos os nosos números, intentamos argumentar, buscar e poñer un pouco de sentido en todo isto. Claro que si. E xa o facemos. Xa sei que a forma de traballar de vostede é outra: coa pancarta é á brava. Nós non somos así, ¿que quere que lle diga?; nós intentamos chegar a acordos e negociar cando hai vontade polas dúas partes. Pola súa parte non teño claro que a haxa.



Falaba vostede dos xulgados de violencia de xénero. O indicador da entrada de asuntos para os xulgados de violencia contra a muller establécese en 1.600 asuntos para cada xurisdición, civil e penal. E os datos que ten o Consello Xeral do Poder Xudicial son: Xulgado de Instrución número 3 de Pontevedra: civil, 58; penal, 285; total, 343. Número 3 de Lugo: civil, 74; penal, 405; total, 479. Número 3 de Ourense: civil, 43; penal, 1.132; total, 1.175. Número 3 de Santiago: civil, 72; penal, 530; total, 602. Número 2 de Ferrol: civil, 33; penal, 427; total, 460. Están moi lonxe do que vostede veu aquí explicar intentando cambiar os datos e dar unha imaxe que non é certa, señor Tabarés.

Eu noutros temas podería entendelo, pero no tema da xustiza vostede, con esta postura, non está sendo coherente consigo mesmo. A min o que me preocupa é que, a pesar da situación e sendo coñecedor de cal é a situación real, vostede veña aquí e faga o papel que lle encomendan no Bloque. A min iso preocúpame.

A min o que me gustaría hoxe nesta intervención é quedar con esa primeira idea que vostede trouxo a esta intervención de que viña aquí colaborar. E se vostedes veñen aquí colaborar e intentar mellorar a xustiza entre todos, o que lles pido é que apoiem a Xunta de Galicia na creación destes órganos de xustiza. Díciame: «jo de Santiago está ben, pero querémolo xa!». Oia, pero isto ten que ser o Ministerio. Vostede sábeo, ¿por que di iso? ¡Ten que ser o Ministerio, señor Tabarés! Nós fixemos a proposta e puxémola como primeira proposta; e agora tense que reunir o Ministerio.

Eu supoño que vostedes, que lle dan as deputacións e os concellos en moitos sitios en Galicia ao Partido Socialista, poderán poñer enriba da mesa as súas peticións de verdade. O que pasa é que non o queren facer porque as deputacións e os concellos xogan noutra liga e prefiren dirixirse a esta bancada do Partido Socialista ou á Xunta do PP como causantes de todos os problemas, cando quen ten que resolvelos son os seus socios; pero vostedes niso miran para outro lado.

Oian, pois é facilísimo. Teñen unha recua de cousas. Hoxe falaba a señora Pontón do tema da eólica mariña. ¡Pero se é fácil!; a señora Pontón dille ao señor Valentín: «oe, acabouse a Deputación de Pontevedra, a de Lugo e a da Coruña como non amañes isto». ¡Xa verá como se amaña! (*Murmurios.*) Pero iso non o queren facer, non vaia ser que vostedes saian dos gobernos e perdan as cadeiras. (*Murmurios.*) (*O señor Tabarés pronuncia palabras que non se perciben.*) En Ourense teno máis complicado, señor Tabarés. Pero non o queren facer porque teñen medo a perder as cadeiras; a poder perder o pouco poder que teñen nas institucións. Por iso non o fan; é máis fácil mirar para a bancada do Partido Popular.

Eu repítolle que se vostede...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señor Calvo.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): ... —xa remato, presidenta— vén con ganas de colaborar, agradézollo. Pero non pode dicir que vén vostede colaborar e a continuación empezar a dicir cousas que non son verdade.



Nada máis e moitas grazas. (*Murmurios.*)

Moitas grazas.

Avanzamos coas interpelacións. Imos ao punto 2.

Interpelación de D^a María González Albert e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a aprobación do Consello de Informativos e o Estatuto profesional na Corporación Radio e Televisión de Galicia

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para formular a interpelación, por tempo de dez minutos ten a palabra dona María González Albert.

A señora GONZÁLEZ ALBERT: Obrigada, señora presidenta.

Bo día a todas e todos.

Bo día, señor vicepresidente.

Hai agora mesmo quince días preguntabámoslle —eu mesma llo preguntaba— neste mesmo hemicycle cando pensaban asumir as súas responsabilidades cos nosos medios públicos e afrontar o relevo dunha dirección xeral que está a perseguir, que está a castigar profesionais como método de control. Eu facíalle esta pregunta e revisei nestes días a súa resposta a esa pregunta para preparar esta intervención. Reviseina punto por punto e dixo vostede varias cousas; vounas intentar explicitar aquí.

Dixo vostede que a pregunta do BNG partía de premisas falsas. Revisei a exposición de motivos da nosa pregunta e eu recoñezo que me custa entender a que se refería. Eu preguntolle se a premisa falsa é que existe unha folga en curso na Corporación da Radio e Televisión de Galiza. Se a premisa falsa é que se están a producir movementos —non sei— estraños no cadro de persoal, con profesionais de longa traxectoria que se están a mover dun sitio a outro cunha evidente «falta de clase» —ímolo deixar de momento aí— por parte da Dirección, sen maior explicación a eses profesionais. Ou se aquela premisa falsa é que nesta cruzada están a pasar por riba incluso da calidade do medio.

Eu repito que revisei esa exposición de motivos e eu creo que partimos de tres feitos absolutamente comprobábeis. O persoal iniciou o 6 de marzo unha serie de mobilizacións que arrincaron cunha folga de vinte e catro horas; esa decisión foi tomada nunha asemblea de traballadoras e traballadores con obxectivos anunciados polo Comité Intercentros. Eses obxectivos eran reclamar o cesamento dos abusos e restabelecer un clima laboral respectuoso cos dereitos. O Intercentros denunciaba os «traslados de persoal como forma de castigo» —palabras do Intercentros— da radio para a Internet, ou de televisión en televisión ou para a radio. A Corporación da Radio e Televisión de Galiza converteuse en noticia pola nefasta xestión do persoal e dos seus recursos.

Eu traio aquí unha breve escolma (*A señora González Albert amósalles un documento aos membros da Cámara.*) de distintos medios que levan noticiando esta cuestión no último mes, desde



Nós Diario a El Diario, El Plural, Público, Praza, Galicia Press, El País —ese sei que ata lles fixo especial dano— etc. e podemos seguir. Polo tanto, eu pediríalle que, de verdade, non negue a realidade, que é que existe un problema latente e que se está tratando na sociedade desde un punto de vista bastante amplo e con moitísima preocupación.

Dixo tamén vostede: «non teñen datos, só opinións do persoal con evidente nesgo ideolóxico». Eu voulle dar datos. Por exemplo, un comunicado oficial do Colexio dos Xornalistas de Galiza, que tivo que dirixirse á Dirección da Corporación da Radio e Televisión de Galiza para exixir explicacións e aos grupos desta Cámara para pedir explicacións do que está a pasar na Televisión de Galiza. Este comunicado di cousas absolutamente tremendas, como por exemplo: «ante a negativa a xustificar a difícil posición na que se están a colocar os medios públicos, e como entidade de pleno dereito que ostenta a representación legal dos e das xornalistas, vémonos obrigados a pedir explicacións». Falan da inqueda ante a falta de resposta ás demandas dese colexio. Falan de que se dirixiron ao director xeral da Corporación, que declinou facilitar información. Falan de que, «como empregados e empregadas públicas, o cadro do persoal da Corporación da Radio e Televisión de Galiza ten dereito á progresión na carreira profesional e ao recoñecemento da súa experiencia e os coñecementos adquiridos, dereito que se está a poñer en cuestión con traslados forzosos como os que se están a realizar». Falan de «inqueda» e do «detrimento da calidade da información». Podíamos seguir con cousas que se din aí.

Máis datos. A Dirección Xeral da Corporación da Radio e Televisión de Galiza trasladou do seu posto profesionais de recoñecido —recoñecidísimo— prestixio, de ampla traxectoria profesional. E todas e cada unha desas persoas trasladadas —eu vou dicir castigadas ou represaliadas— fixeron despois deses traslados declaracións públicas manifestando, primeiro, o seu estupor e, despois, o seu propio e íntimo convencemento de que se trataba de castigos, moi lonxe de calquera criterio de calidade ou de profesionalidade.

Dixo tamén vostede que o que quería o BNG era intervencionismo e que ese intervencionismo non está de acordo á lei. Eu o primeiro que lle teño que dicir en relación a isto é que me resulta... É que non sei que cualificativo poñer. Que vostede aluda a unha lei que levan incumprindo de forma sistemática durante once anos para dicir que están en contra do intervencionismo... ¡É que hai que botarlle un papo á vida que, de verdade, eu hai veces que non lle arrendo a ganancia de estar no seu posto! (Aplausos.)

Eu recoméndolle, de verdade —porque eu sei que vostede durante un tempo se ocupou dos temas da Radio e Televisión de Galiza nesta Cámara—, que se ten un rato na súa apertadísima axenda revise a última Comisión da Corporación da Radio e Televisión de Galiza —a última, sen ir máis alá— na que se fixo un relatorio de dous meses de telexornais da Corporación da Radio e Televisión de Galiza. E se despois de escoitar ese relatorio vostede é capaz de vir aquí e dicirme que non existe manipulación informativa, de verdade que falamos doutra cousa, ¿vale?

Máis cousas que dixo vostede. Dixo que a litixiosidade hoxe está en mínimos e que cando se incrementou realmente foi no Bipartito. Eu lémbrolle que nos últimos dezasete anos hai case catrocentas sentenzas contra a Corporación da Radio e Televisión de Galiza —catrocentas,



falamos de centos — por burlar dereitos laborais de todo tipo e tamén dereitos fundamentais. Só o ano pasado, o ano 2022, houbo dezaioito sentenzas condenatorias só do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza para a Corporación da Radio e Televisión de Galiza. ¡Dezaioito sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza! Por rebentar folgas, por acosar xornalistas, por despedimentos ilegais, por contratacións irregulares etc.

E —como sei que este caso lles gusta moito— só o caso de Carlos Ximénez tiña que supoñer, de verdade llelo digo, o relevo inmediato da Dirección Xeral da Corporación da Radio e Televisión de Galiza. (*Aplausos.*) Esta persoa acumula quince sentenzas favorábeis por vulneración de distintos dereitos, a última demoledora: «por expedientalo e sancionalo ilegalmente como represalia por apoiar a Defende a Galega». Isto é o que di literalmente a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza.

E outra cousa que dixo vostede, que é a campaña de ataque aos medios públicos por parte do BNG o que realmente está a afectar o clima laboral. Supoño que o dirá agora tamén porque «o Bipartito e as audiencias», que son os dous argumentos. E eu xa llo dixen o outro día; isto é directamente un insulto, dígollo de verdade. Estamos a falar de catrocentas sentenzas —dezaioito só no último ano— e un clima laboral tremendo no que haberá esta mesma semana outras dúas xornadas de folga. Entón, recorrer ao Bipartito en 2023, de verdade llelo digo, está un pouco fóra de lugar; un pouco. E sei que é o que vai volver facer aquí, porque non teñen argumentos.

Porque vostede, aínda que non actúe como tal, é o máximo responsable da Corporación da Radio e Televisión de Galiza neste país. E non é un insulto só ao BNG e aos profesionais e ás profesionais que están loitando polos seus dereitos laborais e por un medio público que cumpre coas funcións de servizo público, senón un insulto á cidadanía.

E con estas cinco cuestións vostedes pretenden tapar unha realidade que —xa llelo dixen o outro día— non hai quen tape. Porque nestes últimos quince días que transcorreron entre a pregunta que lle fixen no anterior Pleno até hoxe, non amainaron as augas; escalaron, escalaron e escalaron nun conflito no cal eu —comentábao cos compañeiros e coas compañeiras o outro día, a ver se vostede mo aclara— descoñezo onde está a meta á que pretende chegar a Dirección Xeral da Televisión de Galiza con esta carreira. ¿Onde está a meta? ¿Onde van parar? Porque aquí trátase de sostela e non emendala caia quen caia; se teñen que caer os medios públicos parece que lles dá igual que caian. E están a caer e a nós preocúpanos moitísimo. Desde o noso punto de vista, estamos nunha situación absolutamente inédita e moi grave, que ten que ser explicada pormenorizadamente.

E vólveme falar de cartas, de Antón Losada, de hai catorce anos... Pero vostedes levan catorce anos gobernando neste país e teñen que dar explicacións do que leva pasado nestes catorce anos, do que leva pasado no último ano, do que leva pasado neste último mes. Porque están nunha estratexia —máis alá de todo o demais— empresarial absolutamente suicida, que está a prescindir e a ningunear os mellores profesionais cos que conta. Estanse dando tiros no pé nos nosos medios públicos, que están moi necesitados —máis necesitados que nunca— de calidade, de criterio, de transparencia e de respecto pola audiencia que os paga. E pagamos moito; a cidadanía galega paga máis de cen millóns de euros ao ano por soste



os nosos medios públicos como o que tiñan que ser, un servizo público, que vostedes se foron cargando punto por punto. (*Aplausos.*)

E eu, neste sentido —máis aló dos dous ou tres casos máis mediáticos que houbo neste mes e que puidemos seguir nos medios nestes últimos días—, no que ten a ver, por exemplo, cos castigos aos profesionais penso que estamos nunha problemática que, de verdade, xa se pode entender como xeneralizada. Ademais, cada vez son máis os e as profesionais que narran o caso, que explican como están a ser acosados desde distintos puntos de vista. Que, ademais, cada vez son máis os protocolos de acoso que se están a activar na Corporación da Radio e Televisión de Galiza baixo esta escusa —absurda, de verdade, e eu espero que non vaia por aí— do reaxuste na que estamos a asistir ás substitucións e intercambios absolutamente incomprensíbeis, do punto de vista —repito— de xestión do medio. Xente que directamente se deixa de lado, que se aparta do seu traballo, castigos con carácter —díxeno tamén o outro día— exemplarizante e cunhas formas en moitos casos indecentes.

Eu vou mencionar só algúns dos casos máis evidentes. Vou deixar moita xente, porque hai moita xente. Pero do caso de Alberto Ordóñez —e eu non vou repetir aquí a famosa frase do IPC e «iso non pode ir así porque ti xa sabes», porque a problemática non veu só desa peza, a problemática viña de antes—, direi só que é un profesional cunha traxectoria intachable na información económica e con formación específica na materia ao que a Dirección Xeral trasladou dun día para outro da Radio Galiza Noticias —que debe ser o programa dos represaliados— porque non lles gustou como pretende defender a súa independencia profesional. O caso de Nuria López, que entrou hai máis de vinte anos cun exame de radio e que agora moveron dun xoves para un luns á páxina web. Mónica Rosas, que leva toda a vida na Televisión de Galiza e que a chamaron para enviar...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señora Albert.

A señora GONZÁLEZ ALBERT: ...á radio —remato xa, señora presidenta—, sen negociación, sen diálogo. Mabel Montes levaba tempo na Televisión de Galiza e trasladárona á radio para facer unha peza de cinco minutos ao día; téñena facendo unha peza de cinco minutos ao día. Ou xente como Ana Expósito, como Mayte Cabezas; ¡como Mayte Cabezas, presentadora do *Vivir aquí* desde hai máis de trinta anos! É que non lles importou laminarse xa non só a ela, senón o programa enteiro, para poder xustificar que a laminaban. (*Aplausos.*) ¡É que é absolutamente demencial!

Son —repito— algúns dos nomes —remato xa, señora presidenta— entre todos aqueles que foron represaliados e que xa non puideron máis. A realidade é que estamos xa nun ambiente absolutamente duro no que non se pode traballar e que está a afectar a calidade do medio. Xa non se pode mirar para o outro lado.

E preguntábaslles hoxe moitas cuestións: ¿que valoracións fan da situación? ¿Como pensan afrontar este problema? Porque, de verdade, espero —repítollo de corazón— que non veña aquí dicirme que non existe un problema. ¡Non veña aquí dicirme que non existe o problema! ¿Como o van solucionar e que van facer para cumprir a súa lei, que —repito— non é a do BNG?



Por agora, máis nada. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Ten a palabra o vicepresidente segundo e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, don Diego Calvo.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Grazas, presidenta.

Señorías, a verdade é que levo dez meses no Goberno da Xunta e esta é a sexta pregunta que veño contestar ao Pleno acerca da CRTVG. E sempre marchó cunha sensación agradoce, primeiro pola satisfacción de poder dar os datos e de poñelos enriba da mesa, e, en segundo lugar, cunha sensación de tristeza, porque, digas o que digas e expliques o que expliques, o Bloque segue na súa teima, que é o que vén facer con este e outros temas.

E dígolle máis, non se dirixen tampouco a quen, segundo a Lei 9/2011, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia, ten que responder estas preguntas, que é o director xeral na Comisión de Control da CRTVG. Pero non hai problema. *(Murmurios.)*

Dicía vostede que eu tiña experiencia. Si, eu fun portavoz da CRTVG na etapa do Bipartito. ¡Como para esquecelo!, ¡como para esquecelo! Eu invítoa a vostede a que colla calquera das comisións que había alí e a que falemos das escaletas que había no Telexornal; e do resto tamén. Porque, claro, di: Non pode facer vostede referencia ao anterior. ¡Oia!, pero se é a única oportunidade que tiveron de gobernar e repartiron os informativos da radio para o Bloque, pero os programas da radio para o PSOE; e os informativos da TVG para o PSOE, pero os programas da TVG para o Bloque. ¿E sabe vostede como acabou todo iso? Ou sexa, o feito de repartir a radio e a televisión entre os dous partidos xa fala moito e é suficiente para ver a concepción que teñen vostedes dos medios públicos. E dime que non fale diso. ¿E logo de que quere que fale? ¡Pero se ese é o seu posicionamento, señora Albert!

Veñen aquí coas súas teimas, coas súas medias verdades, e non lles gusta cando lles dicimos as cousas. Esta é unha nova acción propagandística enmarcada dentro da campaña de ataque e de presión política dos medios de comunicación. Di vostede: non agoche un problema. Non, o problema quen o crea son vostedes; ou sexa, o Bloque Nacionalista Galego e as plataformas, periódicos e sindicatos, que só queren crear un problema onde non o había, señora Albert. *(Murmurios.)* E demostra cal é a súa visión. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Eu non teño a pel tan fina como a señora Pontón, non me importan que sigan falando. Vou seguir co mesmo. Non se preocupe, presidenta, non ten que dicir nada.

¿Sabe vostede o que están facendo con isto? Pois están seguindo... *(Murmurios.)* Ben, a ver, a pel fina, si, pero...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Señor Bará, señor Bará...



O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): ...non tanto. *(Murmurios.)* ¡Non tanto!

Mire, ¿sabe vostede o que están seguindo? Pois están seguindo a estratexia do trumpismo. Si, si, totalmente. *(Murmurios.)* Esa que vostedes critican e coa que se rasgan as vestiduras, que consiste en converter a prensa nun chivo expiatorio e denigrar un dos principais inimigos a bater. Iso é fundamental para vostedes, e vostedes cren que hai que acabar coa Televisión Galega, que hai que acabar con ela. A ofensiva feroz cara á CRTVG, a hostilidade que amosan cara aos seus profesionais é unha das primeiras liñas estratéxicas do manual do trumpismo. Seguro que o leron: eliminar a credibilidade dos medios de comunicación.

Vostedes están obsesionados coa CRTVG, están obsesionados... *(O señor Bará Torres pronuncia palabras que non se perciben.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Espere un momento, señor Calvo.

Señor Bará, vostede non está nin no uso da palabra nin forma parte desta interpelación. *(O señor Bará Torres pronuncia palabras que non se perciben.)* Pídlle por favor que respecte os turnos, e despois, cando remate, se quere facerlle algún comentario, faillo fóra. Agradeceríalle que non teña que volver chamarlle a atención, por favor.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Pois dicía que non falan dos expedientes completos, vostedes só utilizan aqueles que lles interesan. Cando se foi á Valedoría do Pobo e esta resolveu que non había..., ou non lles deu a razón, eses temas aparcáronos e non lles interesan en absoluto.

Está aí para facer información obxectiva, pero vostedes utilizan sempre os argumentos á súa medida, con medias verdades, e intentan trasladar unha situación que non é verdade. Pero se realmente lles preocupa... Falan de precariedade e de maltrato, cando vostedes son os que tiveron a oportunidade e non fixeron absolutamente nada.

Durante a etapa do Bipartito, dicíallo o outro día —estes datos non os recordou porque non lle interesan—, no ano 2008 o 50 por cento do persoal da compañía era temporal. Ben, empezou Alfonso Sánchez Izquierdo no 2012, cun proceso selectivo que poñía fin, por fin, a poder sacar adiante... Pero fíxese, a Dirección Xeral da CRTVG levou ao Consello de Administración a consolidación de 220 prazas. E os representantes no Consello de Administración a proposta do Partido Popular aprobaron iso, pero os representantes a proposta do Bloque Nacionalista Galego e do Partido Socialista votaron en contra deste proceso; bloquearon a modificación do cadro de persoal. Iso é preocuparse polo persoal da CRTVG; ¡por todos!, señora Albert.

Cos seus votos no Pleno do Consello de Administración celebrado en xullo e tamén en novembro do ano 2010 os conselleiros elixidos polo PSdeG e o Bloque impediron que se puidese dar estabilidade. Aínda así, no ano 2019 o 81 por cento do persoal da CRTVG tiña a conside-



ración de indefinido ou fixo. A finais do 2022 publicáronse as bases para un proceso de consolidación de 270 prazas. Iso é preocuparse polo persoal, señora Albert. E a dirección xeral tiña a intención de acometer de inmediato esta estabilización, pero dous sindicatos —¿a que non sabe vostedes quen?— presentaron un recurso paralizando o proxecto. Pero aí vostedes non teñen nada que dicir, e algún sindicato é bastante próximo a vostedes. ¿E que teñen que dicir? Nada, porque ¡para que imos consolidar a xente que está alí! A nós interésanos o follón, interésanos a pancarta e interésanos o manual do trumpismo. Niso é no que están, señora Albert. (Aplausos.)

Recorren ao argumento do maltrato ao persoal que presiona a CRTVG, pero o que verdadeiramente lles preocupa agora e sempre é o tempo que saía a líder nos telexornais e que nas tertulias dos medios públicos falen ben do seu partido. Esa é a preocupación que teñen de verdade. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Teñen esa preocupación dende hai moito tempo. O BNG, as plataformas e as organizacións afíns pretenden construír un relato catastrofista. Esa sempre foi a súa estratexia, pero non na CRTVG, en todos os ámbitos. Sempre fan o mesmo, ¡sempre fan o mesmo!

E a verdade é que os galegos e as galegas non coinciden coa súa visión —está claro, ¿non?—, e tampouco nos medios públicos, porque o mellor aval son as cifras de audiencia. Di vostede: ¿ata onde queren chegar?, ¿cal é o seu fin? O fin é conseguir que a Compañía da CRTVG sexa a mellor canle autonómica que hai en España, e as cifras de audiencia están aí, enriba da mesa. E vostede dirá: pois antes dicía que o PP ganaba porque o votaban os maiores. E agora dirá que a CRTVG vai ben e ten audiencia porque a miran quen non a ten que mirar. Pero esa é a súa teima dende sempre, señora Rodríguez Albert.

Os cidadáns escollen a TVG como mellor opción para informarse. A Radio Galega superou os 160.000 oíntes diarios de luns a domingo, señora Albert, e isto é importante. Pois fronte a opinións e xuízos de valor, están os datos. O resultado do Estudo xeral de medios ou as cifras de audiencia da empresa de audiometría Kantar Media, as enquisas da FORTA ou o informe Barlovento para as televisións públicas coinciden en reflectir o apoio maioritario da sociedade galega á CRTVG.

Máis de dúas terceiras partes da cidadanía galega maior de idade que ve a televisión son espectadores algunha vez da TVG. Non o poden dicir doutras canles. Máis de dous terzos teñen unha imaxe de marca positiva da TVG. ¡Carai!, igual non é tan catastrofista como sostén vostede. Máis de dous terzos consideran que cumpre a súa función de servizo público. Pois ¡joia!, podemos mellorar, pero creo que é bastante para sentirse satisfeitos desa opinión dos galegos e das galegas. Case 8 de cada 10 consideran útil socialmente a CRTVG. ¡Pois non está nada mal! Podía ser o cen por cento, pero 8 de cada 10 non é unha mala cifra, nin, dende logo, para estar asustados. O 64 por cento considera os informativos da TVG serios e rigorosos. ¡Carai! Non mire a época do Bipartito, porque sae asustada e non volve intervir sobre este tema neste Parlamento. Iso non o miren, porque daquela había outros problemas e bastante grandes.

Segundo a última onda do Estudo xeral de medios, a CRTVG é a canle autonómica máis vista, cun 22,4 de cota de pantalla, e tamén a máis vista en Galicia. Ben, pois seguramente pode-



remos seguir mellorando, efectivamente. Pero, dende logo, esa visión catastrofista que vos tede intenta trasladar ao resto da sociedade non existe.

A CRTVG é a referencia informativa en Galicia. Entre as 13.30 e as 17.00 horas a cota de pantalla é do 36,3 por cento. ¿Que lle parece? ¿Cre vostede que os galegos se fían dos informativos da CRTVG ou non? Unha media de 574.000 galegos contacta con espazos informativos da TVG e TVG2 a diario. E a TVG é a televisión autonómica con maior media de contacto diario sobre o total da poboación de cobertura.

Ben, pois eu estou de acordo en que podemos intentar mellorar. Gustaríanos contar con propostas en sentido positivo, pero, dende logo, no que non imos coincidir é nesa visión catastrofista do manual trumpista que vostedes levan tempo —e cada vez que se achegan unhas eleccións, sempre— poñendo enriba da mesa para crear un problema onde se podía solucionar facilmente calquera situación que puidese haber. Pero vostedes prefiren crear un problema e un incendio, e iso é o que os levou historicamente a estar onde están, na oposición.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señor Calvo.

Para a réplica ten novamente a palabra dona María González Albert.

A señora GONZÁLEZ ALBERT: Eu téñolle que pedir que dimita, de verdade. (*Aplausos.*) Téñollo que pedir, porque se vostede só ten que falar aquí de audiencias e do Bipartito e non ten nada máis que dicir, sendo o máximo responsábel da Corporación de Radio e Televisión de Galiza neste país, pois téñolle que pedir que deixe o seu posto de traballo, porque non sabe facelo. (*Aplausos.*) Que veña vostede aquí dicir que os problemas que hai hoxe na TVG son por culpa do BNG, dos sindicatos, dos profesionais que opinan sen ter que opinar, dos tribunais —serán culpa dos tribunais os problemas da Televisión de Galicia— e do Colexio de Xornalistas... ¡E do Colexio de Xornalistas! ¿Vostede leu o comunicado do Colexio de Xornalistas? Eu déixolle unha copia. Voulle deixar a copia aquí ao presidente cando remate a miña intervención, porque é que igual vostede non a puido ler. E dálle igual, e Bipartito e audiencias. Que, por certo, das audiencias un día me dirá de onde saca eses datos, porque, segundo os datos de audiencias de onte, fomos a cuarta canle, empatados con Telecinco, que, por certo, tiña unhas grandísimas audiencias. Se argumenta con audiencias, *Mama Chicho* tiña unhas audiencias fantásticas. ¿Aspiramos a iso nos nosos medios públicos? ¿As audiencias serven para todo? Nós non lle falamos de audiencias. Nós traíamos, de verdade, moitísimas preguntas aquí e non contesta a nada.

¿Que valoración fan do incumprimento continuado da Lei de medios públicos desde 2011? Estamos en 2023. Nin autoridade independente, nin estatuto profesional, nin Consello de Informativos, nin contrato programa, nin renovación da dirección xeral, artigo por artigo, por artigo, por artigo... É a súa lei, non é a nosa. Nós votamos á contra. É a súa lei e non a cumpren. ¿Que valoración fai? ¿Por que non se cumpre esa lei doce anos despois? (*Aplausos.*) ¿Que medidas van poñer en práctica para compensar a indefensión ante a que se atopan os profesionais relevados das súas funcións? É que o din eles, non o di o BNG. Cada unha desas



persoas que a dirección xeral moveu do seu posto saíu publicamente pedindo explicacións, ¡pedindo explicacións! O Colexio de Xornalistas saíu pedindo explicacións e preocupados pola deterioración da situación da Televisión de Galiza, pola deterioración do servizo público, pola deterioración da calidade da información, ¡o Colexio de xornalistas! (*Aplausos.*)

Máis preguntas: ¿baixo que criterios de eficacia empresarial e de calidade informativa se están a producir estes traslados? Dígame vostede que criterios de calidade moven a desprazar unha persoa profesional da televisión, presentadora de televisión, durante máis de trinta anos para a radio, dun xoves para un venres. ¿Que criterios de calidade? Esa é a pregunta que lle faciamos. ¿Como explica as últimas denuncias que activaron estes protocolos de acoso? Agora, non no Bipartito; agora, este mes, o mes pasado. ¿Como as explican? ¿Van asumir algunha responsabilidade por esta nova deterioración da imaxe pública? ¡É que estamos en todos os medios de comunicación! ¡Estamos en todos os medios, e vostede é o responsable! Se non ten nada que dicir, vaia á casa, de verdade. (*Aplausos.*) ¡É que de verdade...! ¿Van cumprir coa lexislación? E a pregunta que lle faciamos é se pensan cumprir coa lei. Se non a van cumprir, cámbienla; cámbienla e digan: o director xeral escólleo o presidente da Xunta así, a dedo. E comémolo. Teñen a capacidade, teñen os números para cambiala. ¡Caramba!, cumbran a lei.

Nós traíamos aquí un relatorio (*A señora González Albert mostra un documento.*) —pero é que, de verdade, non dá tempo— só destes últimos cinco anos, que xa era moito dicir: 252 semanas de «venres negros». Mencionou vostede unha cousa que non lembraba: que nos preocupa moito que saía Ana Pontón. E vouno dicir, porque, efectivamente, a nós preocupanos, e parece ser que aos tribunais tamén, porque unha das sentenzas condenatorias á Televisión de Galiza foi, precisamente, en xuño de 2020 por vulnerar a lexislación electoral e silenciar a portavoz nacional do BNG. ¡É que teñen unha sentenza en contra precisamente por iso! (*Aplausos.*) ¡Teñen unha sentenza en contra! Efectivamente, mire vostede, non o lembraba, e recordoumo vostede.

Non é só un conflito laboral, señor vicepresidente, non é un conflito laboral, é un problema que atenta contra a calidade dos nosos medios públicos, contra un servizo público que é fundamental nas sociedades democráticas e ao que temos dereito a cidadanía, porque pagamos por ela; pagamos. A cidadanía galega é a súa lexítima propietaria. Vostedes estana xestionando, e terana que xestionar de acordo coa realidade galega.

Porque, claro, di: O BNG está sempre na teima da Televisión de Galicia. Esta é sexta pregunta en dez meses que levan no Goberno. E iso, ¿non lle quere dicir nada a vostede? Que en dez meses tivese que responder a seis preguntas, ¿non lle dá ningunha pista de nada? Deberíalle dar unha pista: que se repartimos... O problema que ten a Televisión de Galiza —claro que o entende— é que hai que repartir os tempos entre Rueda e Feijóo, e custa moito regular eses tempos. (*Aplausos.*) Pero ¡caramba! non se pode abandonar o deber de servizo público, e non llo di o BNG, dillo a sociedade galega, que se manifestou en novembro, e máis de corenta organizacións saíron á rúa da capital do noso país a reclamar unha TVG ao servizo do pobo. Entón, o que non pode vir aquí dicir é que todo o mundo é responsábel do que pasa na Televisión de Galiza menos o Goberno galego, porque vostedes están aquí para algo, ou deberían de estar. E se vostede leva dez meses, antes de vostede estivo outra persoa —que non



lle senta moi lonxe aquí, no Pleno, cando están—. Entón, terán algo que dicir destes cinco anos —só me vou referir a estes cinco anos— de sentenzas, de conflitos laborais, de folgas, de represalias aos traballadores, de xente que marcha porque non aguenta máis, de xente, non sei, como Alfonso Hermida, que xa no seu primeiro momento tivo que marchar porque non aguantaba máis...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora GONZÁLEZ ALBERT:... e que saíu publicamente a iso.

E eu pedíalle aquí a vostede que respondese —remato xa, señor presidente— unha serie de preguntas que lle preocupan ao BNG, que lles preocupan aos profesionais e que lle preocupan ao conxunto da sociedade galega. Así que menos audiencias, menos Bipartito e máis arranxar o que teñen que arranxar, se queren gobernar, e, se non, pois para casa. *(Prolongados aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Para o peche da interpelación, o vicepresidente segundo e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Moitas grazas, presidente.

Eu dicíalles que seguían o manual do trumpismo, e é verdade, e poderíamos dicir outro tipo de expresións. Había unha que non sei exactamente de quen era, pero dicía así como «nunca deixes que a realidade estropee un bo titular». E isto é o que vostedes fan coa situación da Compañía de Radio e Televisión de Galicia. Vostedes queren trasladar unha realidade paralela, e se os datos din outra cousa, pois dá igual. Ou sexa, o que queren facer é trasladar a imaxe que vostedes queren, e dálles exactamente igual todo o resto. Dá igual qué resolvablen institucións como a Valedoría do Pobo, non conta para nada a opinión dos galegos, a audiencia resulta que non ten nada que ver... Cando se determina que un programa poida estar ou non poida estar, pois a audiencia non ten nada que ver. ¿Para que? Claro, temos que atender outro tipo de criterios probablemente, que vostede sabe moito deses criterios, e o seu partido máis, o seu partido aínda sabe máis.

Carecen de importancia os datos e, pese a todo, seguirán co seu titular de que a CRTVG manipula e maltrata os traballadores, e a realidade é que vostedes non queren unha CRTVG independente, queren unha CRTVG do BNG. Dicíalle antes a repartición que fixeron no Bipartito. E di: E agora vostede acudirá ao Bipartito. Pero é que era moi grave. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Era tan grave que o número 2 do Bloque lles dicía aos informativos que controlaba o PSOE o que tiñan que poñer. E como era tan grave, houbo declaracións públicas, houbo unha carta do secretario xeral da Vicepresidencia de Quintana para dicirlle que non podía ir aos actos do vicepresidente Quintana a televisión do Partido Socialista de Touriño. Pero, isto fixérono vostedes. E o director xeral tivo que contestar, señora Rodríguez Albert, por carta tamén ao señor Losada e dicirlle que xa estaba ben, que deixase de presionar, que os contidos nos informativos os elixían os profesionais e que el non podía decidir



o que entraba do seu vicepresidente. Pero iso foron vostedes. (*Murmurios.*) E hai gravacións incluso que se facían para poder atestiguar que isto era certo. Pero foron vostedes. Algúns xa estaban, ou algunha, pero outros non; pero foron vostedes, señora.

Entón, por moitos datos que se lles aporten, desmontando o seu relato, vostedes seguen a vilipendiar a CRTVG, os seus traballadores, intentando restar credibilidade á compañía e interferindo —efectivamente, interferindo— no clima laboral. ¡Claro que son responsables diso, faltaría máis! Vostedes son os que van, cando hai un incendio, botar gasolina, sempre, sempre o fixeron, tampouco é novo, pero, neste caso, tamén é certo.

Vostedes tampouco asumiron responsabilidades na etapa do Bipartito, como lle dicía; pero dá igual, veñen aquí, sen poñerse colorados, a dicir que hai un ambiente irrespirable dentro da CRTVG que afecta directamente o exercicio profesional. ¡Non, home, non!, o que afectaba o exercicio no día a día era cando gobernaban vostedes e repartiron a radio e a tele. Aí si que había un clima irrespirable. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Refírese a unha sucesión de conflitos, a unha situación inédita e gravísima. «Esta anómala situación» —esta era a carta do señor Benigno— «está xerada por actitudes constantes, con malas formas e salpicadas de insulto, atribuíndose funcións que non lles competen. Pretenden decidir os contidos informativos dos telexornais, establecer cales son os temas que deben ser tratados e incluso a orde e prioridade». Isto era o que dicía o director da CRTVG do señor Losada. (*Murmurios.*) Está por escrito; está por escrito, señorías, probablemente hai moitos deputados e deputadas... (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): ...que non o viron.

Este tipo de comportamentos dos que falan na súa interpelación son os que tiñan vostedes, señorías. Eu supoño que falan con tanta contundencia porque vostedes xa os levaron a cabo e saben o que hai que facer. Por iso veñen aquí defender determinadas actitudes.

Nós, a diferenza de vostedes, respectamos a independencia dos medios de comunicación. Non somos o Bipartito, e é curioso que se poñan nerviosos, e é tan curioso tanto para os dun lado como para os doutro, porque isto afectaba os dous; no caso da Radio Televisión Española saltándose a lei, nomeando administradores únicos desta forma. Aí o Partido Socialista non ten ningún tipo de problemas, veo perfecto e parécelle todo perfectamente correcto. Pero isto é o que está a pasar na sociedade, e a xente sábeo.

Mire, aquí en Galicia, conforme a lexislación, é o director xeral o que organiza o funcionamento dos medios e quen dá conta ao Parlamento das súas decisións na Comisión de Control



da CRTVG, que ten personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins; goza de autonomía na súa xestión —xa sei que non o entenden; non o entenden, pero é así— e actúa con independencia funcional respecto do Goberno e da Administración xeral da Comunidade Autónoma.

Esta é a forma de funcionar na CRTVG. Os resultados están enriba da mesa, e a comparación é a etapa na que vostedes tiveron competencias. Aí todo isto non tiña nada que ver, a situación era outra, e non me estraña que vostedes o que queiran é volver a aquela situación. Afortunadamente, os cidadáns séguenos situando onde están agora.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

Interpelación de D^a María del Carmen Rodríguez Dacosta e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o mercado de traballo

O señor PRESIDENTE: Para formular esta interpelación ten a palabra a señora Rodríguez Dacosta.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Bos días a todos e a todas.

Conselleira, benvida.

O mercado de traballo de Galicia presenta unha serie de eivas que condicionan as posibilidades do seu desenvolvemento. En primeiro lugar, segundo as medias anuais da EPA, en 2022 as persoas paradas de longa duración supoñen o 42,3 por cento de todas as paradas, fronte ao 28,9 que supuñan en 2008.

En segundo lugar, menos dunha de cada tres persoas paradas está protexida, só o 30,9 por cento. En Galicia, trabállase aínda en 2022 un 10,1 por cento menos que en 2008, último ano do Goberno do presidente Touriño. No conxunto do Estado a diminución é do 2,8 por cento. De estar na media estatal en Galicia, estarían a traballar o equivalente a 89.307 persoas máis a tempo completo.

Pola contra, coa reforma laboral que fixo o Partido Popular en 2017 dous de cada cinco empregos destruídos eran indefinidos. Actualmente, coa contrarreforma feita polo Goberno de Pedro Sánchez, hai 105.621 temporais menos e 85.076 indefinidos máis. Mentres en 2017 a taxa de precariedade galega era do 27 por cento, a contrarreforma laboral fíxoa diminuír ata o 19,4.

Por outra banda, Galicia perdeu case tres mil traballadores autónomos no último ano e, falando de mulleres e mercado laboral, a taxa de paro feminino é case dous puntos superior á dos homes. En relación coa brecha salarial en Galicia, tal e como sinalabamos no pleno pasado, as mulleres galegas perciben un salario medio similar ao que cobraban os homes hai trece anos, e a cantidade que deixan de percibir nun ano achégase aos 2.500 millóns de euros



en Galicia. A brecha salarial é o 19,1 por cento, o que provoca que as traballadoras galegas perciban case cinco mil euros menos ao ano.

E tamén, falando de mozos e mozas, estes encóntranse ante unha falta de oportunidades laborais, a pesar de que Galicia conta con pouca poboación nesta franxa de idade, derivado das políticas ou, mellor dito, da falta de políticas do Partido Popular nos últimos trece anos: taxas de actividade moi baixas, altos índices de desemprego e baixos salarios.

A taxa de actividade en Galicia de medias anuais de xoves entre 16 e 30 anos diminuíu, entre 2008 e 2022, 16,4 puntos. As taxas de emprego en Galicia diminuíron, entre 2008 e 2022, 17,8 puntos. As taxas de paro en Galicia aumentaron, entre 2008 e 2022, en 8,1 puntos —falamos de mozos—. A taxa de paro de Galicia duplicou o crecemento da media estatal. A taxa da dobre precariedade, precarios e a tempo parcial en Galicia, aumentou, entre 2008 e 2022, en 7,3 puntos. A taxa de dobre precariedade de Galicia, en consecuencia, duplicou o crecemento da media estatal. A mocidade galega diminuíu, entre 2008 e 2022, un 28,3 por cento —un dato horripilante!—. A mocidade en Galicia, nestes catorce anos de gobernos do Partido Popular, perdeu máis persoas activas e máis persoas ocupadas que a media do Estado. Pola contra, a taxa de paro medrou máis que a estatal. O PP galego carece de políticas efectivas para a mocidade; unha xuventude, señora conselleira, que, segundo o CES, ten poucos motivos para enfrontarse ao mercado laboral con optimismo, sofre para acceder ao mercado de traballo e ten moitos problemas para manterse nel, e faino, na maioría dos casos, cunhas condicións precarias, unido ao problema que teñen para emanciparse.

Teño aquí dous titulares de dous periódicos deste mes que son moi significativos, este é de *La Región*: «El alquiler en Ourense supone la mitad de los ingresos de los jóvenes con empleo». E se imos a Vigo, en *El Faro de Vigo*: «El alquiler de una vivienda se come ya casi todo el salario medio de los jóvenes vigueses». Emprego e vivenda, competencias da Xunta de Galicia.

Temos que cualificar como parálise absoluta as políticas de vivenda por parte da Xunta, que ten denunciado este grupo parlamentario, urxindo medidas.

Cremos que con esta diagnose temos unha situación onde as políticas de emprego tiñan que ter activado os parados de longa duración, realizar plans contra a brecha que sofren as mulleres e deseñar medidas para reducir a taxa de desemprego xuvenil. E os gobernos de Feijóo e Rueda, pola contra, deixaron sen gastar 1.770 millóns de euros en políticas de emprego.

Ao mesmo tempo, existen eivas moi importantes no noso mercado laboral que impiden o seu desenvolvemento por carencia de traballadores cualificados, fundamentalmente en ocupacións altamente masculinizadas como a construción e o siderometal. Pola contra, vostedes botaron por terra programas que puxera en marcha o Bipartito para loitar contra esta problemática sen deseñar outros.

Tampouco podo deixar de mentar —aínda que non figure na interpelación— a lacra da sinstrialidade laboral, que hai que atender de forma urxente. Galicia é a segunda comunidade por índice máis elevado de incidencia de accidentes mortais, e as políticas preventivas non están a dar o resultado esperado. Os datos evidencian que en moitos casos se está a incumprir



a normativa laboral, pero sempre encontrará a este grupo parlamentario buscando acordos que axuden a minimizar o máximo posible esta lacra, por suposto.

Neste contexto, o deseño das políticas de emprego é imprescindible, e para iso é obrigación da Xunta garantir a participación dos interlocutores sociais e empresariais máis representativos de Galicia; tamén a participación das administracións locais, co fin de reforzar as políticas en materia laboral co obxectivo de dotar dunha maior solidez, estabilidade e sostibilidade o tecido laboral en xeral, e as traballadoras e traballadores en particular. Un canal para a posta en común das necesidades e oportunidades de Galicia en materia de emprego, como sinalaba o propio Goberno galego no momento da constitución do Consello Autonómico dos Provinciais de Emprego, creado en virtude do Decreto 192/2011, do 29 de setembro. A composición deste órgano colexiado está formada —como sabe— pola Consellería de Emprego, as organizacións sindicais UXT, Comisións e CIG, o Servizo de Emprego estatal, a Inspección de Traballo e o Instituto Social da Mariña. E ten funcións moi importantes como participar e informar sobre a planificación das políticas activas de emprego, así como sobre a súa programación, de acordo coas competencias da comunidade autónoma nesta materia; participar e colaborar no deseño dos criterios de actuación do Servizo Público de Emprego en Galicia; analizar a información relativa ao mercado de traballo; e coñecer con carácter previo os anteproxectos de lei e os proxectos de normas regulamentarias de desenvolvemento de normas legais en relación coas materias da súa competencia.

Por outra banda, os consellos provinciais teñen como ámbito de actuación as provincias galegas, analizando a información de empresas, traballadores e representantes sindicais e a situación do emprego na provincia, así como formulando iniciativas, propostas e recomendacións aos órganos aos que corresponda sobre a situación de desenvolvemento do emprego na provincia e a eficacia das normas e programas desenvolvidos pola Consellería, adoptando as políticas activas a cada territorio. Estes órganos ocuparíanse de facer o seguimento da aplicación a nivel provincial dos acordos do Consello Autonómico de Emprego e de formular propostas e recomendacións sobre a situación e o desenvolvemento do emprego en cada provincia.

En referencia aos comités territoriais, o decreto establece a creación de dezaseis comités: Lugo norte, Lugo centro, Lugo sur, Ferrol-As Pontes, A Coruña-Bergantiños, Cee-Boiro, Santiago-Ordes, Betanzos-Melide, Pontevedra interior, Pontevedra centro, Vigo, Pontevedra sur e Ourense noroeste, sueste, nordeste e suroeste. As funcións estarán centradas en formular iniciativas aos consellos provinciais sobre a situación do emprego no seu ámbito territorial, así como sobre a aplicación das políticas activas de emprego na zona. Estes comités estarían compostos por representantes da Administración autonómica, das organizacións empresariais e sindicais e —como dicía— polos concellos.

A pesar da obriga do Goberno galego de convocar semestralmente o Consello Autonómico de Emprego e trimestralmente os provinciais e os territoriais, segundo a información de que dispomos, os consellos non se reuniron nin unha vez nesta lexislatura, vulnerando o dereito de participación institucional das organizacións sindicais e empresariais e entidades locais e deseñando as políticas de emprego de costas á realidade galega. Mire, as sociedades modernas e avanzadas teñen como característica a institucionalización do proceso participativo



entre as distintas entidades territoriais e os axentes económicos e sociais representados polas organizacións empresariais e sindicais máis representativas. É unha obriga constitucional que lle asignan os poderes públicos, o artigo 9.2 da Constitución e o establecido no Estatuto de autonomía no artigo 4.2, sen olvidarnos da normativa internacional, como é o caso do Convenio —que coñece— 150 da Organización Internacional do Traballo, derivado de que as organizacións sindicais e empresariais coñecen de forma directa a problemática laboral, sen olvidarnos das entidades locais.

Por todo o aquí exposto, preguntámoslle: ¿que valoración fai o Goberno galego de que o Consello Autonómico e os provinciais de Emprego non se convocasen no que vai de lexislatura? ¿Cando se celebrou a última reunión do Consello Autonómico e dos provinciais? ¿Cando se constituíron os comités territoriais e cantas reunións mantiveron dende aquela? ¿Cando vai convocar a Consellería de Emprego e Igualdade o Comité Autonómico de Emprego, os provinciais e territoriais? ¿Que medidas pensa adoptar o Goberno galego ante a brecha salarial e para activar os parados de longa duración? E, a última, ante a alta taxa de desemprego xuvenil que padece a nosa comunidade autónoma, ¿pensan deseñar un plan de choque?

Nada máis na miña primeira intervención. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Dacosta.

Resposta da conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade, dona María Jesús Lorenzana Somoza.

A señora CONSELLEIRA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza): Grazas presidente, e bo día.

Señora Rodríguez, gustárame, en primeiro lugar, contextualizar un pouco a situación socioeconómica que temos en Galicia e que, sinceramente, creo que non se corresponde para nada cos datos que vostede deu aquí. Son uns datos catastrofistas e que, evidentemente, están marcados por algo obvio, que é un envellecemento da poboación e unha crise demográfica. Por suposto que isto existe, pero tanto os datos económicos —e deunos o presidente da Xunta hoxe aquí— como os datos de emprego non son nin moitísimo menos cercanos ao que vostede acaba de dicir.

En termos puramente económicos —e dicíao o presidente Rueda— estamos en disposición de afirmar que Galicia recuperou no ano 2022 o nivel de PIB prepandemia; e conseguíuno, polo tanto, antes da media do Estado, que o fará nos vindeiros trimestres. A economía medrou un 3,8 por cento o ano pasado; polo tanto, superou en dúas décimas o escenario macroeconómico que tiñamos na comunidade. Estamos aumentando na creación de sociedades, o índice de confianza empresarial está por riba da media estatal, os fogares con todos os activos ocupados en Galicia superan a media de España —en Galicia estamos nun 83,99 e en España nun 81,29, e viceversa—; estamos mellor que a media nacional respecto dos fogares con todos os activos parados; e o emprego ten tamén unha evolución positiva que se corresponde con esa situación económica que lle acabo de describir.



Esa última EPA da que vostede falaba o que amosa é que Galicia ten a finais do ano 2022 máis activos, ten máis ocupados, ten menos parados e ten máis emprego e de maior calidade que respecto do ano 2021. No último ano o desemprego baixou 3.700 persoas, pero é que, en paralelo, aumentou a ocupación en 100.200 persoas, o que supón unha diferenza de 9.500 persoas máis activas, pero activas e ocupadas. Esta situación reflíctese tamén ao longo do ano 2023 nos datos que temos de paro. Este último mes de febreiro Galicia alcanza a cifra máis baixa de desemprego dende o ano 1996. E, ademais, é unha cifra que supón que o paro caeu na evolución anual en todas as provincias, que caeu en todos os sectores económicos, liderando a caída, ademais, o sector primario e a industria. E tamén ten as mellores cifras dende que temos datos na serie histórica, dende o ano 2006, neses colectivos dos que vostede falaba; é dicir, nos menores de 30 anos e tamén nas mulleres en situación de desemprego; de feito, baixamos o paro en 1.987 persoas en menores de 30 anos e en 5.435 en mulleres en situación de desemprego.

Falaba tamén de parados de longa duración. E tamén neste sentido temos mellores cifras. Galicia situouse nunha posición máis favorable nos últimos trece anos, chegando a ter na actualidade unha taxa de desemprego de longa duración 1,4 puntos por debaixo da media estatal. Dende o ano 2009 sempre tivemos unha taxa máis baixa que a do Estado respecto de parados de longa duración. No 2022 rexistramos unha baixada de 0,6 puntos, e cos datos deste último mes —os datos do Sepe— atopámonos na cifra máis baixa dende o ano 2009 nun mes de febreiro en parados de longa duración. En clave mensual, no mes de febreiro, respecto de xaneiro, Galicia baixa o paro, e na media nacional crece o paro. Somos a cuarta comunidade autónoma que máis baixou o paro dende que se iniciou a pandemia en febreiro do ano 2020. E gañamos en afiliacións, estamos ou continuamos nese 1.035.824 persoas; é dicir, gañamos no último ano máis de 9.600 persoas afiliadas —e recordábo tamén o presidente—. Pese a esa crise demográfica, continuamos gañando afiliacións. Polo tanto, a realidade é que gañamos afiliacións e temos menos persoas en paro. É unha tendencia que non se amosa en moitas comunidades autónomas e, polo tanto, que temos que poñer en valor.

Dito isto, existe unha situación que non é exclusiva de Galicia, que se dá en toda España e, por suposto, que se está dando no resto de Europa, que é unha situación atípica, na que, existindo persoas en desemprego —actualmente, no día de hoxe, roldamos as 143.000 persoas anotadas no Servizo de Emprego—, con todo, practicamente todos os sectores teñen postos de traballo vacantes e están buscando —e moitos deles en sectores estratéxicos— persoas desempregadas para atopar un emprego. Polo tanto, resulta evidente que temos que facer —e estámolo facendo— políticas de emprego e políticas de formación que vaian axustadas para combater este desafío, e estámolo facendo coa participación das organizacións sindicais e empresariais. Por iso me chama a atención que fale de sociedades modernas e avanzadas, cando estamos, precisamente, utilizando os mecanismos que utilizan as sociedades modernas e avanzadas.

Os órganos dos que vostede me falaba —aínda que fala do Decreto do 2013— son uns órganos que se crearon no ano 1999. Entón, con todos os respectos, eran uns órganos fabulosos en canto a participación institucional, pero no día de hoxe e a nivel europeo o que se está empregando é o diálogo social. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, estase empre-



gando o diálogo social. E no diálogo social —entendemos que esta é a maneira de facelo— existe unha participación tanto das organizacións empresariais como das organizacións sindicais. A maiores, en Galicia —e sábeno porque xa falamos disto máis veces— puxemos en marcha o Pacto de capacidades polo emprego, que desenvolve a ferramenta europea, a Axenda europea, e estamos, ademais, no Ano Europeo das Capacidades. Estamos traballando tamén coas organizacións empresariais e sindicais no marco deste pacto.

Respecto do diálogo social —por darlle cifras e porque coñezo, evidentemente, o que entendo que está pedindo, as reunións que estamos tendo cos axentes—, saben que o 23 de setembro do ano 2020 reactivamos ou firmamos o presidente Feijóo, xunto co vicepresidente económico, o conselleiro de Facenda, e eu mesma o Pacto pola reactivación económica e social de Galicia no diálogo social coa Confederación de Empresarios de Galicia, o sindicato Comisións Obreiras e UXT, que son os que quixeron participar do diálogo. Levamos, nas catro mesas en que se constitúe o diálogo social actualmente, a de políticas activas de emprego, a de igualdade de oportunidades, a de cláusulas sociais de contratación pública e a mesa mixta, 57 reunións en menos de tres anos. Desas 57 reunións en 25 delas intervín eu directamente.

A maiores de todo isto —e como dicía—, puxemos en marcha o Pacto polas capacidades no seo desa Axenda galega que desenvolve a Axenda europea. Este é un gran pacto tamén entre organizacións empresariais e sindicais e traballa por sectores. Son dez —creo que tamén nalguna ocasión os dixeran, pero recórdoo— as mesas que están constituídas dentro deste pacto: unha relativa á automoción e á aeronáutica, Green Economy, turismo, hostalería e comercio, Blue Economy, loxística, economía dixital, colectivos vulnerables e economía social, Silver Economy e construción. Ben, estas mesas representan o 60 por cento do PIB e do emprego da comunidade autónoma, e participan nelas máis de cincuenta entidades referentes para o mercado laboral de Galicia. Dende os inicios no ano 2021 levamos a cabo doce encontros con estas dez mesas. Esta colaboración tanto —por suposto— no diálogo social como nas mesas é o que no contexto socioeconómico actual está permitindo traballar nas políticas activas de emprego, traballar na reforma do servizo de emprego de Galicia, traballar en toda a reformulación da formación para o emprego na comunidade autónoma e traballar sempre dende o punto de vista das necesidades que ten o tecido produtivo e tamén das capacidades dos nosos traballadores.

Por estas mesas de traballo teñen pasado cuestións tan importantes como os convenios que firmamos cos clústeres e que permitiron formar doce mil persoas o ano pasado en formación específica, fóra dos catálogos previstos polos ministerios, que precisaban as empresas para cubrir esas vacantes, e teñen traballando en cuestións tan diversas como, por exemplo, acordar entre a Confederación de Empresarios, organizacións sindicais e a propia Consellería os requisitos da nova certificación galega de igualdade que vai nesa nosa Lei de igualdade; por suposto, teñen traballado nesa Lei de igualdade nos orzamentos da Comunidade Autónoma e coñecen o que se está facendo cos fondos Next Generation. É dicir, son mesas nas que traballan todas as consellerías que teñen competencias en materia socioeconómica, e non soamente a Consellería de Promoción do Emprego.

A isto si me gustaría sumar a Mesa do Autónomo, que saben que tamén está funcionando con regularidade en Galicia e que mantivo nesta lexislatura vinte e catro reunións, e, por



suposto, tamén a coordinación que temos coas organizacións sindicais e empresariais e a Consellería de Educación co Consello Galego de Formación Profesional, que nos permite tamén trasladar o coñecemento que temos no diálogo social e no Pacto polas capacidades á formación profesional en materia educativa.

Polo tanto, isto é o que imos continuar facendo. Imos continuar traballando nas medidas e nos programas de emprego e formación, coa participación, por suposto, das organizacións empresariais e sindicais. Imos continuar coa reforma do Servizo de Emprego. Saben que se incorporaron xa eses 136 orientadores prospectores de emprego, aos que se lles deu unha formación específica a pasada semana, e con eles imos continuar para traballar neses colectivos dos que vostede falaba, que, por suposto, son unha prioridade —¡como non o van ser!— para o Goberno galego. Imos continuar na parte de igualdade laboral —que saben que tanta importancia lle estamos dando—, apostando polas medidas de benestar laboral e por adaptar a formación ao tecido produtivo con medidas flexibles.

E si lle digo tamén que neste sentido non está axudando o Ministerio de Educación dende o Goberno central. Acábanos de presentar un real decreto que regula a formación profesional e que vai absolutamente en contra do que se está facendo aquí no diálogo social e no Pacto das capacidades; unha norma que impide ou que máis ben obriga as comunidades autónomas a que a formación para o emprego se dea desde os centros públicos e, polo tanto, impide ese achegamento á empresa que estamos levando a cabo.

É unha norma que, por exemplo, atribúe competencias en políticas activas aos centros, aos institutos de formación profesional, tales como a prospección do mercado laboral e a orientación laboral, que consideramos que non é unha política, dende logo, para traballar coa xente máis moza de cara á formación e a que atopen un emprego de calidade. E dígolle e garántolle que imos continuar traballando todo isto cos axentes sociais e cos axentes empresariais, cos sindicatos, no seo do diálogo social, no seo desa Mesa polas Capacidades. Todo ao contrario, por certo, do que se está facendo en moitas ocasións por parte do Ministerio de Trabajo, que ten roto agora mesmo o diálogo social e que traballa soamente —e saben que llelo digo sempre— cunha parte dos axentes sociais, deixando a un lado a parte empresarial, que tan relevante é para coñecer realmente no día de hoxe cales son as vacantes que teñen esas empresas e cal é a formación que precisan os nosos traballadores.

Polo tanto, eu o que si lles pido dende aquí, porque creo que o poden facer —nós temos feito alegacións, e teno feito a Confederación de Empresarios de Galicia, teno feito o sindicato UGT—...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora CONSELLEIRA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza): ...é que intenten frear ese Real decreto da formación profesional do Ministerio de Educación, porque iso si que non conta —dende logo, en Galicia— co apoio dos axentes sociais e si que prexudica enormemente todos eses colectivos desfavorecidos en situación de maior vulnerabilidade respecto do emprego.



Nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Hoxe acompañánnos e saudamos os alumnos de primaria do centro de Beariz e tamén os veciños da asociación cultural Amigos da Terra de Montes, de Beariz. Benvidos ao Parlamento e un saúdo cordial a todos vostedes, e aos nenos e ás nenas, por suposto tamén.

E agora continuamos coa réplica. Neste caso correspóndelle a réplica á señora Rodríguez Dacosta.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Grazas, presidente.

Quero saudar, como non, os alumnos de Beariz, así como a asociación Amigos da Terra desa localidade. ¡Benvidos!

Ben, conselleira, a verdade é que primeiro falamos da situación laboral e despois pasamos ao diálogo social e aos consellos autonómico, provincial e territorial.

A situación do mercado laboral en Galicia non é a que debería ser, porque dende o ano 2009 se destrúen máis de 65.500 empregos e a poboación activa cae en máis de 80.000. Quero dicir que eses son datos segundo a EPA. Concretamente, segundo datos da EPA 2009-2022, destrúense concretamente 66.500 empregos. Hai 66.500 persoas menos cotizando á Seguridade Social, cando en todo o Estado o número de afiliados se incrementa en 1,26 millóns de traballadores e traballadoras. A poboación activa cae un 6,2 por cento en Galicia durante os gobernos de Feijóo. É certo que a taxa de paro se reduce en Galicia en 1,3 puntos nos últimos trece anos, pero ese descenso se debe a que en boa parte o número de persoas en idade de traballar e que teñen emprego ou o buscan tamén se contrae un 6,5 por cento. E voulle dar dous datos que demostran a situación do mercado laboral en Galicia. Galicia perde unha de cada catro horas traballadas existentes no ano 2009 no sector industrial, e no sector primario Galicia perde unha de cada tres. A verdade é que este é o panorama que temos en relación co emprego.

Vostede está a mesturar o diálogo social cun órgano creado —vostede dicía— no ano 2002 e despois reafirmado no decreto que comentaba anteriormente, pero é que hai un decreto, o 215/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego —non falamos do ano 1992, falamos do ano 2020—, e na páxina 2 xa pon exactamente: «Quedan adscritos a esta consellería, co carácter e funcións establecidas nas súas normas reguladoras, os seguintes órganos colexiados» —os que dixen anteriormente—: «o Consello Autonómico de Emprego, os consellos provinciais de emprego e os comités territoriais de emprego creados polo Decreto 192». Quero dicir, isto (*A señora Rodríguez Dacosta amosa un documento.*) é do ano 2020 e é de aplicación actual. Claro, o diálogo social todos sabemos o que é. Son mesas de diálogo para acordos puntuais que se reúnen, non se reúnen..., pero é que estes consellos teñen que reunirse si ou si semestralmente, (*Aplausos.*) os consellos autonómicos trimestralmente, e os consellos provinciais e tamén os territoriais.



Porque, claro, vostedes ían constituír 16 consellos territoriais. ¿Para que? Para que as entidades locais participasen no deseño das políticas activas de emprego; as administracións locais, que coñecen de primeira man as necesidades do seu mercado laboral. Pero resulta que non interesa constituílas. Porque lle preguntaba se estaban constituídas ou cando foi a última reunión, e non me contestou. Ou non están constituídas, ou, dende logo, reunir non se reúnen. Son dezaseis pactos. Porque, claro, ¿as entidades locais non teñen nada que dicir en relación co emprego? ¿Non teñen que aportar información ao respecto? ¿Non teñen capacidade para deseñar plans de emprego para o territorio? Parece que non.

Pero, mire, vostede falaba do Ministerio. Pois o Ministerio, á parte de realizar múltiples reunións de diálogo social con acordos... Agora vostede está na última, porque, claro, é a subida do salario mínimo interprofesional e pode caer o país se subimos o salario mínimo interprofesional a 1.080 euros. Pero ben, á parte de que o Ministerio de Traballo nese senso traballou de forma continuada con moitísimos logros e avances para a nosa sociedade, para España e para Galicia, o Consello Territorial do Estado, o mesmo que teñen en Galicia, no Estado si que se reúne. E voulle dar uns datos. Mire, reuníronse concretamente —porque me preocupe de miralo—, en 2019, o 19 de decembro; en 2020, o 17 de xuño e o 14 de decembro; en 2021, o 23 de xuño e o 21 de decembro; e o ano pasado, o 28 de xuño e o 27 de decembro. A pesar das múltiples reunións de diálogo social que establece o Estado cos sindicatos e cos empresarios, tamén reúne a Comisión Territorial de Galicia, e vostedes sábeno. Parece que os órganos que dependen do Goberno de Pedro Sánchez acatan a lei e os dependentes do Partido Popular están por riba das leis e ignóranas, ¿non? (*Aplausos.*)

Claro, eliminan os pactos territoriais de emprego, porque ¿para que?, ¿para que van —como dicía antes— as administracións locais, os municipios, participar e fiscalizar esa actuación? Están conculcando a Constitución e o Estatuto de autonomía, e é grave.

Mire, quería dicirlle unha cuestión antes de rematar, porque creo que é importante. Eu creo que ao Goberno galego non lle interesa que se analicen nos consellos autonómicos —que é onde se ten que facer, nos provinciais e territoriais, que é moi distinto ao que se produce nun acordo nunha mesa de diálogo social— os programas formativos que imparte a Xunta de Galicia para parados e para ocupados, nin que entidades as están a impartir, con que resultados, que inspeccións realiza a Xunta de Galicia nos centros formativos e os resultados destas inspeccións, dos obradoiros e talleres de emprego —os resultados desta formación acadada—. ¿Non será que realmente non queren que as eivas das políticas activas que se están a empregar saian á luz? Porque nestes consellos teñen que emitir vostedes informes, teñen que dar contas das políticas activas, dos resultados desas políticas activas e redeseñar esas políticas activas se non funcionan, señora conselleira.

Entón, non mesture, porque o outro día dixo que hai na lei un observatorio que non hai, e agora di que estes órganos total son do ano 1992. Pero, claro, ¿para que nos imos reunir se xa nos reunimos nas mesas de diálogo social?...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.



A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Non, temos un decreto actualizado —que non falaba del antes porque non pensei que me dixerá que o anterior era do 1992—, o que mentei, temos o do 2020, e ten que cumprir con esta obrigaón de participación institucional, como tamén se reúne co sector forestal; ao mellor pouco, pero reúnese dúas veces ao ano. O Consello de Igualdade, o Consello de Pesca e o Consello do Emprego teñen que reunirse porque é moi importante a situación dos mozos...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: ...das mozas, dos parados de longa duración e de todos os empregados e empregadas.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: E os salarios en Galicia están moi por debaixo da media do Estado, e sábeo. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Dacosta.

Para o peche da interpelación, a conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade.

A señora CONSELLEIRA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza): Grazas, presidente.

Señora Rodríguez, eu creo que vostede tamén o sabe, o que pasa é que non lle interesa dicir os datos... Parece ser que a mellor situación laboral que houbo en Galicia foi cando gobernou o señor Touriño. Dende que gobernou o señor Touriño ata a actualidade baixamos o paro en máis de 66.000 persoas, 66.570 persoas. E a mellora que se está producindo no emprego en Galicia non está directamente vinculada á reforma laboral, e vostede sábeo perfectamente. Vostede dá os datos dos contratos temporais que deixan de ser temporais e pasan a ser indefinidos. O que non di é que eses contratos indefinidos non se benefician de maior calidade de emprego; son fixos descontinuos. Agora mesmo están empezando a saír; de feito, tiveron vostedes que contestar estes datos por unha pregunta do Partido Popular no Congreso, onde se di claramente que estaban ocultando datos de fixos descontinuos. Si. E, dende logo, o que non mellora é a calidade do emprego nin o tempo de horas traballadas ao ano, nin as xornadas... Si, iso é así. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) O paso dende os contratos temporais... Por moito que lles fastidie, esta é a realidade. Hai cuestións boas na reforma laboral, e eu téño recoñecido publicamente, pero non se pode enganar así os cidadáns. A calidade do emprego non mellora porque en lugar de temporal se chame fixo descontinuo, porque as horas traballadas ao ano son as mesmas. O que hai que mellorar é a necesidade de traballadores e de horas de traballadores, non a tipoloxía do contrato. Polo tanto, creo que hai que dar os datos completos. Eses non son indefinidos de toda a vida, por entendernos.

Nós claro que imos continuar traballando, por suposto, cos colectivos prioritarios, como lle dicía antes, claro que nos preocupan, e preocupánnos ao Goberno por riba de todo, e temos, evidentemente, identificados eses colectivos. Vostede sabe que, ademais de toda a reforma



que estamos levando a cabo, estamos traballando con plans de emprego específicos, dende que se creou esta consellería para a muller, para a xuventude, para a discapacidade e a exclusión social. Este ano mesmo dedicamos 90 millóns de euros de orzamento, precisamente, a atacar a inserción laboral de 20.000 galegos e galegas que están nesa situación. A iso súmanse os incentivos á contratación, do programa que xa coñece, do programa Galicia Emprega, ao que lle aumentamos o orzamento un 40 por cento este ano. Incluímos —aí por primeira vez—, ademais dos parados de longa duración, as persoas maiores de 55 anos, porque entendemos que tamén son un obxectivo prioritario, e tamén as persoas retornadas emigrantes. E todo isto estámolo facendo executando os fondos. É que xa non podo dicilo doutro xeito. Mire, agora mesmo, de todos estes plans que lle acabo de dicir, do total dos dezaseis programas que se inclúen nestes plans de emprego para colectivos prioritarios, temos en marcha once deles, e estamos no mes de marzo. É dicir, dos 90 millóns de euros que están neses plans, 69 millóns, un 77,8 por cento, está xa en circulación, en ordes de axuda e en convenios de colaboración.

Se analizamos dende o ano 2009 ata o ano 2022 —teño aquí a execución—, vemos que se comprometeron 4.739 millóns de euros. Isto supón, respecto do orzado, unha execución dun 86,71 por cento. E nos últimos tres anos, desde o ano 2020, executáronse 1.325 millóns de euros. Isto creo que se está facendo pola axilidade da participación tamén que se está dando coas organizacións empresariais e coas organizacións sindicais.

Vostede di cousas como que se están conculcando a Constitución e o Estatuto de autonomía. ¡Home!, eu creo que os consellos de emprego non están creados na Constitución nin no Estatuto de autonomía. E a participación institucional, que está prevista no Estatuto e na Constitución, estase dando.

Mire, coas reunións obrigatorias, segundo este decreto, estes órganos proceden do 1999. Por suposto que nun decreto de estrutura orgánica se inclúen, claro, porque non están derogados; se quere, derogámoslos formalmente. Pero ao que imos, como máximo, sería unha reunión por trimestre. Se levamos tres anos de lexislatura, a min saenme trinta e tantas reunións. Ben, se sumamos as reunións do diálogo social... Pois 57. Fala vostede de que son reunións puntuais as que temos no diálogo social, pero 57 reunións; 25 nas que estiven eu directamente, máis todas as reunións que estamos dicindo dos pactos das capacidades.

Entón, pode vostede dicirme que hai unha obriga nun decreto de estrutura orgánica, pero vostede o que non me pode dicir é que estou conculcando a participación institucional, porque non é así, e resulta evidente, cando eu mesma directamente estou participando.

Mire, tanto as organizacións empresariais como as organizacións sindicais están participando no deseño da formación na comunidade autónoma e foron peza clave —e dígoos sempre— no deseño dos plans de rescate na pandemia. Precisamente a flexibilidade e a modernidade do diálogo social é o que permitiu levalo a cabo con esa celeridade. Están traballando nas novas políticas de igualdade laboral con nós. Como lle dicía antes, están mesmo informados da execución dos fondos europeos. Grazas a eles, puxemos en marcha esas microformacións. Grazas a eles e á participación no Pacto de capacidades, Galicia este ano vai sacar por primeira vez o Bono Formación tanto para os traballadores ocupados como para



as persoas desocupadas. ¿Que supón iso? Que vai haber formación fóra dos catálogos oficiais do Ministerio de Traballo e do Ministerio de Educación para as profesións e as capacidades concretas que están requirindo as empresas. E ímolo facer co Fondo Social Europeo Plus — o novo programa operativo— e presentámolo xa así a semana pasada, precisamente cando se presentou este programa europeo.

Estamos adecuando a AFD, a formación para desocupados que vostede dicía, precisamente, ás necesidades do tecido produtivo.

Termino xa, señorías.

Eu de verdade é que, dende logo, non podo menos que discordar con esa visión catastrofista —que creo que non beneficia a ninguén— da situación económica e laboral que ten a nosa comunidade, porque non é así, e dende logo tamén teño que diferir de que non esteamos facendo as políticas de emprego a través de canles de participación cos axentes sociais e cos axentes económicos. Estamos facendo un esforzo sen precedentes pola reactivación económica e pola recuperación do noso mercado de traballo, e estamos reforzando as áreas esenciais de xeito colaborativo para preservar e mellorar o emprego e, sobre todo, para modernizar e axilizar as relacións laborais na nosa comunidade autónoma.

Así que ten que entender que eu non podo acordar con vostede o que aquí acaba de dicir.

Máis nada. Grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Continuamos co punto sexto da orde do día, preguntas ao Goberno.

Pregunta de D^a Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e tres deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións do Goberno galego de iniciar o procedemento para declarar o monte do Gato como parque natural

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Señora conselleira, vostedes levan gobernando Galicia dende hai catorce anos ininterrompidamente e aínda hoxe vostedes non teñen un proxecto de país que teña en conta as nosas fortalezas e as nosas potencialidades para establecer unha planificación e unha ordenación do noso territorio.

En Galicia teñen que convivir o noso verde, o noso rural, a nosa biodiversidade, os nosos asentamentos poboacionais e os nosos sinais de identidade coa industria e co desenvolvemento empresarial dunha maneira respectuosa para camiñar cara a unha Galicia verde e feminista que evolucione ante os retos da transición ecolóxica e dixital.

En 2019 aprobouse a Lei de patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia, que establece como principio inspirador a prevalencia da protección ambiental sobre a ordenación terri-



torial e urbanística e que establece os requisitos que deben concorrer para determinar os espazos naturais protexidos, determinando que os parques son áreas naturais que, pola beleza das súas paisaxes, a representatividade dos seus ecosistemas ou a singularidade da súa flora, da súa fauna ou da súa diversidade xeolóxica, posúen uns valores ecolóxicos, estéticos, educativos ou científicos cuxa conservación merece unha atención preferente.

Os socialistas consideramos que nos montes do Gato, situados entre os concellos de Aranga, Coirós e Oza-Cesuras, concorren varios dos requisitos establecidos para a súa declaración como espazo natural protexido, como parque natural, posto que suman case cinco mil hectáreas dun mesmo territorio conectado de superficie continua de alto valor ecolóxico e dunha gran singularidade paisaxística, moi pouco antropizado, que contén as Brañas do Deo dentro da ampliación da Rede Natura, considerado un dos sistemas higroturfófilos interiores máis notables de toda Galicia, o corazón da Reserva da Biosfera Mariñas coruñesas e Terras do Mandeo, que alberga a maior necrópole megalítica do Neolítico de Galicia e unha das máis grandes de Europa, con ducias de petróglifos con esculturas de arte rupestre, con muros de pedra seca, con camiños e viais históricos, co castelo de Teodomiro —un castelo do reino dos suevos— e cos últimos descubrimentos, como as minas de ouro medievais, o vulnerable musgo luminiscente, unha ara romana dedicada a Xúpiter ou un entrelazado castrexo, único na provincia, unha singular riqueza en anfibios, múltiples hábitats de interese comunitario ou a pervivencia de especies protexidas, de acordo co catálogo galego.

Polo que lle preguntamos: ¿considera o Goberno galego que os montes do Gato cumpren cos requisitos de Patrimonio Natural e da Biodiversidade de Galicia para ser declarados espazo natural protexido?

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

Resposta da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, dona Ángeles Vázquez Mejuto.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Grazas, presidente.

Señora Rodríguez Rumbo, a verdade é que coincidimos en poucas cousas vostede e mais eu. Coincidimos en que levamos catorce anos gobernando, e teño que dicirlle, ademais, que nestes catorce anos fomos quen —e síntome moi orgullosa e tamén se senten moi orgullosos os galegos e as galegas— de que onte saíse publicado no DOG o último Plan reitor de usos e xestións dos sete parques que temos en Galicia; seis naturais e un nacional. E, polo tanto, é bo, e ademais é imprescindible reforzar a conservación do noso patrimonio natural.

Son 50.000 hectáreas as que temos totalmente ordenadas con ese plan reitor; plan reitor, ademais, que dá a posibilidade desa convivencia normal entre preservar e poder desenvolverse economicamente as persoas que viven dentro do parque e, ademais, cun investimento de 70 millóns de euros nos parques naturais.



A Lei de patrimonio natural e da biodiversidade, señora Rodríguez Rumbo, no seu artigo 24, di que para a declaración dun parque natural é estritamente necesario unha proposta rigorosa e fundamentada. A verdade é que para os socialistas as propostas nunca son rigorosas nin fundamentadas. Por outro lado, a superficie non é de 5.000 hectáreas, ten que ser de 10.000 hectáreas, ten que ser unha superficie continua e non fragmentada e, por suposto, ter unha serie de características físicas e biolóxicas.

E aquí, efectivamente, temos a Reserva das Mariñas coruñesas, a quen lles teño que agradecer o traballo inmenso que están facendo. É unha figura internacional de gran prestixio e que pon en valor o que é a nosa terra. Son dezasete concellos e 116.000 hectáreas, dos cales ninguén falou —dos socialistas— para dicir se en realidade eles teñen a ben que a Reserva da Biosfera acabe sendo un parque natural. Por suposto, isto non se pode facer ao chou, simplemente vindo aquí ao Parlamento e dicindo que haxa un novo parque natural.

Pero chama a atención, señora Rodríguez Rumbo, que por un lado vostedes nos digan que queren un novo parque natural e xusto onte, que saíu publicado no DOG o das Fragas do Eume, o seu secretario xeral de partido, o señor Valentín —que debe representar a toda Galicia—, dixese que o PRUX que acaba de ser aprobado ten que ser nulo, nulo de pleno dereito. Polo tanto, dilles aos veciños que ter un parque natural —ademais ten unha convocatoria feita— é un verdadeiro inconveniente para eles.

Polo tanto, o que non se pode facer, señora Rumbo, é dicir que os socialistas son verdes. O que é verde é o que ten vostede na súa chaqueta, porque, despois, no demais, o que son é incongruentes. Polo tanto, o secretario xeral do seu partido di que para o seu concello...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): ...non quere parque natural e vostede vén aquí dicir que sen as reservas...

O señor PRESIDENTE: Grazas, xa terminou o seu tempo.

(A señora conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Vázquez Mejuto, pronuncia palabras que non se perciben.)

O señor PRESIDENTE: Xa terminou o seu tempo, señora conselleira. Grazas.

Para a réplica, a señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Señora conselleira, a pesar dos seus insultos e das súas xustificacións, o que se ve é que non hai absolutamente ningún desexo de declarar este parque natural. E vostede sabe perfectamente que no artigo 24 di que a declaración corresponde á Administración autonómica. Ata onde eu sei vostede é conselleira desta Administración autonómica e, polo tanto, correspóndelle a vostede.



E mire, señora conselleira, vostede fala de sete parques, pero é que hai máis de vinte anos que non se declara ningún parque natural en Galicia. Este sería, señora conselleira, o único parque natural da Reserva da Biosfera Mariñas coruñesas e Terras do Mandeo, e con esta declaración permitiríase paliar o déficit de superficie declarada zona núcleo con verdadeira entidade e conectividade ecolóxica.

Señora conselleira, vostede tamén sabe que o 19 de decembro de 2022 máis de 190 países se reuniron en Montreal, na Conferencia das Nacións Unidas sobre a diversidade biolóxica, e comprometéronse a protexer o 30 por cento do planeta e a restaurar o 30 por cento dos ecosistemas degradados para 2030 —o Plan 30-30—, o que supón un feito histórico para a conservación da vida no planeta; un acordo para poñer freo á crise da diversidade e asegurar o benestar das poboacións e os ecosistemas.

Hoxe tamén quero aproveitar para saudar a representantes de entidades de explotacións agrogandeiras e a representantes políticos que hoxe nos acompañan de concellos afectados, que recolleron máis de corenta mil sinaturas, das que máis de catro mil son de veciños e veciñas destes concellos, o que representa o 45 por cento da súa poboación. E, ademais, temos varias mocións ou declaracións institucionais, algunhas aprobadas por unanimidade, tamén cos representantes do seu partido político.

Polo tanto, señora conselleira, volvo preguntarlle... *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas. Terminou o tempo.

(A señora Rodríguez Rumbo pronuncia palabras que non se perciben.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Rumbo, terminou o tempo.

(A señora Rodríguez Rumbo pronuncia palabras que non se perciben.)

Terminou o tempo. Non a están escoitando.

Para o peche, a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Grazas, señor presidente.

A señora Rodríguez Rumbo e a xente que hoxe nos visita ten que saber que o 42 por cento do territorio en Galicia está baixo algunha figura de protección. Esa é a realidade, pero non se pode soprar e sorber á mesma vez. Polo tanto, vostede di que os socialistas o que queren é un novo parque natural, e eu o que lle digo é: vostedes din que queren un novo parque natural e o seu secretario xeral de partido resulta que di que non quere un plan reitor de usos e xestións nas fragas do Eume, e polo seguinte: porque as características son inasumibles, porque, coas masivas restricións e trámites burocráticos, moitos traballos de uso cotián non se poden levar a cabo, porque sería a sentenza final dos labores agrícolas e gandeiros e porque, ademais, lle preocupa que se prohiba facer festas. Todo isto non é certo, tamén llo direi.



O seguinte que di tamén nas súas alegacións é que lle preocupa moito que se limite ou prohiba a escalada en zonas, espazos ou hábitats onde hai especies protexidas. (*Murmurios.*) Vostede ¿quéreme dicir se isto é coherente e isto é normal? Para o seu concello, onde se presenta de novo de alcalde, resulta que non quere; pero si que nos di: Mire, é bo que haxa outro parque natural. E iso todo ¿explícanllo vostedes aos veciños e ás veciñas? ¿Explícanlles que o secretario xeral do partido non quere un plan reitor nas fragas do Eume... (*A señora Rodríguez Rumbo pronuncia palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Señora Rodríguez Rumbo, por favor!

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): ...pero si quere... (*A señora Rodríguez Rumbo pronuncia palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Señora Rodríguez Rumbo, por favor! Señora Rodríguez Rumbo, ¡por favor, vostede xa preguntou! ¡Vostede xa preguntou!

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): ...si quere un parque natural para a serra do Gato?

Bueno, direilles que, se é tan malo, non sei por que o piden. Pero o que deberían facer é non enganar os veciños nun sitio e dicir o contrario no outro.

O que si lles podo dicir é que, para que haxa un parque natural, ten que haber excepcionais valores naturais, ten que haber unha superficie continua e non fragmentada —un mínimo de 10.000 hectáreas—, e, por suposto, ao final facer unha ordenación e unha zonificación. E para iso ten que haber uns estudos —e hai unha reserva, reserva da biosfera, por suposto—. E despois faranse as aportacións necesarias para ver se se pode designar ou non parque natural. Pero, señora Rodríguez Rumbo, eu non sei se vostede recoñece esta fotografía. (*A señora conselleira amosa unha fotografía.*) Isto é Monfero, nas fragas do Eume. Que eu saiba, está gobernado por un alcalde do PSOE. Isto é un punto limpo e fíxese onde están os residuos. Así é imposible coidar o territorio en Galicia, (*Aplausos.*) non poden dicir vostedes unha cousa aquí e a contraria noutro lado. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*)

Polo tanto, despois de distintas sancións, despois de ir onte eu e que o alcalde nin sequera aparece —bueno, andaba dando voltas co seu coche pero non veu á xuntanza— ...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): ... ¿hoxe veñen vostedes dicir aquí que queren protexer Galicia...?

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira. Terminou o tempo.

Grazas.

(*A señora Vázquez Mejuto pronuncia palabras que non se perciben.*)



Terminou o tempo. Grazas.

(Aplausos.) (Murmurios.)

Pregunta de D. José Manuel Balseiro Orol e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a información da que dispón a Xunta de Galicia respecto de cando van estar en funcionamento os trens Avril e de cantos serán os que se destinen a Galicia

O señor PRESIDENTE: Pregunta de don José Manuel Balseiro Orol, do Grupo Parlamentario Popular.

(O señor Balseiro Orol tarda en comezar a súa intervención.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Pausa.)

Non está aínda no uso da palabra. Imos darlle un pouco de tempo. Hai cousas que tampouco son para tanto. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Tranquilidade que hoxe hai para todos aquí, hai para todos, para todos os lados. *(Murmurios.)* Vaíamos con calma, que isto tampouco é unha cousa do outro mundo. *(Murmurios.)*

¡Veña, señor Balseiro, que aínda nos fixo esperar un pouco! ¡A ver, a ver, veña! ¡Vamos! ¡Veña! *(Murmurios.)*

O señor BALSEIRO OROL: Moitas grazas, señor presidente.

Bo día, señora conselleira, señora Vázquez.

Neste momento dúas das máis importantes preocupacións que temos os galegos en relación coas infraestruturas teñen que ver con incumprimentos do goberno de Sánchez con Galicia. A primeira —pedímolos onte nesta Cámara— é a reposición, o máis urxente posible, da circulación pola autovía do noroeste, e que a construción dos novos viadutos se leve a cabo dun xeito urxente e simultáneo en ambos sentidos da circulación. A segunda é a chegada dos trens Avril para que a alta velocidade ferroviaria a Galicia sexa completa e pase máis alá da cidade de Ourense. Hoxe a liña Madrid-Galicia de alta velocidade non está aproveitando todo o seu potencial, privando o resto das cidades galegas deste moderno e máis rápido servizo ferroviario que, como comprenderán, ofrece uns menores tempos de desprazamento.

Para dar solución a esta situación, o Goberno de España comprometeuse a poñer en funcionamento en Galicia os denominados trens Avril, que permiten, grazas ao cambio de ancho automático de vía, acceder a todos os puntos da rede viaria electrificada. Con todo, hoxe é un feito irrefutable que o goberno que preside Pedro Sánchez enganou os galegos; e fíxoo, ademais, incumprindo un tras outro todos os prazos, todas as datas, que foi ofrecendo para que os trens Avril estivesen operativos en Galicia. Hai quen afirma desde as bancadas conformistas dos grupos da oposición que o que acontece cos trens Avril é unha anécdota, gardan silencio con tal de que non se enfade o xefe dos socialistas e o socio preferente do Bloque Nacionalista Galego da señora Pontón. Cando se trata de poñerlle deberes á Moncloa, o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego compórtanse como gatiños submisos. ¿Ima-



xinan vostedes o que estarían a dicir se quen incumprise todos os prazos fose un goberno do Partido Popular? Lonxe de ser unha anécdota, Sánchez desconecta Galicia, o goberno de socialistas e Podemos é un auténtico perigo para a mobilidade dos galegos. Vémolo co AVE incompleto e vémolo co desmantelamento de Feve.

E, señora conselleira, diante desta situación, queremos coñecer a información da que dispón o Goberno galego sobre cando van estar en funcionamento os trens Avril e cantas destas unidades se destinarán a Galicia.

Nada máis e moitas grazas, señora presidenta. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señor Balseiro.

Para dar resposta, ten a palabra a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, dona Ethel María Vázquez Mourelle.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas.

Señoría, como todos os galegos sabemos, despois de anos de atraso por fin en decembro de 2021 chegou a alta velocidade á cidade de Ourense. E sen restar a importancia que iso tivo, a relevancia que tivo en decembro de 2021 esa chegada da alta velocidade á cidade de Ourense, dende o Goberno galego pois seguimos demandando e seguimos, por suposto, perseguindo que a chegada da alta velocidade entre en Galicia e chegue ao resto das cidades —A Coruña, Santiago, Pontevedra e Vigo— que teñen as infraestruturas para facelo. Queremos que se beneficien tamén da alta velocidade.

A singularidade que temos en Galicia, onde conviven dous anchos de vía diferentes, ten como consecuencia que sexa imprescindible a chegada deses trens Avril de rodadura desprazable para que chegue a alta velocidade ao resto das cidades de Galicia. E o certo é que, dende que entrou en servizo en decembro de 2021, estamos demandando esa información e ese cronograma. O Goberno de España trasladou diferentes datas e o certo é que todas e cada unha delas se incumpriron. A última data era que chegarían os trens Avril o pasado verán —imprescindible para aproveitar ese Xacobeo histórico que tivemos—. O certo é que á hora da verdade os trens Avril non chegaron o pasado verán. O que si vimos foi un episodio realmente —diría— vergoñento, con cruces de acusacións entre o Goberno de España e a empresa encargada de fabricar os trens —dende logo, unha liorta estéril que no daba solucións aos intereses de Galicia, que demandaba eses trens—.

E hai unha resposta escrita no Senado que teño aquí e que leo textualmente: «*Según el contrato suscrito, las primeras unidades de los trenes deberían de haberse recibido en enero de 2021, sin que todavía haya sido recepcionada ninguna de ellas, lo que ha impedido la puesta en servicio el pasado verano*».

Pero o máis grave de todo isto —porque xa todos sabemos que se incumpriron por parte do Goberno de España todas as datas— é que non temos explicacións e non temos un cronograma claro e oficial de cando chegan a Galicia eses trens Avril. De xeito oficial o único que



soubemos o pasado venres é que o próximo mes de abril se dará a información sobre cando chegarán os trens Avril. Polo tanto, é unha confirmación máis de que o Goberno de España se desentende da chegada dos trens Avril a Galicia.

Tamén se desentende de cantas unidades. Necesitamos saber cantas unidades dos trens Avril chegan e con que frecuencias, para aproveitar ao máximo e sacarlle o máximo partido á alta velocidade —porque o ano pasado fomos quen de superar as viaxes de avión—.

Pola miña parte, nada máis. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señora conselleira.

Novamente, para a réplica, por tempo de dous minutos, ten a palabra o señor Balseiro.

O señor BALSEIRO OROL: Moitas grazas, señora conselleira, pola súa resposta. Pero ao Grupo Parlamentario Popular teríalle gustado moito máis que xa vostede ofrecera —por que o Goberno de España así llo dixera— datas concretas. É dicir, estamos igual que cando empezamos, non sabemos nin cantos trens van chegar a Galicia nin sabemos datas de cando van chegar. E todas as datas que deu o Goberno de España incumpríunas. Polo cal, para o Partido Socialista e para o goberno de Pedro Sánchez, Galicia nunca foi unha prioridade. Estao a demostrar, je vaia se o está a demostrar!

Pero é que, ademais, a liña Madrid-Ourense de alta velocidade está a ter demanda; pero están privando o conxunto dos galegos desta oportunidade, salvo, neste caso, a cidade de Ourense. E o peor de todo é que non dan unha explicación certa sobre as razóns dos continuos incumprimentos do goberno de Pedro Sánchez, que debe dar unha data fiable e realista.

Nós, señora conselleira, pedimos que se respecte este Parlamento e pedimos que se respecte os galegos e as galegas. Hai un mandato expreso desta Cámara que pide: «O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a requirir do Goberno de España que concrete o cronograma para a chegada da alta velocidade ao conxunto das cidades galegas, que garanta os tempos de viaxe do AVE comprometidos dotando inmediatamente a rede ferroviaria da comunidade cos trens Avril e especifique o número e tipo de trens Avril asignados a Galicia e a data concreta en que eses trens estarán circulando por Galicia».

E permítame, señora conselleira, para terminar, que lle mande un recadiño. Dígalle ao Goberno de España —se eses trens os están fabricando— que polo menos eses trens entren polos túneles. Non vaia ser que fagan os trens e non entren polos túneles que están feitos. É dicir, non sería a primeira vez que ocorre isto e non quixeramos que ocorrese unha vez máis e na nosa comunidade autónoma, porque aquí somos, cando menos, un grupo parlamentario serio e os galegos e as galegas son moi serios.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señor Balseiro.

Para responder, ten novamente a palabra a señora conselleira.



A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas.

Pois, señoría, o certo é que non temos información ningunha do Goberno de España sobre ese calendario e ese cronograma para a chegada dos trens Avril a Galicia e para que chegue ao resto das cidades a alta velocidade. Para a nosa comunidade é transcendental, ten unha transcendencia maiúscula, porque a alta velocidade ten retorno económico, retorno social e retorno medioambiental —e para a imaxe de marca dun país—. E por iso tamén pedimos que a alta velocidade chegue tamén a Lugo e a Ferrol, que se completen as infraestruturas necesarias —porque agora mesmo esas liñas están sen electrificar—, que se complementen para que tamén chegue a alta velocidade a Lugo e a Ferrol.

O certo é que a chegada da alta velocidade —como dicía— está condicionada polos diferentes anchos de vía, e eses anchos de vía tamén repercuten negativamente en que non teñamos diferentes operadores. Ter competencia, ter diferentes operadores, é beneficioso para os usuarios. Pero, en calquera caso, o certo é que o atractivo de Galicia coa alta velocidade está fóra de toda dúbida vendo os datos e o número de pasaxeiros da liña de alta velocidade dende a posta en servizo da liña Ourense-Madrid. Como saben, nun ano foi a liña na que máis se incrementou en toda España —un 72 %— o número de usuarios, a pesar de non ter operadores privados. ¡Como sería —se tivésemos operadores privados— o incremento de usuarios nesta liña ferroviaria!

E, polo tanto, a alta velocidade converteuse na opción prioritaria para os galegos para chegar de Galicia a Madrid. Foi a opción prioritaria, e aí están os datos: 1,8 millóns de pasaxeiros na liña de alta velocidade Galicia-Madrid e 1,6 millóns de pasaxeiros nos aeroportos galegos nas conexións Galicia-Madrid. Polo tanto, a alta velocidade ten atractivo para a nosa comunidade e por iso seguiremos reclamando información certa e concreta de cando, cantos e como van chegar eses trens Avril á nosa comunidade, a Galicia. Lamentamos que o Goberno de España se desentenda da chegada dos trens Avril, se desentenda desas datas que incumpriron e se desentenda de darnos esa información. Vemos como os erros e os incumprimentos do Goberno de España teñen reacción distinta por parte do Goberno de España segundo sexa a comunidade. Vemos como en Cantabria e Asturias dan explicacións e dan compensacións, pero, cando se trata de Galicia, nin explicacións nin compensacións. Porque, co atraso dos trens noutras comunidades, pois si que hai compensacións; co atraso dos trens Avril en Galicia ¿que compensacións temos? Ningunha.

Polo tanto, pedimos igualdade de trato e, sobre todo, que non se desentendan da chegada dos trens Avril. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Continuamos no apartado de preguntas ao Goberno, concretamente no punto 5.

Pregunta de D^a María Begoña Freire Vázquez e nove deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a situación na que se atopan os trámites necesarios para a execución da obra do novo Complexo Hospitalario Universitario da Coruña

A señora PRESIDENTA (Candía López): Para formular a pregunta, e por tempo de tres minutos, ten a palabra dona María Begoña Freire Vázquez.



A señora FREIRE VÁZQUEZ: Grazas, presidenta.

Bo día, señora conselleira.

O Goberno galego está a facer unha importante aposta pola modernización e mellora das infraestruturas sanitarias na nosa comunidade, o que sen dúbida require acometer unha in-xente planificación técnica, administrativa e orzamentaria.

Dentro desas prioridades atópase a construción dun novo hospital público para as persoas da Área Sanitaria da Coruña, o novo CHUAC, ao que a Xunta de Galicia destina un investimento superior aos 500 millóns de euros, o maior investimento da sanidade pública galega.

Na cidade da Coruña e na Área Sanitaria da Coruña temos hoxe un hospital público de referencia na asistencia sanitaria, e o investimento comprometido polo Goberno galego suporá un gran avance para seguir na marca de referencia da sanidade pública de Galicia, de referencia en España e ante un dos mellores hospitais de Europa.

É sorprendente que, pese ao importante avance que supón para as persoas e os usuarios a mellora dos equipamentos sanitarios, algunhas administracións se empeñen en atrasar a execución dos investimentos e dos traballos previstos. Un caso peculiar é o do Concello da Coruña, que está a poñer constantes atrancos á execución dun investimento de, como dicíamos, máis de 500 millóns de euros no novo hospital público, no novo CHUAC.

Os veciños e veciñas da Coruña, da contorna en xeral, os cidadáns, estamos moi preocupados, porque puidemos ver nos medios de comunicación ao longo destes meses varios desencontros no Concello da Coruña con motivo da construción do novo hospital, cando sinceramente pensabamos que todo avanzaba correctamente.

Primeiro, o Concello da Coruña non era quen de acreditar a existencia nas contas municipais deste ano das partidas orzamentarias necesarias para cumprir os compromisos adquiridos e facilitar así o avance das obras por parte da Xunta de Galicia. Por pouco que se saiba de xestión, é sabido que o certificado de asunción de compromisos financeiros é necesario en todo procedemento administrativo e na tramitación do expediente das obras. Logo resultou que se modificara de xeito unilateral o texto das condicións do convenio para asinar entre a administración local e a autonómica e que fora levado á aprobación do Pleno municipal o pasado 28 de decembro. A verdade é que resulta difícil entender que se poidan introducir de forma unilateral cambios nun convenio que xa estaba consensuado entre as dúas partes en novembro do 2000 para ampliar o complexo hospitalario e con base no acordo marco asinado no 2021.

En resumo, a realidade é que o bloqueo do Concello da Coruña á formalización dun novo convenio coa Xunta que subsanase esas eivas impide avanzar na licitación das primeiras obras do novo CHUAC. Por tal motivo, ante estes feitos, e aínda que puidemos ver a través



dos medios de comunicación que se conseguiron desbloquear os problemas existentes co Concello da Coruña sobre a construción do novo hospital, do novo CHUAC, pedímoslle que informe a este Parlamento de primeira man en que situación se atopan na actualidade os trámites necesarios para a execución da obra do novo CHUAC.

De momento, máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Para responder ten a palabra a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas.

Señoría, a Xunta de Galicia somos un goberno serio, un goberno consecuente coas decisións, un goberno comprometido cos servizos públicos e comprometido cos acordos que se asinan. E, nese sentido, o novo CHUAC é un proxecto estratéxico, é un proxecto de atención prioritaria para a Xunta de Galicia no que pretendemos investir preto de 500 millóns de euros.

E o certo é que a falta de avances nos cinco últimos meses —fundamentalmente por parte do Concello da Coruña— nese convenio que tiñamos que asinar dende logo que nos xerou unha enorme inqueda polas atrasos consecuentes neste hospital. Pasaba o tempo e non conseguíamos que se desbloquease este asunto. Viamos no convenio aprobado no pleno o 28 de decembro de 2022 que se introducían cambios unilaterais que facían inviable a formalización deste convenio; polo tanto, tiñamos claro que por responsabilidade era urxente e necesario desbloquear esta situación que estaba paralizándo o novo CHUAC.

Teño que confirmar que non foi doado, non foi doado sentarnos co Concello da Coruña. Pero, finalmente, conseguimos sentarnos e, con vocación de diálogo, propuxemos alternativas e conseguimos chegar a un acordo e superar eses problemas, eses atrancos que impedían avanzar.

Dende a Xunta de Galicia propuxemos alternativas; alternativas que se confirmou que eran viables para chegar a unha solución, alternativas que puxemos encima da mesa e que o Concello da Coruña aceptou. Eran dous escollos fundamentalmente. Pero hai que felicitarse, porque as dúas administracións conseguimos mirar cara ao futuro e chegar a un punto de encontro co acordo que alcanzamos. A Xunta de Galicia expropiará o cen por cento dos terreos e será titular dos terreos e titular do hospital —como era o lóxico—; e o Concello da Coruña financiará a parte comprometida en investimento nos accesos, que serán da súa titularidade —porque estamos a falar de accesos que forman parte da trama urbana da cidade da Coruña e que non serán accesos de utilización exclusiva para a infraestrutura hospitalaria—.

Polo tanto, propuxemos alternativas. O Concello aceptou esas alternativas e todos nos temos que felicitar. E agora o que toca é recuperar tempo e traballar. Toca que o Concello avale no pleno ese convenio, que se asine canto antes ese convenio; e, pola nosa parte, axilizar o máximo posible. Por suposto, xa estamos en disposición de activar xa, o máis axiña posible, de xeito in-



mediato, as primeiras obras do novo CHUAC. E o certo é que, tendo moi presente que o atraso da formalización do convenio supón atraso nas obras, axilizaremos o máximo posible. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Para a réplica ten novamente a palabra dona Begoña.

A señora FREIRE VÁZQUEZ: Grazas, presidenta.

Grazas, señora conselleira, pola súa resposta e pola información que traslada a este Parlamento. Esta información é, dende logo, moi necesaria para que os cidadáns saiban quen pon paus nas rodas e quen aporta ao final solucións e se implica activamente no desbloqueo dos atrancos que poidan existir polo ben da cidadanía e polo benestar dos galegos e das galegas. Moitísimas grazas polo seu traballo, pola súa implicación; unha implicación, ademais, activa nun asunto capital para a cidade da Coruña, para o conxunto da Área Sanitaria da Coruña e, en definitiva, para toda Galicia.

Dende logo, como dixó, non é nada fácil alcanzar acordos; máxime cando se está a tratar con administracións que tentan poñer todas as dificultades posibles aos proxectos da Xunta nas cidades e no territorio. Vostede xa ten experiencia en tempos recentes cos gobernos municipais da cidade da Coruña a partir do ano 2015. O acordo acadado co Concello da Coruña que nos explicou polo miúdo —que esperemos que se converta en definitivo coa firma dun novo convenio, sen máis atrancos— é, sen dúbida, unha gran noticia a pesar de que temos que soportar eses atrasos deses meses e que tamén nos custa o esforzo suplementario que supón para a Xunta de Galicia, coa facilidade do plan de pagos que permitirá ao Concello a asunción dos compromisos financeiros, superar os escollos sobre as expropiacións e os accesos e tamén a asunción do sobrecusto das obras dos accesos.

Parabéns, entón, polo acordo acadado. Os cidadáns podemos estar orgullosos de que en Galicia o Goberno galego traballa polo noso benestar, polo futuro de Galicia e para a cidade da Coruña e da área sanitaria. O enorme investimento que vai supoñer o novo CHUAC vai conlevar, dende logo, un antes e un despois nunha infraestrutura sanitaria da que, sen dúbida, nos sentiremos orgullosos todos os galegos e galegas.

Pola miña banda, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Réplica do Goberno.

Ten novamente a palabra a señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas.

Pois, señoría, como sabe, o problema non era unicamente que fose preocupante levar cinco meses de atraso e cinco meses agardando a asinar ese convenio; un convenio que non en-



tendíamos como non se podía asinar, porque era o mesmo esquema que formulamos e asinamos co Concello de Pontevedra para desenvolver o hospital de Montecelo. E viña de que se introduciran cambios unilaterais que impedían a formalización dese convenio porque era inviable xuridicamente cos cambios unilaterais que realizara o Concello da Coruña.

Afortunadamente acudimos a esa xuntanza con ánimo construtivo, con ánimo de acordo, con solucións e alternativas enriba da mesa para desbloquear esta situación. E nós fomos cumprindo coa nosa palabra e cumprindo con este proxecto que para nós é estratéxico e fundamental para desenvolver na cidade da Coruña, e que beneficiará dende logo a toda a área sanitaria.

É un proxecto realmente moi ambicioso, ambicioso en diferentes vertentes. É moi ambicioso dende o punto de vista sanitario: duplicaremos a superficie hospitalaria, incrementaremos o número de camas e será un hospital con 40 quirófanos; polo tanto, dende o punto de vista sanitario é un salto cualitativo importante. Dende o punto de vista económico é o maior investimento que a Xunta de Galicia vai realizar en materia de infraestruturas sanitarias. É un incremento, ademais, que asumimos integramente a pesar desa crise de materiais. Pero comprometémonos e estamos para cumprir o comprometido. É un proxecto, dende logo, moi complexo dende o punto de vista técnico, moi complexo en canto a eses accesos que son necesarios para a propia trama urbana da cidade; uns accesos que van garantir a integración do hospital, a funcionalidade do hospital e tamén a integración de todo o barrio de Eirís, de todo o ámbito onde está deseñado e implantado.

Avaliamos ata 20 alternativas de accesos e non lle serviu ningunha ao Ministerio de Transportes, titular da AC-12, que é fundamental para conectalo e darlle a funcionalidade completa ao hospital. O esforzo e a responsabilidade da Xunta de Galicia para cumprir levounos a aceptar a titularidade da AC-12 para facilitar eses accesos e que A Coruña teña un hospital cos accesos axeitados.

Cómpre destacar que levamos moito avanzado, que está resolta a tramitación ambiental e que seguiremos traballando. Non pedimos máis pero tampouco pasaremos por menos co Concello da Coruña. Desbloqueamos con solucións viables. E agora, a licitar de xeito inmediato as primeiras obras, a activar as primeiras obras do novo CHUAC.

Pola miña parte, nada máis. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Continuamos no apartado de preguntas.

Pregunta de D^a María Leticia Gallego Sanromán, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o establecemento dunha liña de transporte público directa entre O Morrazo e os complexos hospitalarios do Meixoeiro e do Álvaro Cunqueiro

A señora PRESIDENTA (Candía López): Para formular a pregunta ten a palabra dona María Leticia Gallego Sanromán por tres minutos.



A señora GALLEGO SANROMÁN: Grazas, presidenta.

Bo día a todos e a todas.

Bo día, conselleira.

E, primeiro, vou saudar as veciñas do Morrazo que nos acompañan hoxe dende a tribuna.

Na actualidade o Sergas conta, para a prestación da atención hospitalaria na Área Sanitaria de Vigo, cun complexo universitario que compoñen o hospital Álvaro Cunqueiro e o do Meixoeiro. O CHUVI atende unha poboación, nos concellos da área de influencia de Vigo, de 500.000 persoas —pertencentes a 26 concellos desta área—. Entre outros concellos está Moaña e Cangas. E, segundo os datos publicados polo Instituto Nacional de Estatística para o ano 2021, estes municipios acadaron unha poboación de 26.708 e 19.496 persoas respectivamente, o que fai un total de 46.204 persoas como poboación de referencia.

Por outra banda, na zona do Meixoeiro existen, ademais do hospital, varios centros de ensinanza, o Centro de Formación Profesional Manuel Antonio, o IES Ricardo Mella, o Centro de Formación Profesional Valentín Paz Andrade e tamén a Escola Universitaria de Enfermería e residencias de atención integral a maiores.

Pois, por estes motivos, ducias de persoas residentes en Cangas e Moaña desprázanse diariamente en autobús a Vigo para desenvolver a súa actividade profesional, formativa e asistencial; é dicir, pacientes, traballadores sanitarios, persoal auxiliar, docentes, persoal de limpeza, estudantes, etc. Todas estas persoas están interesadas na conexión do servizo público de autobús entre a comarca do Morrazo e os hospitais Álvaro Cunqueiro e O Meixoeiro. Por iso solicitan estes veciños e veciñas melloras neste traxecto no transporte de autobús, queren que sexa un transporte eficiente. Actualmente todas estas persoas usuarias que utilizan o autobús empregan unha hora e quince minutos no mellor dos casos, incluso teñen tardado ata case dúas horas nun traxecto de 38 quilómetros. Por certo, tardaron hoxe menos en vir en autobús desde O Morrazo ata Santiago que do Morrazo aos hospitais Álvaro Cunqueiro e O Meixoeiro. Para que teñan aí unha idea do que tardan.

Con estes tempos de percorrido o servizo de transporte vólvese ineficiente, ao non funcionar de xeito adecuado. Isto está a causar o abandono do transporte público en autobús polos usuarios e usuarias, que escollen empregar vehículos particulares para chegar a tempo aos seus postos de traballo e para o retorno aos seus fogares.

A consellería que vostede dirixe, señora conselleira, ten por obxectivo facilitar a mobilidade das persoas en termos de igualdade, seguridade e calidade, para que poidan ter un transporte prioritario, que sexa unha alternativa sostible e empregalo fronte ao transporte particular. Por iso, ¿pode dicirnos, conselleira, se vai establecer unha liña de transporte público directa entre O Morrazo e os complexos hospitalarios do Meixoeiro e do Álvaro Cunqueiro cunha duración inferior a unha hora?

Grazas. (Aplausos.)



A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Para a resposta ten a palabra a señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas, señoría.

Dende logo, en algo concordamos: queremos un transporte público eficiente. E así, nese sentido, está deseñado e pensado, como plan vivo, o Plan de transporte público de Galicia, para facilitar a mobilidade en termos de igualdade, en termos de seguridade, de calidade, de eficiencia social e tamén de sustentabilidade económica e medioambiental. O obxectivo, dende logo, é fomentar o transporte público e que sexa unha alternativa real para a mobilidade dos galegos.

E, por suposto, tamén aproveito para saudar os veciños do Morrazo que nos acompañan hoxe, pero, en calquera caso, a valoración catastrofista que fai vostede, dende logo, non a comparto. A situación está moi lonxe dese relato catastrofista que trasladan vostedes. O transporte público é algo vivo, nós facemos un labor importante, un labor de escoita, un labor de seguimento e un labor de achegar solucións. Vostede é libre de opinar, pero eu pediríalle un pouco de rigor e, sobre todo, tamén que non dean leccións; porque vostedes, como Partido Socialista, veñen dar leccións de mobilidade cando estamos a ver o que está a pasar en materia ferroviaria, nas liñas ferroviarias en Galicia, con incidencias, faltas de prazas e atrasos, e o certo é que non son exemplo de nada en materia de transporte público.

Pero, en calquera caso, voulle dar algúns exemplos. ¿Quen se negou a integrarse na área de transporte metropolitana de Vigo impedindo bonificacións aos vigueses e aos da área metropolitana? ¿Quen puxo todos os atrancos posibles para a apertura da estación intermodal de Vigo —xa que estamos a falar de transporte público—? ¿Quen modificou unilateralmente as obras do Halo, que están a provocar atrasos e atrasos, moitísimos atrasos —igual que na zona de Perillo as obras do Ministerio de Transportes, que están a afectar o transporte público—? Son trastornos que afectan o transporte público. E a resposta a todas estas preguntas é a mesma: neste caso o Concello de Vigo. E os realmente prexudicados son os usuarios.

Os datos que di vostede desméntense. A oferta é moi ampla: 8 liñas, 54 servizos diarios de luns a venres, 6 liñas que conectan os hospitais con 13 servizos diarios, etc. En calquera caso, nós estamos para traballar, para escoitar, para ofrecer solucións incorporando novas paradas. E, aínda que sexan as peticións contraditorias —porque Cangas pide paradas e que se manteñan as paradas, e, en cambio, Moaña pide que haxa un servizo directo—, nós estamos aquí para dar solucións.

E, cando vostede vén, eu xa volvo. Polo tanto, nós xa temos prevista unha nova liña de autobús directa aos hospitais. Aínda que teñamos peticións contraditorias, nós somos un goberno serio que ofrecemos solucións, que escoitamos. Gustaríanos que vostedes fixesen o mesmo nos servizos ferroviarios.

Pola miña parte, nada máis. *(Aplausos.)*



A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Réplica.

A señora GALLEGO SANROMÁN: Señora conselleira, nós de catastrofistas, ¡nada! Pídlle agora que suba a falar coas veciñas que están aí e que lles diga se somos catastrofistas ou non. Fale con elas e xa lle dirán o que pasan todos os días para chegar dende o Morrazo ao hospital Álvaro Cunqueiro ou ao do Meixoeiro. Fale coa xente e entón aí xa verá qué catastrofistas somos.

E, mire, hoxe nós estamos aquí para darlles a palabra a esas veciñas e veciños do Morrazo que queren unha liña directa dende Cangas e Moaña a estes hospitais. Estamos aquí para mellorar a vida das persoas, señora conselleira —vostede, eu e todos os que estamos aquí—. E mellorar a vida das persoas é mellorar tamén o transporte público e que non tarden case dúas horas en chegar aos seus postos de traballo en 38 quilómetros. (*Murmurios.*) ¡Si, si, pregúntelles, suba e pregúntelles!

E, mire, ¡é vostede, de verdade, tan previsible! Fala vostede do Halo. Resulta que as veciñas e os veciños do Morrazo queixáronse e manifestáronse o día 11 de febreiro, e resulta que as obras do Halo non empezaron ata o 16 de febreiro. E vostede bótalle a culpa ao Concello de Vigo. Ou sexa, estase dicindo que se quere unha liña directa e, ¡como non!, imos ao Concello de Vigo. ¡De verdade, están vostedes obsesionados co Concello de Vigo! Pero, ben, non me estraña, a verdade é que non me estraña. Sigan botando a culpa de todo ao Concello de Vigo, ata da liña do Morrazo aos hospitais de Vigo. Sigan vostedes así.

Mire, señora conselleira, en Galicia o transporte público en autobús funciona mal, ¡funciona mal! Estamos fartos de traer aquí ao Pleno, e mesmo ás comisións, un montón de exemplos dos concellos nos que funciona mal o autobús. Porque é así, e non son casos illados, señora conselleira, ¡non son casos illados! ¡Funciona mal o transporte público en Galicia!, e é así por moito que vostedes digan que non.

E, por favor, díganos cando van facer esa liña directa, porque acaba de anunciálo aquí vostede a bombo e platillo. ¡Díganos cando, cando vai ser esa liña directa! ¡Menos anuncios e máis traballar! (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Réplica do Goberno por tres minutos.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Supoño que, por mal funcionamento do transporte público, reflicte o ferrocarril —que é transporte público— con esas incidencias, esa falta de prazas, eses atrasos constantes, que, polo tanto, son incidencias importantes. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Pero vimos falar... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Dende logo, nós escoitamos, nós traballamos e ofrecemos solucións.

Eu volvo insistirlle: cando vostede vén, nós xa estamos de volta. E, polo tanto, voulle dicir que vin aquí a confirmarlle que estamos xa traballando para implantar de xeito inmediato



unha liña directa. E vén aquí, non sei, en vez de felicitar, pois, a ser previsible. Por suposto, isto é porque escoitamos a xente e atendemos as demandas, señoría. ¡Pero enfádanse con todo! Enfádanse porque fas, porque non fas, e a todo din que non. Estámonos xa confundindo incluso de grupo político.

Vólvolle dicir e volvo insistirlle en que nós xa temos prevista —porque escoitamos, atendemos e ofrecémonos solucións— unha nova liña directa a pesar de ter peticións contraditorias. Pídlle tamén que fale con Cangas e tamén con Moaña, que piden iniciativas contraditorias entre elas. Damos solucións: ás 6.40 horas haberá unha expedición Cangas-Moaña-rúa Pizarro e outra Cangas-Moaña-O Meixoeiro-Álvaro Cunqueiro; e unha nova liña de autobuses O Morrazo-hospitais, que terá unha expedición de volta ás 15.00 horas.

Volvo repetirlle que o Plan de transporte público —de autobuses interurbanos—, que é competencia da Xunta de Galicia, é útil. E damos solucións, está vivo, porque escoitamos, a pesar de que a vostede non lle guste que escoitemos e atendamos demandas. Parece que non lle gusta. Ao mellor confúndome e está encantada de que escoitemos.

Nós estamos aquí para ofrecer ese tipo de alternativas e non é verdade todo o que está a dicir —tan catastrofista—. Aí están os datos de incremento do transporte público. Aumentaron un 30 % os usuarios do Morrazo nas liñas de transporte público da Xunta de Galicia. E incluso, se imos ao mes de febreiro de 2022 e o comparamos co mes de febreiro de 2023, incrementouse un 41 %. Isto non quere dicir para nada... Contradí as súas afirmacións. Aquí están os datos obxectivos e, polo tanto, non enrede.

Pero o que máis se utiliza en transporte público no Morrazo —tamén dirá que non— ¿sabe o que é? É o barco. O 80 % dos usuarios do transporte público na área utilizan o barco. O barco, no 2022, tivo 1,11 millóns de viaxeiros. Polo tanto, a clara predominancia no Morrazo cara a Vigo é a do transporte en barco, o transporte de ría —que tamén ten bonificacións do 50 %, ademais da Xente Nova que estamos a subvencionar—. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Pero se estou contestando a pregunta, señorías!

Cando vostede vén, xa estamos de volta. E imos implantar esa liña directa. Polo tanto, déixeme explicar algo máis, ademais desa liña directa que imos implantar. *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Pola miña parte, nada máis. Vexo que non lle gusta que escoitemos as peticións da xente.

Pola miña parte, nada máis. *(Aplausos.) (Fortes murmurios.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Se, cando un deputado está no uso da palabra, é importante escoitar, nas preguntas é moito máis, porque só son tempos de tres minutos e dous minutos; e, se se interrompen, é moi difícil que se entendan.



Fago ese chamamento a ver se rematamos ben a sesión do Pleno. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Continuamos, neste caso, substanciando a alteración da orde do día. (*Fortes murmurios.*)

¡Silencio, por favor! ¡Silencio, por favor! Intercambien impresiós fóra. Auséntense da sesión e fáleno fóra. (*Murmurios.*)

Pregunta de D. Xosé Luís Bará Torres e tres deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a avaliación da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do impacto das infraestruturas do parque eólico Castro Valente no xacemento arqueolóxico do mesmo nome, en Padrón

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para formular a pregunta ten a palabra, por tres minutos, don Xosé Luís Bará.

O señor BARÁ TORRES: Grazas, presidenta.

Señor conselleiro, quero facerlle a proposta dun exercicio de imaxinación. Reláxese vostede, peche os ollos, poña música *new age* e imaxine un país no que se pon en valor e se divulga un xacemento arqueolóxico que ten mil cincocentos anos de antigüidade; un xacemento, un recinto fortificado, do século V ou VI, que ten 11 hectáreas de superficie —é dicir, o equivalente a uns 18 campos de fútbol—, que está ubicado nunha situación privilexiada en altura, cun control visual de todo o territorio. Axúdoo a imaxinar, señor conselleiro —mire para aquí, se non lle importa— algo como isto (*O señor Bará Torres amosa unha imaxe.*), este recinto absolutamente espectacular.

E imaxine tamén que, grazas a unha escavación arqueolóxica se descobre unha muralla que ten 1,2 quilómetros de lonxitude, señor conselleiro, que é o terceiro recinto fortificado máis longo, máis grande, de Galiza despois da muralla de Lugo e do recinto fortificado do monte Aloia; algo tamén da espectacularidade que se pode ver nesta imaxe con 30 torreóns que reforzan esa fortificación en altura. (*O señor Bará Torres amosa unha imaxe.*) En calquera país europeo avanzado —poñamos por caso Irlanda ou Escocia— este xacemento arqueolóxico sería considerado un tesouro, sería protexido, sería conservado, sería estudado e sería divulgado e posto en valor.

E agora vimos aquí, vimos á realidade, vimos a este mesmo lugar que está entre Padrón e A Estrada e podemos ver como, por exemplo, no ano 2020, mentres se facía esa escavación arqueolóxica, un *bulldozer* atravesaba literalmente esa muralla de mil cincocentos anos e destruía unha parte dese xacemento arqueolóxico. Iso foi denunciado diante da Xunta je non pasou nada!, porque era unha obra promovida pola Consellería do Medio Rural e a Consellería de Cultura dixo que, como era de Medio Rural, non se podía facer nada. Así é como tratan vostedes o patrimonio cultural, co *bulldozer*, aplicándolle o *bulldozer*. (*Aplausos.*)

E volvemos á realidade e vemos como hai agora en tramitación un parque eólico —ademais, coa burla de que lle chaman «parque eólico Castro Valente», ao polígono eólico de varios



centos de hectáreas pónenlle xa «Castro Valente» —. E danlle a declaración de impacto ambiental favorable cun informe que é determinante, precisamente da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, e que non fai referencia —na DIA, polo menos— a ese xacemento arqueolóxico de extraordinario valor.

Señor conselleiro, penso que aínda están a tempo de rectificar. Hai numerosos estudos que poñen de relevo a inmensa importancia que ten ese xacemento. Sexan valentes, defendan Castro Valente. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Para dar contestación, ten a palabra o conselleiro de Cultura, don Román Rodríguez.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): Moitas grazas, señora presidenta.

Señor deputado, a verdade é que mo pon vostede ben difícil, porque, por unha parte, dime que peche os ollos e que imaxine; e, pola outra, que mire para vostede. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡A ver a que lle fago caso! (*Murmurios.*)

Creo, señor deputado, que vostede, que é un político experimentado e que mesmo tivo responsabilidades moi significativas no ámbito da xestión do patrimonio, como todos sabemos —e creo que é moi positivo—, sabe a capacidade que temos os políticos de influír nos técnicos de Patrimonio. Creo que o sabe. Polo menos, eu sempre respecto os informes dos técnicos de Patrimonio. Sobre todo porque non me queda outra. (*Murmurios.*) Porque non podo dicirlles aos técnicos de Patrimonio que informen «a», que informen «b» ou que informen «c». Non sei se vostede o facía, porque dá a sensación, polo que di, de que si tiña esa facultade. Non sei se é certa ou non.

En todo caso, señoría, todo o seu discurso —que está moi ben, moi poético— baséase nunha mentira. Vostede di aquí literalmente —na súa proposta por escrito—: «A Dirección Xeral de Patrimonio Cultural non avaliou o impacto da infraestrutura». Di que non se avaliou, que non se fixo nada. (*O señor Bará Torres pronuncia palabras que non se perciben.*) Non, non, pero vostede di aquí, na súa pregunta, que non se avaliou, que non se tivo en consideración, que se desprezou, o que aí estaba. É falso. A Xunta de Galicia, por suposto, avaliou o impacto patrimonial, plantexou cambios e houbo —creo— unhas rectificacións por parte da empresa promotora para poder adecuar a infraestrutura á realidade arqueolóxica preexistente. De feito, aí hai tres bens protexidos: o castro que vostede cita, a igrexa, que é un ben catalogado dende hai xa moito tempo —a Igrexa de Santa María de Herbón, que é un BIC—, e tamén o Convento de San Antonio de Herbón —que tamén é un BIC—. E, mire, informouse ata en tres ocasións, e a última delas favorable. ¿Por que? Porque, primeiro, se reduce o número de aeroxeradores, reduciuse o número de aeroxeradores. Todos están fóra das contornas de protección e a empresa ten a obrigação —digamos que por mandato dos técnicos da Dirección Xeral de Patrimonio— de realizar unha serie de medidas compensatorias. ¿Que medidas son? ¡Home!, eu pódolle aquí enunciar cales son as medidas técnicas que se plantexan e que a empresa tivo que asumir para poder ter autorización, desde un control de seguimento ar-



queolóxico a un programa anual de intervencións, a restauración e conservación do xacemento, un plan de investigación, un plan de divulgación, tamén obras e intervencións en Santa María de Herbón e no convento franciscano, un proxecto de mellora ambiental e paisaxística, a avaliación do impacto dos accesos... Bueno, moitas cuestións técnicas que seguramente xa coñece.

En todo caso, creo que a premisa da súa pregunta parte dunha falsidade. Avaliouse, por suposto que se avaliou. E os técnicos, ata por tres veces, informaron ao respecto.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señor Román.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): E ao final concluíron dicindo que se pode facer cunhas condicións, e esa é a realidade.

E imaxino que vostede —como cando foi director xeral de Patrimonio— non tiña orde directa de...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Rematou o seu tempo. Ten despois un segundo turno.

(O señor Rodríguez González pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

Réplica do señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Primeiro, unha corrección. Se xa abriu os ollos, señor Román Rodríguez, eu non fun director xeral de Patrimonio Cultural, infórmese ben. Funo doutra dirección xeral, pero é igual, isto non vén ao caso.

Eu, claro, procuro vir aquí informado. Eu lin con moito detalle e relín moitas veces, ademais de todos os estudos que publicaron os arqueólogos —dos que lle vou deixar unha copia para que vostede se informe, que sei que é unha persoa lida—, a DIA. E na DIA —que é o que conta, onde están as obrigas para a empresa— non se fai referencia a ningunha desas cuestións. Faise referencia a que se lle dá o visto bo ambiental e que se lle dá para adiante a este proxecto a pesar da súa afección a Castro Valente; cando, ademais, o Instituto de Estudos do Patrimonio alerta sobre o impacto paisaxístico irreversible e imposible de corrixir sobre o castro. Polo tanto, por moito que suprimisen un dos catro eólicos, vai seguir estando na contorna do castro, vai ter unha afección visual impactante, vai supoñer unha cantidade de movementos de terras e de infraestruturas que van ter un impacto brutal na contorna deste gran xacemento arqueolóxico.

¿Cal é aquí o problema? O problema é a empresa que está detrás deste proxecto. O problema é Iberdrola. O problema é que detrás de Iberdrola hai unhas —digamos— instancias que están moi preocupadas polo cambio climático, que son Qatar Holding, un fondo de investimento de Qatar, e tamén, por suposto, Blackrock —que sabemos que tamén está moi preocupada polo cambio climático—. E son as que promoven estes proxectos depredadores. E



entre defender Castro Valente e Iberdrola, vostedes escollen Iberdrola. Será tamén porque no consello de administración de Iberdrola se sentan Fátima Báñez ou a señora García Tejerina, que isto tamén conta moito. *(Aplausos.)*

Polo tanto, señor conselleiro, aínda están a tempo. Paren esta barbarie, paren este atentado contra o patrimonio, defendan Castro Valente. Porque Castro Valente, ademais, foi unha fortaleza contra as invasións. E seguirá sendo —vai ser, dende logo— un símbolo, un fortín, da defensa do territorio, do medio e do patrimonio fronte á invasión eólica.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Réplica do Goberno, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): Efectivamente, señor Bará, admito o meu erro. Vostede era director xeral de Cultura e Felipe Arias era o director xeral de Patrimonio. Pero, bueno, estou seguro de que Felipe Arias non lles diría aos técnicos de Patrimonio como tiñan que informar; se non, mal iríamos, moi mal iríamos. *(Murmurios.)*

Xa llo dixen anteriormente, houbo tres informes da Dirección Xeral de Patrimonio, tres informes. E, neste caso, a empresa fíxolles caso e tivo que ir poñendo medidas compensatorias e correccións no proxecto de execución da propia instalación, do propio equipamento, para poder cumprir cos requirimentos. E xa lle dixen anteriormente cales eran. Non se pode dicir que non houbo unha avaliación ambiental rigorosa. Creo que está feita.

Vostede, ao final, ten unha intención política respectable, que é falar mal dos eólicos porque é unha liña estratéxica que ten o Bloque Nacionalista en todas partes. Fano, é un feito obxectivo. Non pasa nada, é a súa liña política e fan ben. Daralle maior rendemento ou menos. Pero, en todo caso, fíxose un informe coas máximas garantías e unhas medidas compensatorias coas máximas garantías. Ao final, ¿cal é a conclusión? Bueno, pois os propios técnicos de Patrimonio din que, despois de tres informes, o proxecto é viable e é respectuoso coa contorna. Iso si, pon condicións que a empresa ten que cumprir. Xa llas dixen antes: reducir o número de aeroxeradores para que todos estean fóra dos ámbitos de protección, ¡que todos estean fóra dos ámbitos de protección!; tamén plantexou unha serie de medidas compensatorias que xa as dixemos anteriormente.

Agora, dito isto, plantexar, como intenta vostede plantexar, unha especie de emenda á totalidade respecto a se hai maior protección ou menor protección do patrimonio, ¡home!, normalmente as críticas que ten Patrimonio son, en xeral, pola sociedade, xusto ao revés. É a de que hai un excesivo proteccionismo. E a vostede parécelle que é pouco.

En todo caso, mire, nós, nos últimos anos, fixemos un traballo tremendamente positivo no ámbito da protección do territorio, da protección daqueles bens máis significativos de Galicia, da nosa cultura, da nosa historia. Creo que as declaracións BIC dos últimos anos foron moi sig-



nificativas. E hai unha cousa que é certa e que, cando interesa, non se entende: e é que o home, cando actúa sobre o territorio, altera o territorio. Obviamente, cando vostede fala desa grandiosa fortaleza que está no monte máis alto do mundo, coma se fose un descubrimento —hai pouco que saíu nos medios de comunicación cando xa estaba catalogado—, pois poderíamos dicir: ¿que pensarían aquelas persoas naquel momento, cando se fixo aquela intervención?, ¿estarían tamén destruindo o territorio? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Protestas.*)

Señoría, vostede —como estou dicindo— ten que intentar abrir a mente o suficiente para ver que é posible compatibilizar infraestruturas e equipamentos actuais coa preservación do pasado. Mentres non o faga, ou non o faga de xeito interesado...,

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): ...seguirán facendo, pois, cousas como as de agora...,

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): ...que din que non se fai, que non se cumpren os mandatos de Patrimonio, cando realmente si se informaron e si se cumpriron.

Moitas grazas. (*Aplausos.*) (*Fortes murmurios.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Continuamos co apartado 7.

(*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

¡Silencio! ¡Se non se respecta nin cando se vai formular a pregunta do seu grupo...!

Pregunta de D. Daniel Pérez López e D. Manuel Antonio Lourenzo Sobral, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir a continuidade do centro privado de educación especial Aspaber, situado na Brea, no concello de Carballo, que atende a comarca de Bergantiños e arredores

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para formular a pregunta ten a palabra, por tempo de tres minutos, don Daniel Pérez López.

O señor PÉREZ LÓPEZ: Grazas, presidenta.

Bos días, conselleiro. A ver se me dou recuperado do que acabo de escoitar hai un minuto.

Aspaber, a Asociación de Pais de Persoas con Discapacidade Psíquica de Bergantiños, naceu no ano 1976 en Carballo. É unha asociación que xurdiu co obxectivo de axudar a un grupo de



persoas con discapacidade intelectual e as súas familias nas tarefas do día a día e na propia convivencia. Estamos a falar dun momento no que as axudas das administracións para estas persoas eran moi escasas e os recursos asistenciais públicos inexistentes. Foron un grupo de familias da comarca de Bergantiños os que decidiron organizarse para algo tan básico e imprescindible como é a procura dun maior benestar para as súas fillas, para os seus fillos, e para os familiares, con discapacidade intelectual. Ese foi o xermolo de Aspaber, unha presa de familias bergantiñas que se mobilizaron para cubrir un tremendo espazo ermo da actuación pública. Onde non había nada eles prenderon o lume que, xa como Aspaber, serviu nunha primeira etapa para darlles visibilidade social ás persoas con discapacidade intelectual. Por iso ese traballo inicial de visibilización social foi tan importante para acadar o segundo chanzo, que foi que se recoñecese as persoas con discapacidade intelectual como cidadáns de pleno dereito, tal e como establece a lei. Para subir ese segundo chanzo, dende a asociación marcáronse como obxectivo proporcionar o apoio e as ferramentas necesarias e imprescindibles para que as persoas con discapacidade puidesen desenvolver un proxecto de vida digno e acadar unha inclusión real. Para iso, Aspaber foise adaptando aos cambios e ás novas necesidades das persoas con discapacidade, buscando prestar un apoio integral ás familias e usuarios dos diferentes servizos ofertados.

Hoxe Aspaber conta cun servizo especializado de atención diúrna, con actividade de tipo terapéutico, ocupacional ou lúdico; un centro de convivencia para aquelas persoas que teñen dificultades para permanecer no seu fogar.

Tamén conta cun centro ocupacional no que imparte a formación necesaria para que as usuarias e os usuarios poidan desempeñar un traballo que permita a súa integración a través do emprego, ao tempo que lles dá a posibilidade de gozar dunha vida independente. Aquí tamén xogou un papel fundamental a colaboración da empresa privada, como pode ser a da conserveira Calvo ou a do propio Concello de Carballo. Hoxe a limpeza diaria é desempeñada por Aspaber, e neste concello fomos pioneiros.

Por último, tamén conta cun centro educativo de educación especial —que é o que nos trae hoxe aquí—, que ten como fin garantir unha atención digna cos apoios necesarios para o alumnado con necesidades educativas severas. Este centro atende a 20 persoas cun alto grao de dependencia que, a partir do 20 de agosto deste ano, poderían verse privadas dun servizo básico e vital para elas e as súas familias. A dirección do centro renunciou a asinar o convenio coa Xunta de Galiza que permitía manter o centro e prestar un servizo axeitado; unha decisión que non foi comunicada pola dirección ás familias, que descoñecían as causas alegadas por Aspaber para non renovar o convenio e que igualmente descoñecían as conversas mantidas entre a dirección do centro e a Consellería de Educación para chegar a un acordo sobre a renovación dese convenio.

Ante esta situación e a posibilidade de que 20 usuarios queden sen un servizo vital para eles e as súas familias, dende o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego entendemos que a Consellería de Educación debe apurar todas as vías posibles para garantir a continuidade do servizo prestado. Por iso lle preguntamos que medidas se van adoptar desde a Consellería para garantir a prestación deste servizo básico para Carballo e a súa comarca. (Aplausos.)



A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Para a contestación, ten a palabra o señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): Moitas grazas, señora presidenta.

Señor deputado, entendo que vostede non está facendo responsable a Xunta de Galicia do peche do colexio, entendo. Bueno, entendo que non está facendo responsable a Xunta de Galicia dunha decisión na cal non participou e que, en certa medida, temos que solucionar.

A ver, vostede fixo aquí un relatorio tremendamente significativo que comparto en gran parte. A Xunta de Galicia, neste caso no eido educativo, traballa e colabora con moitas asociacións, colectivos no ámbito da inserción educativa no ámbito da discapacidade. Hai moitísimas asociacións polo país coas cales estamos traballando e colaborando, compartindo obxectivos e facendo —creo— unha moi boa práctica de colaboración público-privada para dar oportunidades a estes mozos e a estas mozas, para que poidan ter a maior dignidade posible na súa vida. No ámbito educativo ata os vinte un anos e, a partir de aí, noutros ámbitos da Administración. O obxectivo é o mesmo, isto é, axudar quen máis o precisa; axudar, primeiro, as familias e, segundo, o contorno das mesmas.

Este centro de educación especial é un centro concertado. Este centro comezou no ano 2017 cunha unidade e foi sumando, e agora ten tres unidades concertadas. Dan servizo a vinte persoas menores de vinte e un anos. O que lle podo confirmar, absolutamente, é que a asociación non solicitou a renovación do concerto. E esa é unha cuestión e é unha decisión unilateral da asociación. Ata aí estaremos de acordo, ¿non? Non foi unha decisión nosa. Unha vez que a coñecemos tamén pode estar absolutamente seguro de que nos puxemos a traballar, dende a Xefatura Territorial e dende a Inspección Educativa, con total colaboración e con total dispoñibilidade coas familias, para dar a solución educativa individualizada máis necesaria ou máis precisa ás características de cada unha das familias.

Neste caso a responsabilidade da Administración autonómica é cero. E o que imos facer e o que xa estamos facendo é tendo diferentes conversacións coas familias, non previamente ao aviso, senón a posteriori do aviso de peche —que é moi diferente—, para buscar a mellor solución posible e situarnos do lado das familias. Pode estar absolutamente seguro de que, neste caso, estamos a carón das familias para darlles o mellor servizo posible a estes nenos, que ben o merecen, e que temos a necesidade moral de axudalos en todos os sentidos.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Para a réplica, ten novamente a palabra don Daniel.

O señor PÉREZ LÓPEZ: Creo que lle descoloquei un pouco a resposta; creo que vostede esperaba outra posición nosa.



En Carballo e na comarca este é un tema que, de verdade, xera unha preocupación máxima. Son moitos os pasos dados adiante na visibilización e na integración real das persoas con discapacidade e, sen dúbida, Aspaber xogou un papel vital neste senso. Pero esa decisión de non renovar o convenio coa Consellería —e non dixeran de quen fora ou non a responsabilidade— deixa nunha situación extremadamente complicada os vinte usuarios deste servizo e as súas familias. E nisto é no que nós queremos centrar a pregunta e a cuestión. Vexo que vostede pensaba que —como digo— iamos ir por outro lado.

A sociedade carballesa e a comarca enteira están moi sensibilizadas coa atención, co apoio e coa integración das persoas con discapacidade. Por iso ve no anuncio de peche deste centro de educación especial un paso atrás, pero un paso atrás que hai que evitar. E despois da negativa de Aspaber a renovar o concerto, quen ten a responsabilidade e a obriga de buscarlles unha solución a estas vinte familias é do Goberno galego, da Consellería de Educación, neste caso. Trátase dunha solución que non pode pasar por reubicar as persoas usuarias en centros de Santiago ou da Coruña, como se plantexou inicialmente, porque iso suporía —e vostede sábeo— unha distorsión brutal tanto para os usuarios como para as propias familias.

Sabemos que dende a Consellería se están barallando posibles solucións; sabemos que unha opción sería reubicar, para o curso de 2023–2024, as persoas usuarias en unidades xeradas no colexio Xosé Pichel de Coristanco e, noutra unidade, no colexio de Laxe. De optarse por esta opción —que entendemos que é temporal—, sería imprescindible que dende a Consellería de Educación se dotase estes centros dos medios materiais e humanos imprescindibles, para atender estas persoas con necesidades educativas severas. Non facelo suporía un parche que non garantiría unha atención digna e axeitada. E digo solución temporal porque na comarca hai unha necesidade enorme deste servizo, como demostra o feito de que para entrar no centro de Aspaber haxa unha lista de agarda de dous anos. Por iso parécenos imprescindible que dende a Xunta se traballe xa en asegurar que para o curso de, polo menos, 2024–2025, a comarca conte cun centro de educación especial que dea resposta á demanda deste servizo.

O obxectivo que perseguimos con esta pregunta é que o Goberno galego explicita que solucións lles vai dar a estas familias. O que buscamos é que vostede verbalice cal vai ser a solución que lles van buscar dende a administración competente e que se comprometa para que, o curso que vén e para os seguintes, as necesidades das persoas con discapacidade intelectual da comarca estean cubertas.

Por iso esperamos que nos responda...,

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

O señor PÉREZ LÓPEZ: ...dunha maneira clara e concreta, que medidas se van adoptar. (Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Réplica do Goberno, o señor conselleiro.



O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): Señor deputado, parece que nos imos entendendo. Dígoo porque xa di claramente que a responsabilidade ou a decisión de cerrar o centro foi da propia asociación. Creo que iso é importante. Segundo, tamén reconece que xa houbo reunións, que está habendo reunións, dos equipos técnicos de Inspección e da Xefatura Territorial coas familias. Tamén é positivo que reconeza isto. E, terceiro, tamén é positivo que reconeza que se vai garantir a escolarización a estes alumnos. Creo que a partir de aí podemos construír.

E, obviamente, eu xa llo dixen antes. Unha vez que tivemos coñecemento da extinción da autorización —digamos— para seguir mantendo este centro, estivemos traballando coas familias para garantir as medidas necesarias para, primeiro, escolarizar, e, segundo, dar resposta ás demandas específicas, concretas destas familias, porque temos o compromiso, como dixen antes, de axudar quen máis o precisa e de facilitar, posibilitar, dar unha resposta o máis acaída ás necesidades e características de cada un dos alumnos. Iso creo que é algo indiscutible. E eu creo que isto as familias xa o coñecen, as familias xa o coñecen. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Estase falando con elas, estase interactuando con elas, estase avaliando que medidas son as mellores en cada caso concreto para garantir a escolarización destas persoas. E, mire, isto hai que analízalo coa máxima sensibilidade, coa máxima sensibilidade: hai que pensar sempre nas familias e hai que pensar nas características educativas de cada un destes nenos que teñen necesidades educativas especiais; hai que avaliar as necesidades e as posibilidades de cada un dos nenos; e tamén hai que dar unha resposta específica con base nas características e nas necesidades de cada un dos alumnos. E creo que iso é o que se está facendo neste momento. Se vostede me di agora mesmo: ¿avaliaron xa, fixeron todo, todo o preciso? Eu direille que se está neste momento en proceso. A Inspección Educativa, como vostede ao final reconeceu, xunto coa Xefatura Territorial están falando coas familias para garantir a escolarización destes vinte nenos. Non van quedar tirados en ningún caso porque se algo ten demostrado esta Administración é axudar máis a quen máis o precisa, e se algún alumno o precisa son os alumnos desta asociación, igual que os de outras moitas coas que colaboramos —creo— cun nivel moi aceptable de traballo e de receptividade por parte de todos.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Pregunta de D. Ramón Fernández Alfonso, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia para contribuír a unha saída negociada do conflito existente no almacén loxístico da empresa LIDL, no polígono Río do Pozo de Narón

A señora PRESIDENTA (Candia López): E para formular a pregunta ten a palabra, por tres minutos, don Ramón Fernández Alfonso.

O señor FERNÁNDEZ ALFONZO: Obrigado, señora presidenta.

Bo día, señora conselleira.



Supermercados Lidl é unha gran transnacional alemá da gran distribución, consolidada no Estado español no terceiro posto por cota de mercado, só por detrás de Mercadona e de Carrefour, cuns ingresos no ano 2022 de 5.000 millóns de euros, que conseguiron a través dunha rede de 670 centros, e que aposta por medrar aínda máis nos próximos anos ata chegar aos 1.000 establecementos entre tendas, almacéns e centros loxísticos.

Un destes centros loxísticos de Lidl atópase no polígono Río do Pozo, no concello de Narón, no que traballan 162 persoas que abastecen os supermercados situados no territorio de Galiza, Asturias e Castela e León. A empresa Lidl ten un convenio colectivo propio de ámbito estatal, no que se establecen entre outras cousas os grupos funcionais e salariais e todo o que ten a ver coa regulación da xornada de traballo: anual, diaria, traballo en festivos, horas extras etc. A representación legal do persoal deste centro de traballo do concello de Narón ten presentado nos últimos anos ao redor de trece denuncias perante a Inspección de Traballo por incumprimentos do convenio en materia de xornada: incumprimentos da xornada máxima diaria, da realización máxima de horas extras, do traballo en festivos etc. Son trece denuncias, todas con resolucións que constatan os incumprimentos denunciados polo persoal. Malia estas actuacións da Inspección de Traballo, a empresa reincide nos incumprimentos, e diante desta reincidencia empresarial o persoal do almacén acorda convocar folga, unha convocatoria de folga indefinida que comezou o día 14 de febreiro. A folga vai xa pola súa sexta semana. Seis semanas de negativa constante por parte da empresa a sentar e buscar unha solución negociada definitiva a este conflito, provocado —insisto— polos incumprimentos empresariais reiterados en materia de xornada. Un conflito que vai gañando temperatura en boa medida polos esforzos da empresa por substituír o traballo que realiza o persoal en folga e abastecer os supermercados, que se deberían abastecer desde Narón, desde outros centros loxísticos do Estado español. Este feito, esta substitución de traballadores e traballadoras en folga, foi obxecto de demanda por parte da CIG, como sindicato convocador da folga, por considerala unha vulneración do dereito fundamental de folga. O xuízo tiña que ser onte e foi adiado por petición da representación letrada da empresa, que alegou ter outro xuízo o mesmo día noutro sitio.

Señora conselleira, despois de case seis semanas dunha folga secundada por máis de cen persoas, de case seis semanas en folga sen que a empresa acepte sentar a negociar, de case seis semanas substituíndo traballadores e traballadoras en folga e, despois de adiar o xuízo de onte, no que se tiña que substanciar esa demanda por vulneración de dereitos fundamentais, coidamos que o seu departamento debería intervir.

Por iso preguntámoslle que pensa facer a Xunta para contribuír a unha saída negociada do conflito do almacén de distribución de Lidl, no polígono Río do Pozo do concello de Narón. E, por favor, non nos diga que non é a súa competencia, que non está informada ou que ningún solicitou a súa intervención.

Máis nada polo de agora e obrigado. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Para dar resposta ten a palabra a conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade, dona María Jesús Lorenzana.



A señora CONSELLEIRA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza): Grazas, presidenta.

Ben, señor Fernández, é todo o contrario. Eu non vou dicir que non estou informada; o que creo que non está informado é vostede porque si que se intentou facer unha mediación coa empresa e cos traballadores, pero, ao mellor, dende que vostedes presentaron a iniciativa non teñen coñecemento.

Voulle dicir un pouco o estado da situación actual. Efectivamente, houbo unhas denuncias de traballadoras e de traballadores deste centro de Lidl, e sobre iso acudiu a propia Inspección de Traballo. Acudiu o 23 de decembro e levantouse unha acta de infracción en febreiro —o 24 de febreiro de 2023—, e sobre esas infraccións concretas, que son ese exceso sobre as horas extraordinarias, en concreto de sete traballadores e traballadoras, estamos agora mesmo tramitando un expediente sancionador á empresa, por tanto, esa cuestión estase tramitando na Xefatura Territorial da Consellería.

Por outro lado, está a folga. Esa folga que se iniciou de maneira indefinida por cuestións relativas ao expediente sancionador e que creo que tamén se refiren a unha mellora salarial. Intentamos, dende a Consellería e a través do Consello de Relacións Laborais, levar a cabo una mediación do AGA. Esta mediación levouse a cabo o 13 de febreiro, un mes antes do rexistro de toda esta batería de iniciativas, entre as que está esa pregunta, co cal, a mediación si que se levou a cabo, pero terminou sen acordo entre as partes.

Ben, agora mesmo o procedemento está xudicializado e vostedes estano recoñecendo. A CIG, a representación dos traballadores, presentou una demanda e tamén hai unha demanda presentada pola propia empresa, neste caso considerando a folga ilegal, por tanto, a realidade dos feitos é que nós empregamos todos os mecanismos de mediación que puidemos ata o momento en que a CIG xudicializou o procedemento. Agora mesmo o Goberno non ten ningunha ferramenta cando o relativo á folga está en proceso xudicial.

Vostede concordará comigo que nin esta Cámara nin o Goberno podemos intervir nun procedemento que agora mesmo está en sede xudicial. Dende logo, eu non son partidaria da sede xudicial, en ningún aspecto, se se pode acordar a través dun procedemento que, ademais, temos a sorte de ter en Galicia, como é o AGA. E nós dende a Consellería, en todo caso, recomendamos tanto aos traballadores como, por suposto, ás empresas que acudan ao AGA e que intenten chegar a acordos. Outra cousa é que agora mesmo hai un sindicato, que é a CIG, que considerou que era idóneo, en lugar de conseguir unha mediación e continuar coas mediacións ata conseguir un acordo, acudir á vía xudicial, por tanto, a situación na que se atopan agora mesmo os traballadores é exclusivamente froito de que foron aconsellados por un sindicato para ir aos xulgados. E a partir de aí non hai nada máis que facer ata que o xulgado resolva. Esta é a situación á que levou o sindicato CIG a estes traballadores de Lidl no día de hoxe.

Nada máis. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.



Para a replica ten novamente a palabra don Ramón Fernández Alfonso.

O señor FERNÁNDEZ ALFONZO: Señora conselleira, á parte das diatribas en contra da CIG, vostede non está contestando a pregunta, ou, en todo caso, si, en todo caso está mentindo porque está vostede dicindo que non ten nada a ver por causa dunha xudicialización, dunha cuestión deste conflito. Non é o conflito en si mesmo. O que está xudicializado é se se está vulnerando o dereito fundamental de folga dos traballadores e das traballadoras. Iso é o que está xudicializado. Eu non lle pido a vostede que resolva en lugar do xuíz; eu o que lle pido é que interveña para resolver o conflito previo, isto é, ¿que pasa coas denuncias e que pasa co feito de que haxa unha folga convocada porque se está incumprindo a normativa, o convenio de aplicación en materia de xornada? ¿Que pasa?

Efectivamente, houbo unha mediación do AGA. Aí a empresa pediu que se suspendese a folga indefinidamente e a xente lle dixo que suspendería a folga un día se había negociación; se non había negociación non suspendían a folga. Entón, a pelota estaba no tellado da empresa, neste caso. ¿Non houbo suspensión indefinida da folga? Pois foron á folga, e agora a empresa di novamente que se non suspenden a folga —segue con esa exixencia— non hai negociación. E así levamos seis semanas. E vostede ¿que fai? ¿Vostede que fai? ¿Dicir ou vir aquí dicir que a culpa é da CIG, que xudicializou e que non debeu xudicializar? ¡Home!, eu creo que non é de recibo.

Son xa seis semanas de folga, seis semanas de incumprimentos e un conflito previo sen resolver. Non lle estamos preguntando que fixo coa última denuncia que se presentou. Hai trece anteriores, é dicir, hai un conflito e un incumprimento reiterado, e iso é o que provocou a folga. Nós non lle estamos pedindo que resolva o que ten que resolver o xulgado; o que lle estamos pedindo é que intermedie ou que desempeñe a súa función como autoridade laboral neste país para que se resolva o conflito de maneira negociada. Chame as partes a negociar a ver que lle din, pero non diga que non pode porque iso é mentira.

Máis nada. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Réplica do Goberno.

Ten novamente a palabra a señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza): Grazas, presidenta.

Mire señoría, imos ver. Son dúas cousas diferentes que vostede mestura, non sei se con ánimo realmente de facer un lío da situación, pero son dúas cousas completamente diferentes. Unha cuestión é o exceso de horas extraordinarias non compensado e, sobre iso, como sobre as restantes denuncias, sempre a Inspección de Traballo e, a continuación, a Consellería, tramita os expedientes oportunos, e outra cousa é a folga. (*O señor Fernández Alfonso nega co dedo índice da man dereita.*) E a folga ten unha causa diferente —se quere chamala encuberta pode cha-



mala encuberta—, que é unha mellora salarial. *(O señor Fernández Alfonso: ¡Non se atreva!) Non, atrévome porque agora mesmo existe un convenio colectivo asinado por Comisións Obreiras e por UGT ata o ano 2026... (O señor Fernández Alfonso pronuncia palabras que non se perciben.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): ¡Silencio!

A señora CONSELLEIRA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza): ...que está adecuadamente negociado entre as partes negociadoras do convenio.

Eu non estou sinalando a CIG. Eu simplemente estou dicindo a realidade. Díxoo vostede: o sindicato que presentou e que levou os seus traballadores representados ao proceso xudicial foi a CIG; non foi nin a UGT nin Comisións Obreiras. Entón, eu simplemente estou dicindo a realidade. A situación na que a CIG puxo os traballadores é a dun conflito xudicial. A Xunta intentou facer unha mediación. A Xunta, sempre, e a Consellería, sempre, apostamos por solucións negociadas, nunca por procesos xudiciais. ¡Que casualidade que nos comités de empresa onde está a CIG —e dígoos porque teño os datos— habitualmente o que se fai é acabar en procesos xudiciais, mentres que hai outros sindicatos —esa é a realidade— que intentan negociar! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Polo tanto, eu o que lle estou dicindo é que vostedes están aconsellando iso aos seus traballadores, e por esa razón é pola que agora mesmo non podemos actuar. Simple e llanamente. É a única razón. Nós non imos intervir cando resulta que o que se está debatendo a nivel xudicial é precisamente, por unha banda, se a folga é ilegal ou non é ilegal, e cando hai demandas interpostas tanto pola parte empresarial como pola parte sindical.

Polo tanto, eu realmente si que creo que isto o está empregando con bastante pouco criterio, cun fin exclusivamente político e non pensando polo benestar dos traballadores, e nós non imos seguir por aí. Xa lle adianto que non imos seguir por aí. Nós imos estar en propostas de boa fe e en propostas realmente realistas *(Un señor deputado: ¡si, de boa fe!) para conseguir —¡Si, de boa fe!— non levar os traballadores a procedementos xudiciais moitísimo máis largos e nos cales, seguramente, non atopen solucións mellores para os seus dereitos e para as súas condicións laborais.*

Nada máis, moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora conselleira.

Imos á última pregunta da orde do día.

Pregunta de D. Martín Seco García e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións da Xunta de Galicia de construír un centro de atención residencial no concello de Ponteceso

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para facer a pregunta ten a palabra don Martín Seco.

O señor SECO GARCÍA: Grazas, presidenta.



Señora conselleira, Galicia ten un grave problema de envellecemento ante a falla de políticas efectivas do Goberno galego que freen esta tendencia. A porcentaxe de galegos maiores de sesenta e cinco anos xa supera en máis de dez puntos á de xoves menores de vinte anos, cun índice de envellecemento que xa alcanzou o douscentos sete por cento no ano 2022, sendo o segundo máis alto de toda España, setenta e oito puntos por encima da media estatal, que é do cento vinte e nove por cento.

Nesta situación, que, por suposto, é moito máis preocupante no noso rural, vemos que a propia Asociación Galega do Sector da Dependencia estima que o tempo de espera para unha praza pública, ou sostida con fondos públicos, é de entre nove e dez meses. Non imos falar do prazo para resolver un expediente de dependencia, que en Galicia supera os doce meses, ou da situación do servizo de axuda a domicilio e do pobre financiamento do Goberno galego, que afoga moitos concellos que non dan soportado a carga económica deste servizo —que é da súa competencia, conselleira—.

Nas comarcas de Bergantiños e de Costa da Morte esta situación preocupa, e moito, aos gobernos locais, e podemos ver situacións, como as que recollían os medios hai nove meses que contaban como unha gran dependente, de setenta e catro anos, de Malpica de Bergantiños, levaba esperando máis de dous anos para ingresar nunha residencia de maiores.

Conselleira, hai cinco anos, no ano 2018, o alcalde de Ponteceso reuníase con vostede para solicitarlles a construción dunha residencia de maiores. Nesa reunión, o alcalde comprometía a cesión duns terreos no centro do concello para a construción desta infraestrutura, pero a resposta foi que a Xunta de Galicia só tiña en previsión a construción destes recursos nas cidades galegas. Actualmente, o concello de Ponteceso ten preto de 5.500 habitantes e fai un grande esforzo para loitar contra o despoboamento do seu municipio, pero necesita da Administración autonómica para poder ofertar aos seus cidadáns uns servizos de calidade que fixen poboación no seu territorio porque, a pesar do esforzo do Concello por manter o servizo de axuda no fogar, tendo que achegar moitos recursos económicos que debera financiar —e repítollo— a Xunta de Galicia, por ser da súa competencia, este servizo non resolve toda a problemática que presentan as persoas maiores, que, nalgúns casos, necesitan unha atención de vinte e catro horas ao día.

Ponteceso ten máis de mil setecentos habitantes maiores de sesenta e cinco anos, o que supón o trinta e dous por cento da súa poboación, e conta cunha media de idade de cincuenta e dous anos, pero os concellos limítrofes, como poden ser Malpica, Laxe, Cabana ou Coristanco, tamén teñen as mesmas peculiaridades. Tendo en conta todas estas circunstancias e que só o concello de Cabana de Bergantiños ten un centro de día público, é fundamental que a veciñanza do oeste da comarca de Bergantiños conte cunha residencia de maiores que evite o éxodo dos seus habitantes cara a outros núcleos de poboación que dispoñan destes recursos, tendo en conta, ademais, que as familias das persoas que ingresan nunha residencia fóra do seu contorno teñen dificultades engadidas para manter un contacto habitual con elas.

Por todo iso, señora García, cinco anos despois da petición do alcalde, preguntámoslle como está esta solicitude e se a Xunta de Galicia considera necesario un centro de atención residencial neste concello.



Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Para dar resposta ten a palabra, por parte do Goberno, a conselleira de Política Social e Xuventude, dona Fabiola García.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE (García Martínez): Moitas grazas, presidenta.

Deputadas e deputados, moi boas tardes.

Señor Martín Seco, mellorar a calidade de vida das persoas maiores, vivan onde vivan, é, por suposto, un obxectivo prioritario para a Xunta de Galicia. Por iso, traballamos cada día sen descanso para que todas elas teñan as mellores atencións e o mellor coidado para que poidan desfrutar desta nova etapa das súas vidas, onde e como decidan, poñendo, por suposto, especial atención a todas as necesidades das persoas maiores que viven nos concellos máis pequenos, nos concellos con menor poboación ou nos concellos máis rurais da nosa comunidade.

Mire, no caso de Ponteceso, este compromiso da Xunta de Galicia maniféstase poñendo á disposición de todos os veciños deste pobo todos os servizos que facemos ou que fan posible que a súa vida sexa máis doada, pero tanto para eles como para os seus familiares. E pódolle dicir hoxe moitos exemplos: para o servizo de axuda no fogar —que lle recordo que é de competencia municipal e así o establece o artigo 11.f) da Lei de servizos sociais e, ademais, o artigo 60— destinamos 340.000 euros ao ano, para que as persoas maiores do concello reciban os coidados profesionais que tanto necesitan na súa propia casa. Por iso, puxemos en marcha neste concello unha Casa do Maior, onde reciben atención diúrna, totalmente gratuíta, cinco persoas maiores durante oito horas ao día. Ademais, está financiada integramente pola Xunta de Galicia. Ou poñemos á disposición tamén dos veciños o programa de Coidados porta a porta, isto é, servizos gratuítos de podoloxía ou de audioloxía e de estimulación da memoria, que xa foi unha vez ao concello de Ponteceso e que xa lle avanzo que volverá o próximo mes de abril. Está financiado tamén integramente pola Xunta de Galicia. Ou financiamos tamén ese servizo de Xantar na casa, que leva menús sans e equilibrados a todas as persoas maiores que viven soas e non poden cociñar. Polo tanto, a Xunta de Galicia si que está atendendo as necesidades das persoas maiores neste concello de Ponteceso e facémolo a través dunha ampla rede de servizos públicos. Unha rede á que, por suposto, se poderá sumar esa residencia de maiores pola que vos tedes me preguntan nesta iniciativa, pero pola que parece que o Goberno local non ten moito interese en construír.

Mire, dende a Xunta temos en marcha un Plan de investimentos destinado a todos os concellos de Galicia para que poidan construír, equipar e crear novos centros de servizos sociais: son 18,5 millóns de euros que poñemos á disposición de todos os concellos, pero o curioso é que o Concello de Ponteceso non se presentou a esta convocatoria, polo tanto, privou os veciños de Ponteceso de optar a ter unha residencia de maiores a carón da súa casa.



Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora conselleira.

Para a réplica ten novamente a palabra don Martín Seco.

O señor SECO GARCÍA: Grazas, presidenta.

Conselleira, o tempo pasa e a situación do envellecemento agrávase, cunha cidadanía que cada día ten menos tempo para poder atender os seus dependentes. Cos datos actuais, a pirámide poboacional de Galicia fará que dentro de trece anos teñamos 130.000 maiores de sesenta e cinco anos máis que neste momento. E vostede vén aquí falarnos das bondades da súa xestión e, como sempre, tirar balóns fóra cara aos concellos e, senón, cara ao Goberno do Estado. Malpica e Ponteceso teñen máis de mil setecentos habitantes maiores de sesenta e cinco anos; Laxe, máis de novecentos; Cabana de Bergantiños, máis de mil catrocentos e Coristanco, máis de mil novecentos. E vostedes seguen sen atender as súas necesidades, nunha comarca que recibe o abandono sistemático da Administración galega para poder ser competitiva e darlles un futuro a aqueles que desexan quedar a vivir nestes concellos e outros novos que puidesen chegar.

Hai cinco anos, vostede dicía que na súa consellería só tiñan en previsión a construción destes recursos nas grandes cidades galegas, pero estes só van chegar pola xenerosidade da Fundación Amancio Ortega; por certo, unha xenerosidade que tamén dotou a sanidade pública de máquinas para a loita contra o cancro, pero, que o señor Feijóo cedeu sen pudor a unha entidade privada. (*Aplausos.*) Agora vemos nos medios de comunicación un cambio de criterio e anuncian que concellos, como Santa Comba e Ribeira, poderán optar a estas infraestruturas. Só espero que estes anuncios non queden nun mero reclamo electoral do Partido Popular, pero, se ese é o novo criterio da Consellería, poderían atender as necesidades de Ponteceso e da súa comarca e, a pesar de non ser un concello gobernado polo Partido Popular, contribuír para mellorar as condicións de vida das persoas maiores de Ponteceso e das súas familias, e, ao mesmo tempo, colaborar no marco de acción do Plan de impulso demográfico de Galicia cunha medida que afianza poboación.

O feito de que vostede recorra a ese argumento de que non foron a este tipo de solicitude, cando sabe vostede que isto é unha solicitude dende hai cinco anos, dá bastante pena polo pobre da súa xestión e por non falar cos alcaldes do noso territorio.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Réplica do Goberno.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE (García Martínez): Mire, señor Martín Seco, eu aquí non veño contar bondades; eu aquí veño contar realidades e veño contar todo o que está facendo a Xunta de Galicia en todos os concellos galegos e, por suposto,



tamén nese concello polo que vostede me pregunta hoxe. Mire, ¡si!, mudamos de opinión. Non soamente se están a construír sete residencias nas sete grandes cidades, por suposto, financiadas pola Fundación Amancio Ortega, á cal lle estamos moi agradecidos por poñer á disposición das persoas maiores de Galicia estes centros que van ser únicos, non só a nivel galego, senón a nivel nacional e a nivel internacional.

Pero, imos ver, se o alcalde de Ponteceso tanto interese ten en construír un centro residencial, ¿por que non se presentou a unha convocatoria de 18,5 millóns de euros? Son 1,2 millóns de euros aos que podería optar para construír un centro residencial. Se o alcalde ou o equipo non se presentaron, entendo que non teñen interese en construír este centro de atención ás persoas maiores. Por certo, é unha convocatoria á que xa se presentaron preto de cen alcaldes. Debe ser un dos poucos alcaldes que necesita un centro e que non se presentou a esta convocatoria.

Pero, miren, o Concello de Ponteceso ten moitas cousas que mellorar se quere continuar atendendo as persoas maiores do seu concello. Díciálle que eran máis de 350.000 euros os que investimos no servizo de axuda no fogar, de competencia municipal. Se o alcalde estivese comprometido co concello e estivese comprometido cos seus veciños debería executar todas esas horas que ten á disposición no servizo de axuda no fogar e atender toda esa lista de espera que ten pendente aínda de atender. Son persoas maiores que non teñen tempo que esperar, senón que necesitan eses profesionais na súa casa, no seu propio fogar para atendelos, para coidalos e para mimalos cada día.

Polo tanto, dende a Xunta imos seguir traballando para poñer cada vez máis recursos á disposición dos concellos máis pequenos, para que poidan construír centros de día, para que poidan construír residencias, centros de servizos sociais ou vivendas comunitarias. Pero, ademais, imos continuar achegando máis fondos para o servizo de axuda no fogar; imos continuar acercando máis unidades móbiles, como as unidades de Coidados porta a porta, con servizos gratuítos de podoloxía, de audioloxía e de estimulación da memoria; imos continuar coidando, señor Martín Seco, de quen coidou de nós.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Rematada esta pregunta, remata con ela a sesión.

Moi bo día a todos.


Remata a sesión ás dúas e trinta e dous minutos da tarde.



RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Aira Díaz, María del Carmen	(BNG)	39. Pardo López, Adrián	(P)
2. Álvarez Martínez, Luis Manuel	(S)	40. Pazos Couñago, José Alberto	(P)
3. Amigo Díaz, María Encarnación	(P)	41. Pérez Domínguez, Fernando	(P)
4. Arangüena Fernández, Pablo	(S)	42. Pérez Fernández, Rosana	(BNG)
5. Arias Rodríguez, Raquel	(P)	43. Pérez López, Daniel	(BNG)
6. Armada Pérez, José Antonio	(P)	44. Pérez López, Noelia	(P)
7. Balseiro Orol, José Manuel	(P)	45. Pomar Tojo, Carmen María	(P)
8. Bará Torres, Xosé Luís	(BNG)	46. Pontón Mondelo, Ana	(BNG)
9. Caballero Miguez, Gonzalo	(S)	47. Porro Martínez, María Corina	(P)
10. Cachafeiro Anta, Belén	(P)	48. Prado Cores, María Montserrat	(BNG)
11. Calvo Pouso, Diego	(P)	49. Prado del Río, Paula	(P)
12. Candia López, María Elena	(P)	50. Prado Patiño Jesús Miguel	(P)
13. Carballo Páez, Ramón	(P)	51. Presas Bergantiños, Noa	(BNG)
14. Carreira Pazos, Iria	(BNG)	52. Puy Fraga, Pedro	(P)
15. Castro García, Daniel	(BNG)	53. Queixas Zas, Mercedes	(BNG)
16. Castro Rey, Paloma	(S)	54. Rey Varela, José Manuel	(P)
17. Conde López, Francisco José	(P)	55. Ríos Santomé, Paulo	(BNG)
18. Díaz Mouteira, María Sol	(P)	56. Rivas Cruz, Xosé Luís	(BNG)
19. Díaz Varela, Noa Susana	(S)	57. Rodeiro Tato, Ovidio	(P)
20. Egerique Mosquera, Teresa	(P)	58. Rodil Fernández, Olalla	(BNG)
21. Fernández Alfonzo, Ramón	(BNG)	59. Rodríguez Carrera, María Felisa	(P)
22. Fernández Gómez, Alexandra	(BNG)	60. Rodríguez Dacosta, María del Carmen	(S)
23. Ferro Iglesias, José Luis	(P)	61. Rodríguez Pérez, Moisés	(P)
24. Freire Vázquez, María Begoña	(P)	62. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María	(P)
25. Gallego Sanromán, María Leticia	(S)	63. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña	(S)
26. García Vidal, Ana Belén	(P)	64. Rueda Valenzuela, Alfonso	(P)
27. Gómez Salgado, Carlos	(P)	65. Salido Maroño, María Belén	(P)
28. González Albert, María	(BNG)	66. Santalices Vieira, Miguel Ángel	(P)
29. González Iglesias, María do Carme	(BNG)	67. Santos Costa, Manuel	(P)
30. López Sánchez, Rosalía	(P)	68. Sanz Arias, Cristina	(P)
31. Lourenzo Sobral, Manuel Antonio	(BNG)	69. Seco García, Martín	(S)
32. Lorenzo Gómez, Rubén	(P)	70. Suárez Sarmiento, María Elena	(P)
33. Murillo Solís, María Guadalupe	(P)	71. Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago	(BNG)
34. Nóvoa Iglesias, Marta	(P)	72. Torrado Quintela, Julio	(S)
35. Ojea Arias, Eduardo	(S)	73. Vázquez Domínguez, Sandra	(P)
36. Ortega Otero, Marina	(S)	74. Vega Pérez, Daniel	(P)
37. Otero Lago, Noelia	(S)	75. Vereza Fraiz, Borja	(P)
38. Otero Rodríguez, Patricia	(S)		





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

